

Contrato global para persoas físicas

Este documento e o formulario de
apertura regulan a relación contractual
xurdida entre o asinante ou os
asinantes e Triodos Bank

índice

Condicións xerais

SECCIÓN 1

CONDICIÓN XERAS

pág. 04

SECCIÓN 2

SERVIZOS DE BANCA A DISTANCIA

pág. 32

SECCIÓN 3

CONTRATO MARCO APLICABLE AOS CONTRATOS
GLOBAIS E DE PRODUTO PREVISTOS NA LEI DE
SERVIZOS DE PAGAMENTO

pág. 37

Anexos: condicións particulares de produtos e servizos

ANEXO A

CUENTA CORRIENTE TRIODOS

pág. 53

ANEXO B

CUENTA TRIODOS

pág. 59

ANEXO D

CUENTA INFANTIL TRIODOS

pág. 64

ANEXO E

CUENTA VIVIENDA TRIODOS

pág. 68

ANEXO F

CUENTA NUEVA EMPRESA TRIODOS

pág. 73

ANEXO G

DEPÓSITO TRIODOS

pág. 77

ANEXO J

TARJETA DÉBITO TRIODOS

pág. 80

ANEXO K

TARJETA CRÉDITO TRIODOS

pág. 93

ANEXO L

CUENTA PLAN

pág. 109

//sección 1

Condições xerais

1. OBXECTO DO CONTRATO, ENTRADA EN VIGOR

1.1. Información relativa a Triodos Bank NV Sucursal en España

Triodos Bank NV Sucursal en España (en adiante, Triodos Bank NV S.E. ou o Banco), con CIF W0032597G e domicilio social na rúa José Echegaray 5, Parque Empresarial Las Rozas, 28232 Las Rozas (Madrid), está inscrito no Rexistro Mercantil de Madrid, tomo 18.314, libro 0, folio 150, sección 8, folia M-317563, inscrición 1.a e no Rexistro Administrativo Especial a cargo do Banco de España (Rexistro de Bancos) co número 1491.

Triodos Bank NV S.E. é a sucursal española da sociedade anónima de nacionalidade holandesa Triodos Bank NV, entidade de crédito con domicilio social en Nieuweroordweg 1, PP Box 55, 3700 AB Zeist (Países Baixos), autorizada e rexistrada no Banco Central dos Países Baixos e inscrita na Cámara de Comercio de Utrecht co número 30062415.

Triodos Bank NV S.E. opera baixo a supervisión do Banco de España (rúa Alcalá, 48 – 28014 Madrid), en materia de liquidez, transparencia e normas de interese xeral,

da Comisión Nacional do Mercado de Valores (www.cnmv.es) e do Banco Central dos Países Baixos.

O sistema de garantía de depósitos responsable é o Sistema de Garantía de Depósitos neerlandés creado por disposición legal, administrado por De Nederlandsche Bank N.V. (DNB); Postbus 98, 1000 AB Amsterdam; enderezo: Westeinde 1, 1017 ZN Amsterdam; teléfono (horario de atención en días laborais de 9.00 a 17.00 horas): desde os Países Baixos: 0800-0201068, desde o estranxeiro: +31 20 524 91 11; correo electrónico: dgs@dnb.nl; sitio web: <http://www.dnb.nl>, na sección «Depositogarantiestelsel» (Sistema de Garantía de depósitos) da que se pode obter información adicional e en www.triodos.es.

Os certificados de depósito para accións (CDA) non están cubertos polo devandito Sistema de Garantía de Depósitos.

1.2. Obxecto

As presentes Condições Xerais, así como as condicións particulares de produtos e servizos (en adiante tamén denominadas Condições Particulares), contempladas nos anexos do presente Contrato Global (en adiante, o Contrato) rexen a relación

xurídica entre o Cliente e Triodos Bank NV S.E. e regulan as condicións dos diferentes produtos e servizos que en cada momento lles ofrezca Triodos Bank NV S.E. aos seus Clientes a través dos medios que o Banco habilite en cada momento (Banca Telefónica, Banca Internet, correo postal, de forma presencial nas oficinas do Banco, etc.).

Tamén se regulan nestas Condicións Xerais as fórmulas para efectuar operacións, consultas e comunicacións entre o Cliente e o Banco. Igualmente, resultan aplicables ás relacións entre o Cliente e Triodos Bank NV S.E. o Libro de Tarifas, Comisións e Gastos Repercutibles a Clientes (en adiante, o Libro de Tarifas) e o Taboleiro de Anuncios de Triodos Bank NV S.E., que poderán ser actualizados consonte o previsto no presente Contrato.

A dita documentación e o presente Contrato, cos seus Anexos, estarán en todo momento dispoñibles en soporte duradeiro susceptible de arquivo e impresión para o Cliente na páxina web de Triodos Bank NV S.E. (www.triodos.es) e nas oficinas do Banco. O Cliente asegura que tivo acceso a estes coa suficiente antelación e con carácter previo á súa efectiva contratación, e que dispón dos medios de acceso á web a través de Internet. Así mesmo, recoñece que tivo dispoñible toda a información precontractual sobre os produtos ou servizos ofertados polo Banco e que recibiu coa suficiente antelación as explicacións axeitadas sobre estes.

A aceptación do presente Contrato faculta o Cliente para contratar produtos e servizos, ordenar operacións, impartir instrucións, acceder á información sobre os produtos ou servizos contratados, todo isto mediante os medios ou canles

que habilite Triodos Bank NV S.E. en cada momento (Banca Telefónica, Banca Internet, correo postal, de forma presencial nas oficinas do Banco, etc.), para o que ha de utilizar os mecanismos de identificación e os sistemas de claves que Triodos Bank NV S.E. lle facilitará para tales efectos. A regulación contractual para operar a distancia atópase na sección II, Banca a Distancia, deste Contrato.

De actuar o Cliente titular ou un dos cotitulares ou intervinientes no eido da súa actividade de negocio (empresarial ou profesional), considerarase que o resto dos cotitulares actúa igualmente no devandito eido. En tal caso de actuación no eido de negocio (empresarial ou profesional), os cotitulares ou intervinientes non terán a consideración de consumidores, para os efectos do establecido no artigo 3 do texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e no resto de normativas de desenvolvemento. Por tanto, ao carecer o Titular –ou calquera dos cotitulares ou intervinientes, de ser varios– da condición de consumidor(es) ou usuario(s), non resultarán aplicables á relación entre o Banco e estes as cláusulas 36 a 39 da Sección III deste contrato (relativas ao regulamento dos servizos de pagamento), nin o Título III da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento (en adiante, tamén LSP), nin os artigos 24.1 e 25.1, último inciso do primeiro parágrafo, 30, 32 a 34, 37 e 45 da devandita lei, e os seus posibles desenvolvementos.

Así mesmo, as partes acordan neste suposto a non aplicación da Orde EHA/1608/2010, do 14 de xuño, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento, nin das normas que deseguido, e a título exemplificativo e

non limitativo, se citan: Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo; Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores; Circular 5/2012, do 27 de xuño, do Banco de España, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de empréstitos; e a Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, relativa á transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, agás se para algún aspecto concreto se establece expresamente o contrario no presente Contrato.

Todos os produtos do Banco operan en euros. Enténdese por euro a moeda de curso legal en España, na súa condición de actual membro da Unión Económica e Monetaria da Unión Europea.

1.3. Prevalencia das Condicións Particulares e Especiais

En caso de discrepancia, as Condicións Particulares prevalecerán sobre as presentes Condicións Xerais. Tamén poderán existir outras condicións acordadas polo Cliente e polo Banco que se aplicarán a operacións específicas ou servizos prestados polo Banco. Na medida na que estas Condicións Xerais entren en conflito con calquera outra Condición Especial, prevalecerán as devanditas condicións especiais.

1.4. Entrada en vigor do Contrato e modificacións

A entrada en vigor do presente Contrato e o comezo da relación de negocio entre o Cliente e Triodos Bank NV S.E. queda condicionada:

a) Á recepción nas oficinas do Banco dos seguintes documentos:

- Formulario ou contrato de apertura debidamente cuberto e asinado.
- Fotocopia de DNI/ NIF ou NIE en vigor do Cliente (requirimento aplicable tamén aos menores de idade para contratar unha Conta Infantil), aínda que non teñan a obrigaición legal de ser titulares dun DNI.
- Calquera outro documento razoablemente requirido polo Banco, co fin de cumprir a normativa que en cada momento se atope en vigor en relación coa prevención do branqueo de capitais, o financiamento do terrorismo ou calquera outra normativa fiscal ou doutro tipo que puidese resultar aplicable.

Para estes efectos, e de conformidade coa mencionada normativa vixente sobre prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo, o Cliente comprométese a atender os requirimentos de información ou documentación que o Banco lle poida efectuar para a confirmación da súa identidade, da fonte dos seus ingresos ou da actividade profesional ou de negocio. Igualmente, o Cliente autoriza o Banco para que este poida solicitar no seu nome, a calquera entidade pública ou privada, a información ou a documentación necesaria para confirmar a súa identidade ou actividade empresarial ou de negocio.

b) A que o proceso de identificación do Cliente supere os procedementos de seguridade de Triodos Bank.

O Banco poderá cancelar en calquera momento a contratación no caso de que xurdan incidencias non emendadas durante o proceso de identificación ou de que transcorra o prazo dun (1) mes sen que se cumpran as esixencias

documentais, de información ou de seguridade, esixidas polo procedementos de Triodos Bank e polos requirimentos estipulados na normativa vixente.

O presente Contrato é de duración indefinida e permanecerá en vigor en tanto non sexa obxecto de modificación por parte de Triodos Bank ou, se for o caso, de resolución consonte o previsto na cláusula décimo cuarta deste Contrato.

Agás que a normativa vixente estableza un prazo distinto de aviso previo, o Banco poderá modificar este Contrato e informará desta modificación mediante o envío dunha comunicación individualizada en papel ou noutro soporte duradeiro cunha antelación mínima dun mes antes da entrada en vigor da devandita modificación. Naqueles casos nos que sexa posible, consonte a normativa aplicable en cada un, esta comunicación individualizada poderá ser substituída pola publicación das modificacións pertinentes ou do novo texto do Contrato na páxina web do Banco, coa inclusión da referencia ás modificacións no Taboleiro de Anuncios cunha antelación mínima de dous (2) meses á súa entrada en vigor. Porén, as modificacións relativas aos servizos de pagamento notificaranse coa antelación prevista na sección III e as que supoñan melloras para o Cliente entrarán en vigor de forma inmediata.

En caso de que o Cliente non acepte as modificacións do Contrato ou do produto ou servizo afectado por estas, poderá resolver o Contrato ou o produto ou servizo de que se trate sen incurrir en custo ningún. Unha vez transcorridos os prazos mencionados no parágrafo anterior sen o Cliente se pronunciar sobre o dereito a resolver o Contrato, en-

tenderanse aceptadas as modificacións efectuadas.

A respecto do Libro de Tarifas e do Taboleiro de Anuncios, estes modificaranse consonte o indicado no apartado 4 das Condicións Xerais do presente Contrato e na normativa vixente, e serán comunicados ao Cliente cando dita notificación sexa preceptiva, de acordo coa normativa en vigor.

2. CUENTA CORRIENTE TRIODOS

Para os efectos de facilitar a operativa das relacións entre Triodos Bank NV S.E. e o Cliente, este deberá ser titular dunha Cuenta Corriente Triodos, que resultará en todo caso un instrumento necesario para efectuar determinadas operacións de pagamento, domiciliacións ou para a contratación de produtos e servizos adicionais. A mencionada Cuenta Corriente Triodos atópase regulada, ademais de polas presentes Condicións Xerais, polas Condicións Particulares da Cuenta Corriente Triodos contempladas no anexo A. Malia o anterior, para a contratación de determinados produtos, en cuxa regulación concreta non se prevexa esta esixencia, non será necesario contratar unha Cuenta Corriente Triodos previa ou simultaneamente ao outro produto.

A Cuenta Corriente Triodos operará en euros. Enténdese por euro a moeda de curso legal en España, na súa condición de actual membro da Unión Económica e Monetaria da Unión Europea.

3. CLASIFICACIÓN DO CLIENTE EN CASO DE COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS DE INVESTIMENTO

Por defecto, e salvo comunicación escrita noutro sentido, Triodos Bank NV S.E. outórgalles aos seus Clientes, en relación cos produtos ou servizos de investimento, a protección e os dereitos reservados á categoría de cliente polo miúdo, de conformidade coa Directiva europea sobre mercados de instrumentos financeiros (2004/39/CE) e coa normativa española de transposición, a Lei 47/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores e o Real Decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento.

Consonte a normativa vixente na materia, o Cliente ten dereito a solicitar cambios na clasificación realizada polo Banco. Para iso deberá cursar a súa petición por escrito, por Banca Internet, mediante caixa de correos securizado ou por Banca Telefónica utilizando as claves persoais de identificación e subministrando todos os datos ou información que para estes efectos o Banco puidese requirir. Unha vez analizada e verificada coa normativa vixente na materia a solicitude realizada polo Cliente, o Banco comunicará a nova clasificación asignada ou a denegación da mesma. O Cliente faise responsable da veracidade e exactitude da información proporcionada e exonera o Banco de calquera responsabilidade ou dano derivado da inexactitude ou ausencia de veracidade da mesma.

4. LIBRO DE TARIFAS E TABOLEIRO DE ANUNCIOS

4.1. No que concirne ás condicións dos produtos e servizos de Triodos Bank NV Sucursal en España referidas a taxas nominais de xuro, á Taxa Anual Equivalente (en adiante, TAE) e aos prazos e características esenciais dos produtos son as que figuran no Taboleiro de Anuncios e na Ficha de Información Precontractual de cada produto publicada na web. Pola súa banda, as comisións aplicables aos produtos e servizos, gastos repercutibles e normas de valoración están indicadas no Libro de Tarifas, igualmente publicado na web do Banco.

A periodicidade da devindicación e pagamento dos xuros pactados será a prevista nas Condicións Particulares de cada produto. Os xuros devindicaránse diariamente, aínda que a súa liquidación e aboamento, consonte o pactado, serán preferentemente de carácter mensual. Agás se nas Condicións Particulares dalgún produto se establece outra cousa, o aboamento en conta dos xuros devindicados en depósitos á vista producirase o primeiro día do mes natural seguinte ao(s) incluído(s) no período de liquidación. Pola súa banda, e agás pacto especial, nos depósitos a prazo, o pagamento dos xuros devindicados producirase na data do vencemento do depósito ou na data efectiva da súa cancelación, no caso de cancelación anticipada. Nese caso, aplicaranse as comisións correspondentes.

Poderánselle repercutir ao Cliente os gastos de envío por correo, teléfono ou mensaxería polas comunicacións efectuadas a través de terceiros en relación cos produtos ou servizos contratados.

O exemplar do Libro de Tarifas, así como o exemplar do Taboleiro de Anuncios de Triodos Bank, están dispoñibles en so-

porte duradeiro susceptible de arquivo e impresión na páxina web do Banco (www.triodos.es), así como en calquera das oficinas de Triodos Bank en España.

4.2. Triodos Bank resérvase a facultade de modificar as taxas de xuro, as comisións e os gastos repercutibles, previa comunicación ao Cliente por algún dos seguintes medios:

- a) Comunicación individual, cun (1) mes de antelación á entrada en vigor das modificacións.
- b) Publicación na súa páxina web das novas tarifas e tipos, con polo menos un (1) mes de antelación á súa entrada en vigor.
- c) Publicación no Taboleiro de Anuncios, e tamén na web do Banco (www.triodos.es), con polo menos un (1) mes de antelación á súa entrada en vigor.

As modificacións en xuros, comisións e gastos ou noutras condicións dos produtos ou servizos de Triodos Bank que impliquen unha vantaxe para o Cliente, serán aplicables de forma inmediata.

As modificacións das tarifas e comisións relativas aos servizos de pagamento da sección III non entrarán en vigor até que transcorran dous (2) meses desde a súa publicación, no caso de que o Cliente sexa considerado consumidor ou usuario. Porén, poderanse aplicar de xeito inmediato todas aquelas modificacións que, inequivocamente, resulten máis favorables para os usuarios de servizos de pagamento.

5. TITULARIDADE

5.1. O Contrato Global Triodos para Per-

soas Físicas e a totalidade dos produtos e servizos regulados ao abeiro deste, cuxa natureza é sempre nominativa e intransferible, poderán ser da titularidade dun ou máis Clientes (conxuntamente denominados «o Cliente» para os efectos deste Contrato), sempre que, de seren varios: (i) todos eles sexan persoas físicas maiores de idade residentes en España; (ii) todos eles sexan persoas físicas maiores de idade non residentes en España, e (iii) sempre que a natureza destes o permita, previo cumprimento dos requisitos legais aplicables en cada momento, en particular os relativos á obtención dun número de identificación de estranxeiro. Os Titulares non residentes deberán acreditar a dita condición nos termos previstos na cláusula 22ª deste contrato e no Real Decreto 1816/1991, do 20 de decembro, sobre transaccións económicas co exterior, ou na normativa que, no sucesivo, a desenvolva, modifique ou substitúa. O Cliente deberá comunicar ao Banco calquera variación nos datos subministrados sobre a súa residencia de forma inmediata, asumindo aquel integramente as consecuencias de calquera índole, mesmo de carácter tributario ou fiscal, que se puidesen derivar pola ausencia da dita comunicación. Triodos Bank N.V. non admite clientes cuxa residencia sexa Estados Unidos (EUA) ou os distintos territorios norteamericanos baixo supervisión da U.S. Securities and Exchange Commission —SEC— (actualmente: Porto Rico, Samoa Americana, Illa Mariana do Norte, Guam, Illas Virxes Americanas e Illas Menores dos EUA).

De se tratar dunha Cuenta Infantil, a titularidade poderá ser dun menor de idade, pero o seu réxime de disposición deberá asignarse necesariamente a un

ou a ambos os proxenitores (no caso de menores suxeitos a patria potestade) ou ao(s) seu(s) representante(s) legal/ legais, no caso dos menores sometidos a tutoría.

5.2. En caso de cotitularidade da Cuenta Corriente Triodos ou de calquera outro produto ou servizo, entenderase que o réxime de disposición e administración é de carácter solidario ou indistinto de cada un dos cotitulares. Excepcionalmente, e tras a aprobación expresa polo Banco, autorizaranse pactos expresos de mancomunidade, ou de disposición conxunta, que se formalizarán por escrito por todos os Clientes e que estarán sempre sometidos ás posibilidades que permitan os procedementos técnicos, operativos e de seguridade do Banco.

5.3. Se se levan a cabo contratacións de produtos ou servizos ordenadas por un dos cotitulares solidarios dunha Conta, a operación entenderase sempre realizada por parte de todos os cotitulares desta, salvo que: (i) por imperativo da normativa reguladora da operación de que se trate, esta se deba referir a un único titular, ou (ii) o cotitular solidario especifique expresamente que a operación financeira contratada se atribúa á súa soa e exclusiva titularidade. Neste caso, Triodos Bank atribuiralle a titularidade da operación en cuestión exclusivamente ao Cliente cotitular que contratou a devandita operación financeira. Así mesmo, todos os cotitulares solidarios autorízanse e apodéranse reciprocamente para que calquera deles poida exercer fronte ao Banco todos os dereitos derivados deste Contrato ou do contrato do produto ou servizo de que se trate, de xeito que cada un deles actúe fronte ao Banco como representante de todos os cotitulares solidarios.

5.4. En caso de que o Titular do produto ou servizo financeiro de que se trate teña a condición de incapacitado legalmente ou sexa menor de idade, actuará sempre representado polo representante legal ou titor nomeado para o efecto, quen poderá realizar as operacións financeiras que considere en nome do seu representado e proporcionaránselle as correspondentes claves de Banca a Distancia. De recuperar o incapacitado a capacidade de obrar ou de acadar a maioría de idade o menor, os produtos e servizos contratados e as claves de Banca a Distancia dos representantes legais quedarán bloqueadas até que o Titular regularice a situación dos produtos ou servizos contratados, asuma formalmente o presente Contrato e os dos produtos contratados, se recoñeza a súa sinatura e obteña as súas propias claves de banca a distancia.

5.5. Todos os Clientes cotitulares da Cuenta Corriente Triodos, ou de calquera produto ou servizo, aceptan de forma expresa responder solidariamente fronte a Triodos Bank polas actuacións de todos e cada un dos cotitulares, así como de todas as obrigas dimanantes do presente Contrato, incluídas as dos produtos ou servizos que se contraten no futuro, aceptando expresamente o asentamento na Cuenta Corriente Triodos, ou en calquera outro produto, dos cargos e aboamentos correspondentes por calquera concepto, incluídos os procedentes de recibos, domiciliacións e aboamentos, aínda que figuren a nome dun só ou dalgún(s) dos cotitulares e a operación sexa ordenada por calquera deles.

No suposto de que un cotitular manifeste unilateralmente a súa intención de non figurar como tal no produto

contratado, o Banco poderá acceder a esta petición, sempre que non concorra xusta causa que impida atender a dita petición (a título de exemplo, inclúense os supostos de: incumprimento das presentes Condicións Xerais ou Particulares do produto contratado, a existencia de descubertos, de débedas pendentes ou doutros produtos vinculados, que non se cancelaran e cuxo mantemento esixise a titularidade dunha Conta por parte da persoa que solicitase a baixa). O cotitular que desexa abandonar a súa condición no produto contratado, asume a responsabilidade de pór en coñecemento dos restantes cotitulares esa circunstancia e de acreditarlo perante o Banco, en caso de que así se lle requirise.

5.6. No tocante á cancelación dos produtos e servizos contratados, a resolución do presente Contrato, os outorgamentos, modificacións, renunciacións ou revogacións das facultades dos Clientes e autorizados, así como o cambio de domicilio para comunicacións que se formalicen a petición dos Clientes, requirirase o consentimento inequívoco de todos os Clientes cotitulares. O dito consentimento deberá ser posto en coñecemento do Banco a través de carta certificada con xustificante de recepción ou de calquera outro medio que acredite a súa recepción por parte do Banco.

5.7. No suposto de falecemento do Cliente único titular ou dalgún dos Clientes cotitulares, o Banco esixiralle a acreditación do cumprimento das obrigas fiscais, civís ou mercantís que resulten da aplicación da norma. Igualmente, os cotitulares obríganse a comunicarlle ao Banco as restricións da capacidade de obrar de calquera deles.

a) En caso dun único titular falecido, a Conta ou o produto ou servizo financeiro de que se trate será bloqueado por precaución, até que se lle acredite ao Banco a condición dos seus habente-dereitos e a liquidación dos impostos correspondentes.

b) As autorizacións e apoderamentos concedidos entenderanse revogados co falecemento do Titular único.

c) Se o falecido é un cotitular de contas ou produtos de titularidade mancomunada ou solidaria, o saldo proporcional da conta ou produto de que se trate correspondente ao cotitular falecido poderá permanecer bloqueado até que se lle acredite ao Banco a condición dos seus habente-dereitos e a liquidación dos impostos correspondentes.

d) Para o caso de falecemento dun cotitular solidario da Conta, ou do produto ou servizo financeiro de que se trate, os Titulares recoñecen o mantemento da solidariedade na disposición de fondos, con independencia da obriga de lle acreditar ao Banco o cumprimento das obrigas civís e fiscais correspondentes.

5.8. En atención ás especiais características de Triodos Bank, unha entidade de crédito coa misión, desde as súas orixes, de contribuír a un cambio positivo e sostible da sociedade e do planeta, mellorando a calidade da vida das persoas desde a súa actividade no sistema financeiro, así como de fomentar un uso responsable do diñeiro, conta cuns criterios de investimento excluínates e de mantemento de relacións de negocio con empresas ou persoas que desenvolvan actividades contrarias aos criterios do Banco, criterios que se atopan á

disposición do público na páxina web do Banco. O Cliente declara que coñece e acepta estas políticas. Por iso, en caso de que o potencial Cliente desenvolva de forma acreditada actividades contrarias á filosofía e á ética do Banco, este resérvese expresamente o dereito a denegar o inicio da relación de negocio coas mencionadas empresas ou persoas.

5.9. A adquisición da condición de Cliente titular dos produtos ou servizos financeiros de que se trate e de parte do Contrato requirirá superar os procesos de identificación e seguridade establecidos en cada caso polo Banco. No suposto de contratación a distancia, requirirase que o primeiro ingreso do Cliente proveña dunha conta bancaria da súa titularidade aberta nunha entidade de crédito establecida en España. Se o devandito primeiro ingreso se realiza mediante cargo domiciliado, as cantidades ingresadas non resultarán dispoñibles para o Cliente até que transcorran os prazos que a lexislación vixente estableza en cada momento para a súa devolución ou anulación. Para os efectos de identificación e para os casos nos que resulte preciso, na circunstancia de novos clientes que contraten como primeiro produto unha Cuenta Triodos e que non foran identificados presencialmente por calquera dos medios previstos na lexislación vixente, o Cliente autoriza a Triodos Bank para que utilice o procedemento de «Solicitud de confirmación de datos sobre titularidade de contas entre entidades», mediante o que o Banco poderá solicitar a outra entidade que lle confirme datos relacionados coa titularidade da conta, asegurándose de que o primeiro ingreso procede dunha conta cuxa titularidade se corresponda co mesmo Cliente.

Ademais, para estes mesmos efectos identificativos, o Banco poderá requirir o Cliente, con carácter previo á súa admisión, documentación xustificativa da súa titularidade na conta da entidade de crédito desde a que se realiza o primeiro ingreso. Esta documentación deberase considerar suficiente a xuízo do Banco.

6. NOMEAMENTO DE PERSOAS AUTORIZADAS

6.1. O Cliente poderá autorizar que terceiras persoas físicas poidan realizar no seu nome e representación consultas e efectuar disposicións de fondos con cargo a cada un dos produtos ou servizos que teña contratados con Triodos Bank. Para ese efecto, os Clientes titulares da Cuenta Corriente Triodos ou do produto de que se trate, e a persoa ou persoas autorizadas, subscribirán e asinarán o correspondente documento referido á Cuenta Corriente Triodos e a todos os produtos e servizos que dela deriven. Triodos Bank poderá requirir certa documentación precise para a correcta identificación das persoas autorizadas, consonte a lexislación vixente, os requirimentos e procedementos de seguridade e identificación do Banco e as disposicións deste Contrato, e mesmo denegarlles a facultade de operar a aqueles autorizados que non estean debidamente identificados conforme a estas disposicións.

6.2. Os Clientes autorizantes asumen expresamente a totalidade das operacións de calquera tipo que poidan efectuar as persoas autorizadas con cargo aos produtos ou servizos que teñan contratados e aos que se refira a autorización, así como a totalidade dos cargos

e aboamentos e demais consecuencias que deriven de tales operacións.

6.3. O autorizado poderá renunciar á autorización recibida. A renuncia farase efectiva mediante escrito dirixido ao Banco ao enderezo indicado no presente Contrato e hase de xustificar que se puxo en coñecemento do Cliente autorizante a devandita renuncia.

6.4. O nomeamento polo Cliente de autorizados non residentes deberá instrumentarse en escritura pública. O Banco tamén se reserva o dereito de non aceptar as autorizacións a non residentes, de apreciar riscos especiais ou de non superaren os requirimentos establecidos nos procedementos de seguridade do Banco.

6.5. No suposto de que se nomeen varias persoas autorizadas sobre unha mesma conta ou produto, agás instrución expresa en contrario, entenderase que actúan de xeito solidario entre elas e co(s) Titular(es) da Conta ou produto contratado.

7. EXECUCIÓN DE ORDES

Triodos Bank NV S.E. executará as ordes recibidas dos Clientes conforme aos procedementos previstos neste Contrato coa maior brevidade e coa dilixencia esixible, salvo que existan causas alleas ao Banco que o impidan ou se trate de operacións sometidas ás restricións derivadas da aplicación dos sistemas de seguridade implantados en garantía dos propios Clientes ou da normativa aplicable, especialmente a referida ao branqueo de capitais.

O Banco resérvase a posibilidade de bloquear a execución de operacións cando

se aprecie a concorrencia de circunstancias ou riscos especiais contemplados polos procedementos do Banco ou a normativa en vigor, incluíndo a relativa á prevención do branqueo de capitais ou a transaccións económicas co exterior.

8. DESCUBERTOS

8.1. O Cliente deberá manter as contas abertas con Triodos Bank NV S.E. reguladas ao abeiro do presente Contrato con fondos suficientes en todo momento.

8.2. En caso de descuberto, o Banco non estará obrigado a executar ningunha instrución ou orde de pagamento ou disposición, quedando así exento de responsabilidade polos danos que se puidesen producir pola non execución, total ou parcial, da orden ou instrución.

8.3. O Cliente deberá reintegrar de forma inmediata os saldos debedores (descubertos) nunha Conta ou produto de Triodos Bank NV S.E., sen necesidade de notificación ou requirimento algún.

8.4. O descuberto en conta devindica a favor de Triodos Bank NV S.E., desde a data na que se produciu e até a súa íntegra cancelación, o xuro por descuberto e as comisións e gastos previstos no Libro de Tarifas e no Taboleiro de Anuncios, que poderán ser modificados consonte as Condicións Xerais do Contrato e a normativa vixente en cada momento. Os xuros de demora ou descuberto liquidaranse coa mesma periodicidade que os xuros acredores e, unha vez cargados, capitalizaranse na Conta como maior saldo en descuberto e xerarán pola súa vez novos xuros de demora ou descuberto.

8.5. No caso de que se produzan descu-

bertos en contas con varios cotitulares, a regularización dos devanditos saldos en descuberto correspóndelles, fronte ao Banco, a todos os cotitulares da Conta, con independencia de que a operación que xerou o descuberto a realizase un só dos cotitulares.

8.6. O Banco resérvase o dereito a cubrir os descubertos en conta con fondos compensados de calquera outra conta ou produto que o Cliente manteña no Banco, incluídos expresamente os créditos ou outras operacións de activo, nos termos previstos para a compensación neste Contrato. Se o produto para compensar se atopa sometido a prazo, o Cliente faculta o Banco para a cancelación total ou parcial anticipada do saldo necesario para compensar o descuberto, o que suporía a devindicación das comisións e gastos que resulten de aplicación á cancelación anticipada. Igualmente, o Banco queda autorizado para proceder á venda, chegado o caso, de produtos de investimento do Cliente para cubrir co resultado da venda o descuberto existente.

8.7. De incorrer o Cliente en impagamentos ou descubertos, Triodos Bank NV S.E. procederá a notificar estas circunstancias aos ficheiros de incumprimento de obrigas pecuniarias aos que estea adherido.

8.8. Triodos Bank NV S.E. poderá exercer as accións que en dereito procedan até lograr a plena satisfacción das cantidades debidas por todos os conceptos. En caso de interposición de accións xudiciais bastará a presentación do(s) documento(s) que, en cada caso, correspondan, xunto coa certificación expedida por Triodos Bank NV S.E., na que se certifique o importe debido polo Cliente

por todos os conceptos.

9. PRODUTOS OU SERVIZOS ENGADIDOS CON POSTERIORIDADE

Triodos Bank NV S.E. poderá incluír no futuro, mediante os correspondentes anexos a este Contrato, as condicións contractuais particulares de novos produtos ou servizos no marco do presente Contrato, sen que isto implique novación deste. A sinatura do presente Contrato Global implica a aceptación das Condicións Particulares dos produtos e servizos actualmente ofertados e dos que se engadan con posterioridade e que sexan obxecto de contratación por parte do Cliente.

10. APERTURA DA CUENTA CORRIENTE TRIODOS

Como condición necesaria para a contratación de determinados servizos e produtos, será imprescindible a apertura por parte do Cliente dunha Cuenta Corriente Triodos, que se regula polas presentes Condicións Xerais e polas Particulares contempladas no correspondente anexo de Condicións Particulares do dito produto.

11. ABOAMENTOS E DISPOSICIÓNS

As fórmulas de ingreso e disposición de fondos dos produtos á vista ofertados polo Banco (contas correntes e de aforro nas súas diferentes modalidades comerciais) serán as contempladas nas Condicións Particulares de cada produto. Porén, deseguido expóñense

os medios de disposición e ingreso con carácter xeral.

Triodos Bank poderá non aceptar o envío ou a recepción de transferencias ou doutras ordes de pagamento, sexan dadas polo cliente ou por un terceiro, que teñan a súa orixe ou destino en países sobre os que exista algunha restrición ou sanción de carácter internacional, que teñan a consideración de paraísos fiscais ou que sexan considerados países non cooperantes segundo o establecido polo Grupo de Acción Financeira Internacional (GAFI), se a súa emisión ou aceptación puidese implicar a imposibilidade para o Banco de cumprir coas obrigas legais vixentes en cada momento, en especial no que concirne á prevención de branqueo de capitais e ao financiamento do terrorismo, reservándose o dereito a emitilas ou aceptalas á súa soa discreción.

11.1. Aboamentos

- a) Mediante achega de fondos a través dun cargo domiciliado nunha conta da súa titularidade aberta nunha entidade de crédito domiciliada en España.
- b) Mediante transferencias bancarias.
- c) Mediante o ingreso de cheques ou outros efectos dunha sucursal bancaria instalada en España para aboar en conta. Para estes efectos, o Cliente autoriza o Banco a que endose o cheque, que será ingresado na súa conta. Os ingresos efectuados mediante cheque ou outros efectos só se entenderán efectuados salvo bo fin.
- d) Mediante ingresos de efectivo en caixeiros do Banco, domiciliacións

de ingresos ou calquera outro medio que o Banco poña no futuro á disposición do Cliente.

En caso de primeira contratación a distancia, o primeiro ingreso deberá provir en todo caso dunha conta corrente da titularidade do Cliente aberta nunha sucursal bancaria instalada en España.

11.2. Disposicións

A disposición de fondos poderase realizar:

- a) Mediante cargos domiciliados.
- b) Mediante transferencias bancarias.
- c) Mediante cheque ou obriga de pagamento emitido para cargar en conta.
- d) Mediante tarxeta de débito ou crédito.
- e) Mediante disposicións de efectivo en caixeiros do Banco ou a través de calquera outro medio que o Banco poña no futuro á disposición do Cliente.

Será aplicable aos aboamentos e disposicións regulados nesta cláusula undécima o previsto na cláusula vixésimo sexta deste contrato. Máis concretamente, equiparanse xuridicamente os instrumentos para executar os aboamentos e disposicións (tarxetas de coordenadas, PIN ou outros instrumentos que proporcione o Banco ao cliente) á sinatura autógrafa manuscrita do Cliente.

12. TRATAMENTO INFORMÁTICO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o(s) asinante(s) queda(n) informado(s) e consente(n) expresamente que os datos de carácter persoal facilitados neste Contrato, incluídos o teléfono móbil e o enderezo de correo electrónico, así como os obtidos como consecuencia deste e da relación establecida entre as partes, queden incorporados a ficheiros dos que é responsable Triodos Bank NV S.E., e que se atopan debidamente inscritos no Rexistro Xeral de Protección de Datos ante a Axencia Española de Protección de Datos, coas finalidades que se describen máis adiante.

O responsable dos ficheiros é Triodos Bank NV S.E., que garante que, no seu tratamento, hanse seguir todas as prescricións establecidas na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal (actualmente, a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e o Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro).

O(s) asinante(s) autoriza(n) a Triodos Bank NV S.E. a manter os datos unha vez finalizada a relación contractual, de conformidade cos prazos legais vixentes, e presta(n) o seu consentimento inequívoco para que os seus datos de carácter persoal sexan tratados coas finalidades seguintes:

- a) A xestión dos trámites de contratación dos produtos ou servizos do Banco solicitados.
- b) A emisión de tarxetas bancarias e contratos de afiliación aos programas de tarxetas do sistema 4B, Servired ou calquera outro que poida aparecer no futuro.

c) A execución de operacións solicitadas por calquera medio, incluída a gravación das conversas telefónicas.

d) A operativa interna das transaccións do Cliente.

e) O servizo de Atención ao Cliente, a xestión dos mecanismos de identificación e os sistemas de claves de clientes, así como o mantemento da relación Banco-Cliente.

f) A cesión dos datos ás empresas do Grupo Triodos, con sede nos Países Baixos e actualmente con oficinas en Reino Unido, Alemaña, Países Baixos, Bélxica e España, países que contan cun nivel de protección de datos equiparable ao español. De se produciren as ditas cesións, o Titular do dato será informado e poderase negar a que estas se leven a cabo se legalmente procede.

g) Igualmente autorízase a Triodos Bank NV S.E. a levar a cabo o envío de avisos ou alertas relativas á súa actividade financeira ao seu teléfono móbil, correo electrónico ou calquera outra canle que nun futuro puidese incorporar Triodos Bank NV S.E. para a remisión das mesmas, incluídas as comunicacións comerciais electrónicas para os efectos do artigo 21 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información.

h) O envío de publicidade e información, por calquera medio, incluíndo mensaxes de móbil, fax, correo ordinario ou electrónico, sobre os produtos e servizos ofrecidos polo Banco e sobre os produtos e servizos das empresas do Grupo Triodos, todas do ámbito financeiro, social, cultural e ambiental.

O(s) asinante(s) expresamente autoriza(n) que esta información poida ser remitida por medio de correo electrónico, a través de teléfono móbil ou doutro medio de comunicación electrónica equivalente para os efectos do art. 21 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información ou doutras canles.

i) Os datos recollidos serán tratados cunha finalidade comercial, financeira, operativa e estatística por Triodos Bank NV S.E.; autorízase expresamente ao Banco para realizar valoracións de risco, así como a extracción, almacenamento de datos e estudos de marketing, co fin de adecuar as ofertas comerciais ao perfil particular do Cliente e para o envío de comunicacións comerciais electrónicas.

k) A prospección comercial e utilización de sistemas, automáticos ou non, que impliquen a emisión do perfil do Cliente obtida a través dos seus datos e de datos estatísticos.

O(s) asinante(s) deberá(n) comunicarlle, por escrito ou con claves telefónicas, a Triodos Bank NV S.E. cantas modificacións se produzan nos seus datos persoais, tan pronto se produzan, coa finalidade de mantelos actualizados. Triodos Bank NV S.E. non será responsable das consecuencias que se puidesen derivar para o(s) asinante(s) da súa falta de dilixencia na actualización dos referidos datos.

O consentimento para o tratamento ou cesión dos datos ten sempre carácter revogable sen efectos retroactivos, de conformidade cos artigos 6 e 11 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Triodos Bank NV S.E. ten previsto comunicar os datos de carácter persoal:

a) Ao Banco de España, Ministerio de Economía e Facenda, Ministerio de Xustiza, Ministerio do Interior, organismos dependentes e adscritos aos mesmos, así como a auditores de contas, expertos externos en materia de prevención do branqueo de capitais e auditores en materia de protección de datos de carácter persoal, para o cumprimento dos fins que encomenda o ordenamento xurídico.

b) Ao Ficheiro de Titularidades Financeiras do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias os datos relativos á apertura ou cancelación de contas correntes, contas de aforro, contas de valores ou depósitos a prazo, coa periodicidade que determine a normativa vixente. A declaración conterá en todo caso: os datos identificativos que requira a normativa vixente en cada momento sobre os Titulares, Titulares reais, representantes ou autorizados, así como de calquera outra persoa con poderes de disposición, a data de apertura ou cancelación e o tipo de conta ou depósito.

c) Ás entidades xestoras e asociadas ao Sistema Nacional de Compensación Electrónica e outras entidades financeiras para o tránsito das operacións derivadas da relación contractual.

d) Á Fundación Triodos, organizacións de carácter ambiental e outras organizacións non gobernamentais para a xestión contractual de determinados produtos ofertados por

Triodos Bank NV S.E.

En cumprimento do principio de calidade dos datos, informámoslle de que Triodos Bank NV S.E. manterá e conservará a información consignada coas finalidades descritas por un período de dez (10) anos, computables desde a resolución e a finalización do último contrato ou relación de negocio suscrito co Cliente. Unha vez transcorrido o devandito prazo, os seus datos serán destruídos e garantiráselle a súa confidencialidade tanto no tratamento coma na posterior destrución.

Así mesmo, infórmase de que Triodos Bank NV S.E. e os demais prestadores de servizos de pagamento, así como os propios sistemas de pagamento e prestadores de servizos tecnolóxicos relacionados aos que se transmitan os datos para levar a cabo cada transacción, poden estar obrigados pola lexislación do Estado no que estean situados ou por acordos concluídos por este, a facilitar información sobre transaccións pecuniarias ás autoridades ou organismos oficiais doutros países, situados tanto dentro coma fóra da Unión Europea, no marco da loita contra o financiamento do terrorismo e formas graves de delincuencia organizada, así como da prevención do branqueo de capitais.

O Banco informa da obriga que ten de declarar á Central de Información de Riscos do Banco de España (CIRBE) os datos necesarios para identificar as persoas coas que mantén, directa ou indirectamente, créditos de risco, así como as características das ditas persoas e riscos, incluíndo, en particular, as que afecten ao importe e a posibilidade de recuperación destes. Cando se trate de riscos de empresarios individuais

actuando no exercicio da súa actividade empresarial, farase constar tal condición. Así mesmo, infórmase do dereito do Banco a obter informes da CIRBE sobre os riscos rexistrados.

O(s) asinante(s) tamén queda(n) informado(s) do seu dereito de consultar os datos da CIRBE e consinte(n) que Triodos Bank NV S.E. poida conservar os seus datos unha vez finalizada toda relación contractual co(s) interviniente(s) durante os prazos necesarios para cumprir as obrigas legais vixentes e remitirille(s) información comercial.

Se, nalgún momento, o(s) asinante(s) decide(n) que non desexa(n) que os seus datos persoais sexan tratados consonte as anteriores finalidades ou quere(n) exercer os dereitos de cancelación, oposición, rectificación ou acceso consonte a normativa aplicable, poderá(n) dirixirse ao responsable do ficheiro no seguinte enderezo: c/ José Echegaray, 5. Parque Empresarial Las Rozas, 28232 Las Rozas (Madrid).

Finalmente, Triodos Bank NV S.E. informa da posibilidade de exclusión do envío de comunicacións comerciais a petición expresa do Cliente. Nestes supostos, a sucursal unicamente conservará os mínimos datos imprescindibles para identificarlo e adoptar as medidas necesarias que eviten o envío de publicidade.

13. DEPARTAMENTO DE ATENCIÓN AL CLIENTE. QUEIXAS E RECLAMACIÓN

O Banco dispón dun Departamento de Atención ao Cliente ao que lle corresponde a atención e resolución das queixas e reclamacións que o Cliente

poida presentar en defensa dos seus intereses. O Cliente deberá dirixir ao devandito Departamento as súas queixas e reclamacións por escrito mediante a súa presentación por escrito nos establecementos abertos ao público de Triodos Bank, mediante o seu envío por correo postal ao seguinte enderezo: Departamento de Atención ao Cliente, Triodos Bank NV S.E., c/ José Echegaray 5, 28232, Parque Empresarial Las Rozas, Las Rozas (Madrid), ou mediante un correo electrónico a reclamaciones@triodos.es.

O Departamento de Atención ao Cliente de Triodos Bank disporá dun prazo máximo de un (1) mes para resolver a súa queixa ou reclamación, e transcorrido este sen resolución expresa, ou de considerar que a devandita resolución non se adecúa ás súas expectativas, poderá dirixir as súas reclamacións ou queixas ao Servizo de Reclamacións do Organismo Supervisor correspondente (Banco de España, Departamento de Conduta de Mercado e Reclamacións, con enderezo en: c/ Alcalá 48, CP 28014, Madrid, Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, con enderezo en: Paseo de la Castellana 44, CP 28046, Madrid, e Comisión Nacional do Mercado de Valores, con enderezo en: calle Edison, 4, CP 28006, Madrid ou Passeig de Gràcia, 19, CP 08007, Barcelona). Todo isto de conformidade co establecido na Lei 44/2002, de 22 de novembro, de Medidas de Reforma do Sistema Financeiro, permanecendo toda a información correspondente actualizada na páxina electrónica de Triodos Bank.

Así mesmo, Triodos Bank terá a disposición do Cliente, a través da súa páxina electrónica, toda a información precisa sobre a posible resolución de litixios en

líña en materia de consumo, no suposto de se celebraren contratos de compra-venda ou de prestación de servizos en líña entre un consumidor residente na Unión Europea e un comerciante establecido na Unión Europea.

O Banco tamén dispón dun Regulamento do Servizo de Atención ao Cliente, que ten por finalidade regular este Servizo, a forma de atender e resolver as queixas e reclamacións que presenten clientes, cando estas non foran resoltas de xeito satisfactorio para o Cliente nas oficinas e centros que prestan o servizo en materia de transparencia e atención á clientela das entidades financeiras. Este regulamento está a disposición dos clientes, que poden solicitar o envío en soporte papel, aínda que tamén está á súa disposición na páxina web e en todas as oficinas do Banco.

A comunicación co departamento de Atención ao Cliente, para os efectos das reclamacións, pódese realizar mediante as fórmulas contempladas no Regulamento do Servizo de Atención ao Cliente, no que se regulan todas as xestións e formalidades necesarias para a correcta tramitación das queixas e reclamacións.

14. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O Contrato permanecerá en vigor en tanto o Cliente conte con algún produto en vigor con Triodos Bank NV S.E., con independencia das facultades resolutorias previstas a continuación.

Os produtos contratados polo Cliente en Triodos Bank NV S.E. poden ser cancelados en calquera momento polo Cliente, conforme o réxime establecido nas súas Condicións Particulares e neste Contrato.

14.1. Agás que a normativa vixente estableza outra regulación, o Cliente e Triodos Bank poderán resolver o Contrato, xunto cos produtos ou servizos contratados, tras cursar unha notificación escrita á outra parte con polo menos un (1) mes de antelación á data da efectiva resolución. Este aviso previo non resultará de aplicación nos casos de incumprimento contractual dunha das partes (en especial, nos casos nos que se facilitaran datos falsos ou documentos manipulados e nos supostos nos que concorran indicios de fraude ou branqueo de capitais ou en situacións nas que coincidan motivos graves que alteren as circunstancias que conduciron á celebración do Contrato); neste caso, a resolución poderá ter efectos inmediatos. A negativa a entregar información esixida pola normativa de branqueo de capitais, a achegar datos ou documentos falsos ou manipulados ou a realizar operacións que impliquen indicios de branqueo de capitais, financiamento do terrorismo ou fraude establécense como causas específicas de resolución inmediata do Contrato. En calquera caso, para que a resolución instada polo Cliente produza plenos efectos, este deberá reembolsar calquera importe debido ao Banco, incluído, sen que a enumeración sexa exhaustiva, o importe de calquera comisión ou cargo vencido, xuro xerado e calquera saldo debedor nos produtos ou servizos contratados. O Cliente estará obrigado a lle devolver ao Banco calquera instrumento de pagamento que lle fose facilitado por este.

14.2. Tras a resolución da relación entre o Titular da Conta e o Banco, ou de calquera contrato pertinente e o Banco, por calquera dos motivos previstos no

parágrafo anterior, o Banco procederá a pechar as contas, a cancelar os depósitos e á súa liquidación, por todos os conceptos incluídos, xuros, comisións ou gastos repercutibles, así como a pór á disposición do Titular calquera saldo acreedor desta sen devindicación de xuros ao seu favor ou a instar o pagamento de calquera saldo debedor, segundo sexa oportuno. O Banco poderá solicitar a retirada única por parte do Cliente do saldo acreedor, de habelo, que resulte do peche da Conta.

14.3. Con independencia do indicado no punto anterior, o Banco poderá dar por rematado o presente Contrato cando as contas do Cliente non reciban ningún asentamento ao deber ou ao haber, agás a liquidación de xuros xerados polos saldos conservados na devandita conta, durante un período igual ou superior a un ano.

Do mesmo xeito, a Conta considerárase pechada e cancelada cando presente saldo cero e non reciba ningún asentamento ao deber ou ao haber, nun período igual ou superior a un ano, en ambos os dous casos, ou cando estando rexistrada como conta inactiva presente saldo cero ou saldo a favor do Banco, aínda que sexa como consecuencia do cargo de comisións. Unha vez cancelada, o Banco non estará obrigado a atender o pagamento de cheques, ordes ou outras disposicións de calquera índole, polo que o Cliente queda obrigado á devolución dos cheques ou doutros documentos de disposición que estean no seu poder.

14.4. A resolución do presente Contrato implicará a resolución e, de ser o caso, a cancelación anticipada de todos os produtos e servizos contratados polo

Cliente, sempre de conformidade cos termos previstos nas respectivas Condicións Particulares dos produtos de que se trate.

Malia o anterior, se as Condicións Particulares dun produto ou servizo financeiro contratado polo Cliente e vixente no momento da resolución impedisen a resolución ou a cancelación anticipada deste, a efectividade da resolución dese Contrato en concreto non se producirá até a data de vencemento inicialmente prevista.

14.5. Como Condicións Especiais de resolución, e con independencia das previsións dos parágrafos anteriores, páctase expresamente que Triodos Bank poderá resolver este Contrato e calquera outro referido a produtos ou servizos contratados polo Cliente, e proceder ao peche da Cuenta Corriente Triodos e de calquera outro produto ou servizo contratado e esixir ao Cliente o reembolso inmediato de cantas cantidades se lle debesen nese momento, por principal, xuros, comisións ou calquera outro concepto, se o Cliente realizase ou se vise afectado por calquera das seguintes situacións:

a) En caso de incumprimento das obrigas previstas neste Contrato ou nas Condicións Particulares dos produtos ou servizos financeiros contratados con Triodos Bank, especialmente as obrigas de carácter pecuniario ou de compromisos de carácter esencial, como a prestación de garantías ou a dilixencia na custodia dos elementos e claves de identificación en Banca a Distancia ou medios de pagamento.

b) En caso de lle proporcionar información falsa, deformada ou

terxiversada a Triodos Bank ao longo da relación mantida con este ou de non atender os requirimentos de información efectuados polo Banco de conformidade coa normativa vixente.

c) En atención ás especiais características de Triodos Bank, por tratarse dunha entidade de crédito coa misión, desde as súas orixes, de contribuír a un cambio positivo e sostible da sociedade e do planeta, mellorando deste xeito a calidade de vida das persoas desde a súa actividade no sistema financeiro e fomentando a consciencia no uso do diñeiro, o Banco conta cuns criterios negativos de investimento e de mantemento de relacións de negocio con empresas ou persoas que desenvolvan actividades contrarias aos criterios do Banco. O Cliente declara que coñece e acepta estas políticas. Por isto, en caso de que o Cliente desenvolva de forma acreditada actividades contrarias á filosofía e á ética do Banco, este resérvase expresamente o dereito a resolver as relacións de negocio que se mantivesen con aquel.

d) Redución ostensible da solvencia patrimonial do Cliente, cesamento de actividades de feito ou de dereito, incumprimento de obrigas de pagamento con Triodos Bank ou con calquera terceiro, sometemento a un proceso concursal e verse afectado por procesos xudiciais ou administrativos que impliquen execucións pecuniarias por importes superiores a 1000 euros.

e) En caso de que o Titular da Conta traslade o seu domicilio a un país que, a xuízo do Banco, se atopa entre os países que cualificou de sensibles

para os efectos de operacións, o Banco resérvase o dereito de resolver o Contrato e os produtos e servizos contratados con efecto inmediato.

14.6. Triodos Bank N.V., S.E. resérvase a facultade de resolver o contrato anticipadamente nos supostos nos que o cliente teña residencia nos Estados Unidos (EUA) ou nos distintos territorios norteamericanos baixo supervisión da U.S. Securities and Exchange Commission —SEC— así como naqueles supostos nos que existan indicios de que o cliente é residente ou ten obrigas fiscais nos EUA ou noutros países ou territorios distintos de España nos termos previstos na cláusula 22 e non facilitase a información e/ou documentación xustificativa da súa residencia fiscal.

15. DEREITO DE DESISTENCIA

15.1. Obxecto. Nos produtos e servizos nos que se contemple expresamente a posibilidade do exercicio deste dereito, os Clientes persoas físicas que actúen como consumidores cun propósito alleo á súa actividade empresarial ou profesional, poderán rescindir o Contrato do produto ou servizo financeiro subscrito con Triodos Bank, sen necesidade de indicar os motivos e sen penalización ningunha, de conformidade coa regulación contida nesta cláusula.

15.2. Condicións para o exercicio do dereito de desistencia

a) Prazo. O dereito de desistencia poderá ser exercitado polos consumidores persoas físicas dentro do prazo de catorce (14) días naturais, computables desde o día da celebración do Contrato.

b) Forma de exercicio. Os clientes consumidores persoas físicas deberán exercer o dereito de desistencia en prazo e mediante: (i) carta asinada por todos os intervinientes e dirixida a Triodos Bank NV S.E., Departamento de Atención ao Cliente, R/ José Echegaray, número 5, 28232 Las Rozas, Madrid, ou (ii) sesión de Banca Telefónica utilizando as claves persoais de identificación.

15.3. Consecuencias do exercicio do dereito. De exercitar os Clientes consumidores persoas físicas o dereito de desistencia en forma e prazo:

a) O Contrato ou o servizo financeiro quedará resolto como consecuencia do exercicio do dereito de desistencia.

b) O Cliente só está obrigado a pagar, coa maior brevidade e no prazo máximo de trinta (30) días naturais computables desde a notificación da desistencia, o servizo financeiro realmente prestado por Triodos Bank, de conformidade co Contrato e até o momento da desistencia. O importe para pagar, en todo caso, non excederá o importe proporcional da parte xa prestada do servizo comparada coa cobertura total do Contrato, nin será en ningún caso de tal magnitude que equivalla a unha penalización.

c) Pola súa parte, Triodos Bank procederá a lle reembolsar ao Cliente, coa maior brevidade e nun prazo máximo de trinta (30) días naturais computables desde o día da notificación do exercicio do dereito de desistencia por parte do Cliente, calquera cantidade que percibira deste conforme ao Contrato ou

servizo financeiro a distancia, salvo o importe correspondente ao servizo financeiro realmente prestado até o momento da desistencia.

15.4. Ámbito de aplicación do dereito de desistencia

a) Ámbito subxectivo. Só se atopan facultados para exercitar o dereito de desistencia os Clientes persoas físicas que actúen como consumidores cun propósito alleo á súa actividade empresarial ou profesional.

b) Ámbito obxectivo. O dereito de desistencia poderá ser exercitado sobre os produtos ou servizos financeiros comercializados por Triodos Bank que expresamente contemplan a devandita posibilidade. En principio, a facultade de exercitar o dereito comprende todos os produtos bancarios, agás os certificados de depósito para accións (CDA) do Banco e as participacións en fondos de investimento que se comercialicen no seu momento por Triodos Bank.

Porén, o citado dereito de desistencia do Cliente non será aplicable nos seguintes contratos cando estes sexan obxecto de comercialización: servizos financeiros cuxo prezo dependa das fluctuacións dos mercados financeiros que Triodos Bank non poida controlar e que poidan producirse durante o prazo dos catorce (14) días naturais, no que o Cliente pode exercer o seu dereito. Así, entre outros, non será aplicable nas transaccións sobre operacións de cambio de divisas; instrumentos do mercado monetario; valores negociables; participacións en institucións de investimento colectivo; contratos de futuros sobre taxas de xuro; contratos de permuta sobre taxas de xuro, sobre divisas ou os ligados a

accións ou a un índice sobre accións; opcións destinadas á compra ou á venda de calquera dos instrumentos anteriores; ou contratos referenciados a índices, prezos ou taxas de xuro de mercado.

Tampouco será de aplicación o referido dereito a aqueles contratos vinculados nos que, polo menos, un dos negocios xurídicos supoña unha transacción das antes mencionadas. En concreto, terán a consideración de contratos vinculados aqueles negocios xurídicos complexos resultado da xustaposición de dous ou máis negocios xurídicos independentes nos que, como resultado desa xustaposición, da execución dun dependa a dos restantes, xa sexa simultánea ou sucesivamente.

Igualmente, tampouco será de aplicación o dereito de desistencia aos contratos que executaran na súa totalidade ambas as partes a petición expresa do consumidor persoa física antes de que este exerza o seu dereito de desistencia, por exemplo, as ordes de transferencia e as operacións de xestión de cobro; créditos destinados principalmente á adquisición ou á conservación de dereitos de propiedade en terreos ou en inmobles existentes ou por construír, ou destinados a proseguir ou mellorar inmobles; créditos garantidos, xa sexa por unha hipoteca sobre un ben inmovible ou por un dereito sobre un inmovible; as declaracións de Clientes feitas coa intervención de notario, sempre e cando este dea fe de que se garantiron os dereitos do Cliente.

16. IMPUTACIÓN DE PAGAMENTOS E COMPENSACIÓN

Triodos Bank NV S.E. queda expresamente facultado para aplicar directamente os saldos positivos das contas e produtos contratados polo Cliente ás operacións ou produtos que manteña con obrigas de pagamento que estean pendentes en cada momento. Os saldos debedores que o Cliente poida manter en cada momento poderán ser compensados libremente por Triodos Bank NV S.E. con calquera cantidade que o Cliente ingrese ou quede dispoñible a favor deste procedentes das operacións que manteña con Triodos Bank NV S.E., calquera que sexa a forma e os documentos en que estean representadas e a súa data de vencemento.

Para estes efectos, páctase que as compensacións de saldos dispoñibles en efectivo en contas á vista de calquera natureza se realizarán de forma directa e inmediata e que, para as compensacións contra saldos de depósitos a prazo, autorízase expresamente o Banco, de xeito irrevogable e conferíndolle o oportuno mandato, para a súa cancelación anticipada.

O Banco poderá reter os saldos a favor do Cliente en calquera produto da súa titularidade en tanto se manteñan saldos debedores noutros produtos ou contratos subscritos por el mesmo até que ditos saldos debedores sexan obxecto de cumprido pagamento.

Páctase expresamente que o exercicio deste dereito de compensación terá lugar con independencia de que a débeda, a compensar co saldo do(s) produto(s) contratado(s), sexa atribuíble a un, a algúns ou a todos os Titulares do produto de que se trate.

A teor do presente punto, os dereitos do

Banco serano sen prexuízo e ademais de calquera dereito de compensación, combinación ou consolidación, pignoraticio ou de calquera outro tipo ao que estea facultado doutro modo en calquera momento, xa sexa pola lei, en virtude dun contrato ou de calquera outro xeito.

O Banco poderá anular calquera aboamento ou transferencia á Conta do seu Cliente (como queira que se efectuase) que se realizase por erro ou que se saiba a posteriori que foi obxecto de fraude.

En todo caso, con carácter xeral, o Banco requirirá da solicitude de devolución da transferencia e da obtención acordo do beneficiario.

17. TAXA ANUAL EQUIVALENTE (TAE)

Con carácter xeral a TAE será calculada consonte a fórmula contida na Circular do Banco de España 5/2012, do 27 de xuño (BOE nº 161, do 6 de xullo de 2012), ou na normativa futura que a puidese substituír. A fórmula utilizada para calcular o importe absoluto dos xuros devindicados será: $\text{capital} \times \text{rédito} \times \text{tempo} / 36\,500$, onde o capital é o saldo mantido, o rédito a taxa de xuro nominal e o tempo os días de permanencia. Malia o anterior, as Condicións Particulares dos produtos contratados poden conter regulacións específicas referidas á TAE, requiridas pola normativa especial.

No caso de operacións cunha taxa de xuro variable ou que permitan a modificación dos elementos usados na determinación da TAE, e na medida na que as ditas variacións non sexan cuantificables no momento da subscrición do produto, esta TAE terá a consideración de

TAE Variable e o seu cálculo realizarase considerando o valor destes elementos no momento da sinatura do contrato de produto de que se trate.

En particular nos produtos nos que a remuneración ofrecida polo Banco sexa cunha taxas de xuro variable, a TAE Variable calcularase asumindo a hipótese de que os índices de referencia non varían. Por tanto, esta TAE Variable variará coas revisións da taxa de xuro.

18. OPERACIÓNS DE CONVERSIÓN DE DIVISAS

O Cliente autoriza expresamente a Triodos Bank, respecto daquelas ordes e operacións financeiras ordenadas en divisas, a efectuar a oportuna conversión a euros, aplicando as comisións e os tipos de cambio publicados en cada momento polo Banco.

19. EXTRACTOS E INFORMACIÓN SOBRE OPERACIÓNS

19.1. Triodos Bank porá mensualmente a disposición do Cliente, por medios electrónicos e soporte duradeiro que permitan o seu almacenamento e recuperación, a información de operacións, extractos e liquidacións, cuxo contido, periodicidade e modo de entrega se axustará ao establecido nas disposicións vixentes en cada momento.

O Cliente terá a opción de solicitar, en calquera momento e sen limitación algunha, recibir a información, extractos e liquidacións en soporte papel, caso no que se repercutirá ao cliente o custo postal de cada envío.

O Cliente poderá opoñerse aos asentos

efectuados no extracto ou notificación da operación de que se trate mediante a oportuna reclamación escrita. Logo de que transcorran quince (15) días desde a remisión do extracto ou comunicación de operacións sen interpor a pertinente reclamación, entenderase que o Cliente está conforme cos asentos realizados; a aceptación tácita ten o mesmo valor que se a aceptación tivese sido expresa.

Serán da conta do Cliente os gastos de correo que se orixinen consonte as tarifas postais vixentes, sempre que sexa procedente a súa aplicación.

Con independencia do anterior, Triodos Bank NV S.E. conservará a documentación, gravacións e soportes magnéticos referidos ás operacións realizadas durante o prazo que a normativa vixente esixa en cada momento.

19.2. Dado o compromiso expreso de Triodos Bank NV S.E. co respecto polo medio ambiente e para reducir ao mínimo o consumo de papel e a tronza de árbores no planeta, establécese a preferencia xeral das comunicacións e remisión de información por vía electrónica en soportes duradeiros que permitan a súa almacenaxe e recuperación inalterados. Polo mesmo motivo, establécese que toda a información que resulte relevante para os Clientes e que non teña carácter persoal se poña á disposición destes a través de vías electrónicas que os Clientes deben consultar con frecuencia razoable. Entenderase que é razoable a consulta cando menos mensual daqueles movementos que teñan carácter periódico. Porén, o Cliente titular da Conta poderá solicitar que o Banco emita extractos de conta unha vez ao mes ou solicitar que a información se lle remita en soporte

papel por correo postal, o que estará suxeito ás comisións e repercusión de gastos correspondentes especificadas no Libro de Tarifas.

Se o Banco acorda co Titular da Conta ou se conclúe doutra forma que, por mor dun erro do Banco, se efectuou un asento incorrecto, este corríxase. O Banco enviaralle, en canto sexa posible, un extracto da Conta revisado ao Titular desta.

Calquera corrección de asentamentos terase en consideración á hora de calcular os xuros, os cargos ou as contas dunha Conta con efecto a partir da data na que se efectuou a entrada incorrecta.

Agás proba en contra, os rexistros do Banco, a falta de erro manifesto, constitúen a proba concluínte das transaccións entre o Titular da Conta e o Banco, en relación coa actividade da Conta ou calquera servizo de pagamento prestado polo Banco a dito Titular da Conta sobre a mesma.

19.3. Para os efectos de comunicacións e notificacións entre as partes, entenderase como domicilio e enderezo de correo electrónico do Cliente os que figuran no formulario de apertura e consentimento ou os notificados fidedignamente polo Cliente con posterioridade. O Cliente comprométese a notificar por escrito a Triodos Bank calquera cambio ou modificación nos mesmos, de xeito que o Banco lle poida facer chegar as notificacións correctamente. Triodos Bank quedará exonerado de calquera responsabilidade por non recibiren as comunicacións enviadas aos enderezos de correo electrónico ou domicilios inicialmente proporcionados, até que se reciba a mencionada notificación do cambio.

En caso de que exista unha pluralidade de Clientes, e salvo que os Clientes indiquen outro domicilio, entenderase como domicilio para os efectos do previsto na presente cláusula o que se especifique para o primeiro titular da Cuenta Corriente Triodos.

19.4. Maniféstase expresamente o interese do Cliente e de Triodos Bank en que todas as comunicacións ou información que o Banco deba enviar como consecuencia da operativa dos produtos ou servizos financeiros contratados sexan postas á súa disposición a través de soporte duradeiro por medios telemáticos, que permitan o Cliente gardalas e recuperalas durante un período axeitado para os fins para os que a información está destinada e que lle permitan a reprodución sen cambios. Sen prexuízo do anterior, o Cliente terá dereito en calquera momento a solicitar expresamente a Triodos Bank o envío da mencionada información en soporte papel. Neste sentido, o Cliente acepta expresamente que tanto os Contratos como as comunicacións entre as partes sexan arquivados nos sistemas informáticos de Triodos Bank, dos que se poderá obter copia aboando a comisión correspondente, de ser o caso. Estes arquivos e gravacións servirán de proba das relacións habidas entre as partes.

Por outra banda, Triodos Bank poderá facilitar aquela información xeral que, aínda que afecte á regulación dos produtos e servizos, non teña carácter persoal para o Cliente a través da súa páxina web (www.triodos.es).

Do mesmo xeito, o Cliente autoriza a Triodos Bank para que este poida remitirlle por calquera vía a información que sexa do seu interese.

20. CONDICIÓN XERAIS DA CONTRATACIÓN

Triodos Bank advirte expresamente que as cláusulas deste Contrato foron redactadas previamente polo Banco, polo que aquelas que non estean reguladas por unha disposición de carácter xeral ou específica que as faga de aplicación obrigada para as partes ou que non foran obxecto dunha negociación específica, serán consideradas Condicións Xerais da contratación. Os contratantes con Triodos Bank deixan constancia da súa aceptación expresa destas e da súa incorporación ao Contrato, de conformidade coa Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación.

Mediante a sinatura do formulario de contratación, o Cliente manifesta que foi informado das Condicións Xerais deste Contrato e que recibiu un exemplar deste. Igualmente, mediante a sinatura do dito formulario, manifesta que foi informado das tarifas e comisións que Triodos Bank aplicará polos servizos descritos no presente Contrato.

21. DISPOSICIÓN VARIAS

21.1. Dereitos, renuncias e reparacións. O Banco poderá exercer os seus dereitos e accións derivados das presentes Condicións Xerais coa frecuencia necesaria e estes serán acumulativos e non exclúntes de calquera outro dereito ou acción que lle poida ser conferido por lei. A renuncia a tales dereitos ou accións só será válida por escrito. A demora no exercicio de tales dereitos ou accións ou o non exercicio destes non se interpretará como renuncia

nin tampouco o seu exercicio único ou parcial suporá impedimento ningún a calquera outro ou a un novo exercicio deste. O Banco non estará obrigado de ningún xeito a exercer ningún dereito ou acción.

21.2. Nulidade parcial. De se considerar nula, inválida ou inaplicable consonte a lei algunha das presentes Condicións Xerais, as restantes permanecerán en vigor plenamente, sen se ver afectadas na súa legalidade, validez ou obriga de cumprimento.

21.3. Condicións Xerais anteriores. As presentes Condicións Xerais substitúen as Condicións Xerais anteriores para os efectos dos produtos e servizos contratados ao abeiro daquelas.

21.4. Idioma. Triodos Bank NV S.E. principalmente ofrece servizos en España a partir da súa sede en Las Rozas (Madrid), por esta razón, o presente Acordo e os distintos produtos contratos están escritos en castelán ea lingua do contrato do cliente será formalizada (a menos que expresamente acordado doutro xeito), banca telefónica será abordada e comunicacións será o mesmo. Con todo, nas distintas comunidades autónomas con regulación lingüística especial no que o banco ten oficinas abertas ao público nas oficinas rexionais que especiais sobre os dereitos lingüísticos serán respectados.

21.5. Comunicacións e notificacións. Todas as comunicacións que deban realizar as partes entre elas faranse, por parte do Titular: i) por escrito dirixido a Triodos Bank NV S.E., calle José Echeagaray nº 5, Las Rozas de Madrid, 28232, Madrid, ii) telefonicamente, chamando aos teléfonos 916404684 ou 902360940; e por parte do Banco: i) por escrito dirixido ao enderezo de correo postal e/

ou ao enderezo de correo electrónico facilitados polo Titular, así como á caixa de correo persoal de que dispón o Titular na páxina web do Banco (www.triodos.es).

Para os efectos da validez do presente Contrato, as partes sinalan como domicilio válido para as notificacións, requirimentos e dilixencias que resulten pertinentes os respectivos que figuran nas Condicións Particulares subscritas co Titular. En particular, o Titular autoriza expresamente que o Banco poida realizar as devanditas notificacións mediante un medio fiable, auditable e independente da entidade notificante ou de forma certificada, quer mediante envío postal ou electrónico ao enderezo postal ou electrónico, quer ao número de móbil indicado no presente contrato.

21.6. Regulación da prevención do branqueo de capitais. O Cliente queda informado das obrigas que afectan a entidade en relación coa regulación vixente en materia de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, relativas á identificación do Cliente e ao coñecemento da titularidade real, das actividades económicas e da orixe dos fondos, así como da necesidade de aplicar as medidas de dilixencia debida en relación co coñecemento e co seguimento continuo da relación de negocio. Por tanto, o Cliente queda obrigado a lle proporcionar ao Banco toda a información e documentación necesaria derivada do cumprimento das obrigas anteriores. O incumprimento dos citados requirimentos poderá implicar a resolución da relación de negocio co Cliente, así como, se for o caso, a non execución de determinadas ordes.

Para estes efectos, o Cliente acepta as seguintes obrigas, medidas e auto-

rizacións derivadas da normativa de branqueo de capitais:

a) O Cliente asume que, de non atender debidamente os requirimentos documentais sobre identificación, titularidade real ou orixe dos fondos, ou de se apreciar riscos relacionados coa normativa de branqueo derivados das operacións efectuadas polo Cliente, o Banco poderá bloquear a operativa das contas e cancelar os contratos de produto que manteña contratados.

b) Triodos Bank NV S.E. queda autorizado polo Cliente para solicitar de calquera entidade pública ou privada información sobre a actividade ou identidade do Cliente.

c) O Cliente asume a obriga, de ser requirido con ese fin polo Banco, de aportar Fe de Vida ou documento similar, ou de presentarse nunha das oficinas do Banco para os efectos de confirmar a súa identidade e supervivencia.

21.7. Política en materia de xestión de conflitos de interese. Triodos Bank conta con políticas e procedementos para previr os conflitos de interese que puidesen xurdir entre Triodos Bank, os seus empregados e os Clientes, así como entre as distintas áreas da organización. As referencias ás ditas políticas e procedementos poden ser consultadas na páxina web www.triodos.es.

21.8. Lexislación e xurisdición aplicable. O presente Contrato e os restantes contratos e servizos detallados neste documento réxense polo disposto na lexislación e xurisdición españolas, a excepción dos Certificados de Depósito para Accións de Triodos Bank (CDA), cuxa regulación se

rexe polo disposto na lexislación dos Países Baixos. Para estes efectos, enténdese que o lugar no que se realizan os servizos de pagamento derivados deste Contrato e o lugar no que se efectúan todos os pagamentos derivados dos produtos e servizos bancarios contratados é España.

21.9. Información previa. O presente Contrato está dispoñible na web do Banco e nas súas oficinas e é facilitado ao Cliente con antelación suficiente á súa celebración, en consideración á natureza e características dos servizos e produtos comercializados por Triodos Bank NV S.E.

O Banco pon a disposición do Cliente, mediante soporte duradeiro a través da web www.triodos.es, información previa axeitada relativa (i) ao Banco, (ii) aos produtos e servizos ofertados —entre outros documentos, a través das Fichas de Información Precontractual—, (iii) ás canles de contratación, (iv) ás condicións aplicadas con máis frecuencia o trimestre anterior, (v) á declaración das políticas de aplicación, e (vi) a outros documentos e información relevante como os relativos ao Fondo de Garantía de Depósitos, á guía de acceso ao empréstito hipotecario, ás tarifas en vigor ou á información previa á contratación de servizos financeiros a distancia.

22. OBRIGAS FISCAIS E RETENCIONS, INFORMACIÓN, EMBARGOS E PRESTACIONS DA SEGURIDADE SOCIAL (PENSIÓN)

O Banco cumprirá en todo momento coas obrigas fiscais e de subministro de información a respecto dos organismos públicos correspondentes. En concreto, practicará retencións a favor da Admi-

nistración ou do organismo competente sobre os xuros, dividendos e demais modalidades de rendementos aboados ao Cliente ás taxas vixentes en cada momento segundo estableza a lexislación tributaria que resulte aplicable.

O Cliente dáse por informado da obriga do Banco de atender os requirimentos xudiciais e administrativos de información ou de embargo que sexan formulados polas autoridades xudiciais ou administrativas competentes dos que, se for o caso, recibirá as correspondentes notificacións.

No caso da percepción de prestacións da Seguridade Social ou de calquera outro organismo público de previsión social, o Cliente autoriza expresamente o Banco a devolver as prestacións percibidas do organismo de que se trate, cando se extinga o dereito á súa percepción. Consonte a lexislación vixente, o Banco está solidariamente obrigado co Cliente á devolución das cantidades ou prestacións indebidamente percibidas. No caso de que o Banco teña que soportar pagamentos por devolucións de prestacións da Seguridade Social indebidamente percibidas polos cotitulares ou autorizados en contas de Clientes perceptores das ditas prestacións que faleceran, establécese expresamente a responsabilidade deses cotitulares ou autorizados fronte ao Banco polos referidos reintegros do importe de prestacións que este tivera que efectuar.

CRS (Common Reporting and Due Diligence Standard): En aplicación do disposto na Directiva 2014/107/UE do Consello Europeo, do 9 de decembro, sobre a obrigatoriedade do intercambio de información no eido da fiscalidade e da normativa OCDE sobre o intercambio automático

de información de contas financeiras (global standard for automatic exchange of financial account information), así como do Real Decreto 1021/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a obriga de identificar a residencia fiscal das persoas que ostenten a titularidade ou o control de determinadas contas financeiras e de informar acerca das mesmas no eido da asistencia mutua e da normativa que as desenvolva ou modifique no futuro, tanto no ámbito nacional como no internacional, Triodos Bank NV S.E. está obrigado a obter información con relevancia fiscal acerca dos clientes do Banco.

Para tal efecto, o Cliente autoriza a Triodos Bank NV S.E. a facilitar a información financeira con transcendencia tributaria e en materia de prevención do branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo ás autoridades públicas españolas competentes (incluídas as autoridades fiscais), consonte o disposto na normativa vixente en cada momento.

Así mesmo, para os supostos nos que existen indicios de que o Cliente poida ser considerado residente fiscal en calquera outro Estado, consonte a lexislación tributaria estatal, do outro Estado ou a tratados internacionais, ou naqueles supostos nos que as contas abertas polo dito cliente estean suxeitas a comunicación de información á autoridade competente, o Cliente obrígase a facilitar a Triodos Bank NV S.E. a información ou documentación necesaria para cumprir cos procedementos de dilixencia debida establecidos legalmente en cada momento, incluída a posibilidade de obter do Cliente unha declaración de residencia fiscal ou proba documental da dita residencia fiscal, que deberá ser considerada suficiente a xuízo do Banco.

FATCA: consonte o establecido na Orde

HAP/1136/2014, do 30 de xuño, ou na que a substitúa no futuro, pola que se regulan determinadas cuestións relacionadas coas obrigas de información e dilixencia debida establecidas no acordo entre o Reino de España e os Estados Unidos de América para a mellora do cumprimento fiscal internacional e a aplicación da lei estadounidense de cumprimento tributario de contas estranxeiras, e as restantes esixencias normativas relativas ao control fiscal de contas de obrigados tributarios no estranxeiro, o Banco deberá identificar os Clientes que posúan un vínculo fiscal cos Estados Unidos.

O Cliente declara que non é cidadán nin residente nos Estados Unidos, para os efectos de ser suxeito obrigado fiscal dese país, e que non está a actuar en beneficio ou representación de ningunha persoa que o sexa.

Se cambiase o réxime fiscal do Cliente e se convertese en cidadán estadounidense ou residente nos Estados Unidos, deberá notificalo a Triodos Bank por escrito nun prazo non superior a trinta (30) días. A dita notificación deberá vir acompañada do formulario W9 ou W8, segundo o caso, ou os que no futuro se designen en substitución destes, debidamente cumprimentados. Triodos Bank N.V. non admite clientes cuxa residencia sexa Estados Unidos (EUA) ou os distintos territorios norteamericanos baixo supervisión da U.S. Securities and Exchange Commission —SEC—. Nestes supostos, Triodos Bank N.V., S.E. resérvase a facultade de resolver o contrato nos termos previstos na cláusula décimo cuarta.

O Cliente queda informado da obriga de Triodos Bank de proporcionar determinada información de transcendencia tributaria e en materia de prevención do branqueo de capitais, sobre as operacións que o Cliente

efectúe co Banco, ás autoridades fiscais españolas consonte a normativa vixente en España e o tratado internacional suscrito por España e os Estados Unidos, e consente que o Banco poida proporcionar a citada información conforme aos requirimentos e nas datas establecidos polos organismos competentes.

O Cliente afectado reconece e acepta que o Banco tamén poida tomar todas as medidas útiles e necesarias para respectar os ditos requirimentos e comprométese a aportar a documentación requirida para estes efectos coa maior brevidade.

Debido á evolución das disposicións legais (e, en especial, fiscais) dos Estados Unidos, as obrigas do Banco poderanse reforzar, en particular en materia de identificación dos Clientes e beneficiarios efectivos. Este reforzo pode afectar, entre outros, á natureza dos vínculos e aos puntos de conexión cos Estados Unidos.

Neste contexto, o Cliente reconece e acepta que, cando existan indicios de ser suxeito obrigado pola dita normativa, se non proporciona toda a información e os xustificantes solicitados polo Banco, que acrediten que non é un suxeito obrigado, poderá ser considerado cliente con vínculos ou puntos de conexión cos Estados Unidos, en cuxo caso verase afectado polas consecuencias fiscais e financeiras que se poidan derivar deste feito. Se o Banco considera que non está en condicións de cumprir coas súas obrigas, tamén estará autorizado a rexeitar calquera transferencia procedente dos Estados Unidos ou dun ordenante que teña algún vínculo ou algún punto de conexión cos Estados Unidos.

Consonte a identificación da residencia fiscal dos titulares/titulares reais e en relación coas declaracións e documen-

tación que resulten esixibles para os efectos previstos nesta cláusula, a non presentación a Triodos Bank determinará que non se realicen cargos, aboamentos, nin ningunha outra operación en conta corrente ata o momento da súa achega. Así mesmo, o Cliente é responsable único do axeitado cumprimento desta obriga, polo que asumirá integramente as sancións económicas ou de calquera outro tipo que puidesen corresponder a Triodos Bank NV S.E. (en cuxo caso serán repercutidas ao Cliente) ou ao propio Cliente con ocasión do incumprimento deste último da súa obriga de facilitar a documentación requirida en cada momento.

O incumprimento por parte do cliente das obrigas previstas nesta condición xeral poderá implicar a resolución da relación de negocio, consonte o indicado na condición xeral 14.

23. TRANSPARENCIA, LEI APLICABLE E XURISDICCIÓN

As operacións efectuadas por Triodos Bank NV S.E. réxense polas normas relativas á transparencia das operacións bancarias e á protección do Cliente.

O presente Contrato sométese á lexislación e á xurisdicción españolas.

//sección 2

Servizos de banca a distancia

24. OBXECTO

A presente sección regula as relacións entre Triodos Bank NV S.E. e o Cliente con respecto ao uso dos servizos de banca a distancia, os cales lle permiten ao Cliente contratar, ordenar operacións, dar instrucións, consultar as súas contas e, en xeral, comunicarse validamente co Banco por medio do teléfono e de internet (ou dos medios que poidan articularse no futuro e dos que se informará previamente ao Cliente), a través da utilización de sistemas de claves de identificación e seguridade facilitados polo Banco. Este servizo estará sempre sometido á lexislación vixente en materia de contratación telefónica e electrónica.

25. INSTRUMENTOS DE IDENTIFICACIÓN E SINATURA PARA OPERAR NO SERVIZO DE BANCA A DISTANCIA

Cada Cliente e autorizado ou apoderado accederá aos servizos de banca a distancia mediante un nome de usuario e un contrasinal (que será modificado polo Cliente) de uso persoal e confidencial.

Conxuntamente, ambos os dous datos poderanse denominar en adiante «claves de acceso» ou sinxelamente «as claves». A totalidade deses instrumentos son persoais e in-transferibles. Mediante os mencionados instrumentos, os Clientes e autorizados ou apoderados poderán executar a distancia a totalidade das operacións susceptibles de execución a través de Banca Telefónica e Banca Internet de Triodos Bank NV S.E. O Banco poderá cambiar ou modificar os mecanismos de identificación e sinatura a distancia para adecualos a melloras tecnolóxicas, de seguridade ou doutro tipo.

As partes aceptan equiparar xuridicamente os ditos instrumentos á sinatura autógrafa manuscrita do Cliente. Malia o anterior, Triodos Bank NV S.E. poderá esixir, cando o considere necesario ou existan circunstancias que aconsellen efectuar calquera comprobación, a confirmación mediante sinatura autógrafa manuscrita das respectivas ordes.

É unha obriga esencial do Cliente preservar a confidencialidade dos instrumentos de identificación e sinatura mencionados, sen que baixo ningún concepto os transmita a terceiros, e mantelos sempre en lugar seguro. En caso de perda, furto ou roubo ou

calquera outra circunstancia que poida afectar a súa confidencialidade, o Cliente deberallo comunicar ao Banco de forma inmediata. Até que o Banco non sexa notificado, quedará exonerado de toda responsabilidade polas operacións efectuadas durante o devandito período.

Unha vez que o Cliente teña habilitado o acceso a Banca Telefónica e Banca Internet de Triodos Bank NV S.E., o acceso á información relativa aos produtos ou servizos contratados, a remisión de ordes de execución e a contratación de calquera produto ou servizo efectuado mediante a achega total ou parcial dos datos recollidos nos instrumentos mencionados entenderase validamente efectuado. Por isto, de conformidade coa regulación vixente da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, as ordes do Cliente efectuadas usando as claves e instrumentos antes mencionados equivalerán á prestación do consentimento válido para a plena eficacia xurídica da instrución ou contratación efectuada.

No suposto de que Triodos Bank NV S.E. emita tarxetas EMV (con chip integrado), as partes aceptan igualmente equiparar xuridicamente a introdución da clave secreta (PIN) da tarxeta e a utilización da tarxeta á sinatura autógrafa do Cliente.

No suposto de que Triodos Bank emita tarxetas con tecnoloxía contactless («tecnoloxía ou pagamentos sen contacto»), as partes aceptan equiparar xuridicamente a sinatura autógrafa do Titular das mesmas coa súa utilización mediante a aproximación polo Titular da tarxeta aos caixeiros automáticos, Terminais de Punto de Venda (TPV) ou outros equipos de cobramento de forma

que se produza a transacción no momento da sinatura autógrafa do Titular da tarxeta. Conforme o anterior, o titular da tarxeta acepta todas as operacións realizadas a través das tarxetas con tecnoloxía contactless nas que o Banco non esixa o uso dun medio de identificación do titular da tarxeta (pagamentos non superiores a 20 euros por operación). Sen prexuízo do anterior, Triodos Bank poderá requirir a sinatura autógrafa do titular, a introdución da chave secreta (PIN) da tarxeta ou calquera outro sistema de identificación pactado, consonte as condicións específicas de uso das tarxetas con tecnoloxía contactless, vixentes en cada momento e país, e en todo caso, o Banco poderá esixir, por motivos de seguridade, calquera dos anteriores medios de identificación do titular que está a utilizar a tarxeta.

Do mesmo xeito, no caso de que os sistemas operativos de Triodos Bank NV S.E. acepten certificados dixitais de usuario recoñecidos e soportados en tarxetas criptográficas, respecto daqueles que o Banco acepte, as partes concordan equiparar xuridicamente a súa utilización e a introdución da clave secreta (PIN) do certificado coa sinatura autógrafa do Cliente.

Naqueles supostos nos que o Cliente subscribira a contratación do produto ou servizo mediante sinatura electrónica manuscrita ou sinatura manuscrita dixitalizada, comprométese a comprobar e validar previamente a corrección desta, recoñecéndoa como propia unha vez que se subscriba o documento ou contrato e, naqueles supostos nos que resulte necesario, autoriza a utilización de medios electrónicos ou telefónicos para completar debidamente o proceso de contratación. O Cliente acepta a va-

lidez dos dispositivos de recollida ou dixitalización de escritura ou de sinatura, outorgando en consecuencia a mesma validez aos citados contratos e documentos que aos subscritos mediante sinatura en formato papel. Os contratos e documentos así asinados serán gardados pola Entidade coas garantías suficientes definidas na lexislación de aplicación. A sinatura do Cliente recollida consonte o descrito neste apartado quedará suxeita ás previsións legais e contractuais sobre tratamento de datos persoais.

Os servizos de Banca Telefónica e Banca Internet de Triodos Bank NV S.E. non exclúen a posibilidade do Cliente de executar calquera orde ou contratación de produtos ou servizos financeiros de forma presencial en horario de oficina, ou ben mediante orde escrita debidamente asinada e remitida a Triodos Bank NV S.E. a servizos centrais ou a calquera das súas oficinas. As ordes escritas deberán recoller correctamente a totalidade dos datos necesarios para efectuar a operación de que se trate.

As partes acordan outorgarlle a mesma validez xurídica á sinatura autógrafa e á electrónica realizada mediante os correspondentes mecanismos de identificación antes descritos.

26. SEGURIDADE E RESPONSABILIDADE

As operacións de transferencia ou disposición de fondos contempladas nos procedementos de seguridade de Triodos Bank, ou as que susciten algunha dúbida razoable sobre a identidade do ordenante, só poderán ser efectuadas polo Cliente mediante orde expresa e

escrita, ou a través de Banca Telefónica. Ademais, o Banco poderalle solicitar ao Cliente e autorizado ou apoderado os sistemas adicionais de seguridade que considere necesarios para a súa autenticación. Para as transaccións que supoñan movementos de fondos, Triodos Bank poderá proceder ao bloqueo e á inhabilitación automática das claves en caso de que se introduzan datos erróneos ao intentar acceder aos servizos de Banca Telefónica e Banca Internet, ou ben cando xurdan dúbidas razoables sobre a identidade da persoa que ordena as operacións.

A rehabilitación das claves esixirá a idónea identificación do Cliente conforme ás esixencias que establezan os procedementos do Banco. Igualmente, e co fin de salvagardar as normas de seguridade e identificación e a normativa aplicable, os xestores de Banca Telefónica poderán requirir do Cliente, para que confirme a súa identidade, datos concretos diferentes das claves mencionadas ou ben, no caso de operacións de disposición que excedan de determinadas contías fixadas por Triodos Bank NV S.E., a confirmación da orde efectuada mediante os mecanismos de seguridade que se establezan en cada momento, incluíndo a posibilidade dunha chamada dos xestores do servizo dirixida ao Cliente (preguntas de seguridade e chamadas de confirmación).

O Cliente e o autorizado ou apoderado comprométense a custodiar diligentemente as claves, de xeito que impedirán que terceiros teñan acceso ao seu coñecemento total ou parcial, e responsabilízanse dos usos indebidos das claves que poidan realizar terceiros antes da comunicación a Triodos Bank establecida no parágrafo seguinte.

Os Clientes e os autorizados ou apoderados deberán comunicarlle inmediatamente a Triodos Bank a perda, roubo, subtracción ou coñecemento por terceiros, total ou parcialmente, das súas claves, así como o seu número de teléfono móbil, para que o Banco proceda á súa inmediata anulación, modificación e substitución.

Até o momento da comunicación a Triodos Bank NV S.E. da perda, roubo, subtracción ou coñecemento por terceiros, total ou parcialmente, das súas claves, ou até que a devandita circunstancia sexa coñecida de calquera outra forma por Triodos Bank NV S.E., o Cliente autoriza expresamente ao Banco para que actúe conforme a aquelas ordes que sexan precedidas das claves, mesmo cando estas as realice un terceiro que non sexa Cliente nin autorizado quedando, polo tanto, Triodos Bank NV S.E. exonerado de calquera responsabilidade derivada das mencionadas operacións.

O Banco en ningún caso lle solicitará os seus mecanismos de identificación ou claves por correo electrónico. O Cliente debe extremar as súas precaucións con respecto aos correos electrónicos fraudulentos ou ás páxinas web modificadas ou alteradas. O Cliente tamén deberá manter actualizados os sistemas de seguridade necesarios nos ordenadores, móbiles e os demais sistemas electrónicos que use para conectarse ao servizo, como manter un antivirus actualizado ou instalar todas as medidas de seguridade do sistema operativo.

O Cliente coñece e acepta que nos servizos prestados e na información subministrada por vía electrónica interveñen terceiros provedores de servizos de internet ou de telefonía, polo

que Triodos Bank NV S.E. non garante a correcta recepción das comunicacións electrónicas, nin a hora ou a data de recepción destas nos ordenadores do Cliente. O Cliente exime a Triodos Bank NV S.E. de responsabilidade polos danos e prexuízos que poidan derivarse para o Cliente ou para terceiros como consecuencia da non recepción ou da recepción tardía destas comunicacións, así como por interrupcións, virus informáticos, avarías telefónicas ou desconexións no funcionamento operativo de telefonía ou internet causados por motivos alleos a Triodos Bank NV S.E., atrasos ou bloqueos causados por deficiencias ou sobrecargas de liñas telefónicas ou sobrecargas no Centro de Proceso de Datos de Triodos Bank NV S.E., en internet ou noutros sistemas electrónicos ou telefónicos, así como de danos que poidan ser causados por terceiras persoas mediante intromisións ilexítimas nos sistemas telefónicos ou electrónicos. Para os efectos de asegurar a integridade e a recepción das comunicacións, Triodos Bank NV S.E. remitiralle ao Cliente con carácter xeral, e pola canle ou medio máis axeitado en cada caso, unha mensaxe confirmatoria ou un xustificante de recepción da comunicación ou instrución recibida.

O Cliente manifesta expresamente que coñece e acepta as condicións de seguridade e privacidade nas que Triodos Bank NV S.E. presta servizos por internet e por vía telefónica e que están dispoñibles no seu sitio web.

27. TARIFAS, GASTOS E COMUNICACIÓNS

A obtención dos medios técnicos,

equipos informáticos e liñas de comunicación necesarias para a conexión e o acceso a Banca Internet de Triodos Bank NV S.E. cos que o Cliente declara contar, así como o consumo producido pola utilización destes, serán de conta do Cliente e dos autorizados ou apoderados.

De ser o caso, os servizos de banca a distancia estarán sometidos ás comisións e gastos previstos no Libro de Tarifas dispoñible sempre para o Cliente na web de Triodos Bank NV S.E.

O Cliente autoriza o Banco para que lle envíe comunicacións por vía correo electrónico, caixa de correo virtual ou mensaxe de teléfono móbil das operacións que leve a efecto mediante banca a distancia ou con outros medios de pagamento para os efectos de incrementar o nivel de seguridade e para que o Cliente poida contar coa información das operacións efectuadas no seu nome e reaccionar de forma inmediata. Autoriza igualmente que o Banco se poida poñer en contacto con el a través de teléfono fixo ou móbil, correo electrónico ou postal ou calquera outro medio, como medida de seguridade de con respecto a transaccións efectuadas ou pendentes de execución.

28. CONSENTIMIENTO EXPRESO DO CLIENTE E DE TRIODOS BANK NV S.E. PARA A GRAVACIÓN DE CONVERSAS TELEFÓNICAS E COMUNICACIÓN ELECTRÓNICAS EN REXISTROS MAGNÉTICOS

Os Clientes e Triodos Bank manifestan o seu consentimento expreso e irrevocable para a gravación das conversas telefónicas e das comunicacións elec-

trónicas efectuadas entre eles, no marco dos servizos de Banca Telefónica e Banca Internet. Esas conversas poderán empregarse como medio de proba en calquera procedemento xudicial ou arbitral que se puidese producir directa ou indirectamente entre ambas as partes.

O Rexistro das referidas gravacións e comunicacións será mantido durante un período mínimo de cinco (5) anos.

Para ese efecto, o Cliente poderá obter unha copia das mencionadas gravacións e rexistros, en caso de incidencia ou cando o estime oportuno; neste último caso, xerarse a comisión que se indica nas tarifas de comisións.

Con independencia do anterior, o Banco faralle chegar ao Cliente un xustificante, en soporte duradeiro preferentemente electrónico, ou por calquera outro medio adecuado á contratación a distancia, acreditativo das operacións realizadas durante o período determinado.

En caso de que o Cliente solicite un empréstimo ou calquera operación de risco para Triodos Bank NV S.E., este exercerá o seu dereito a obter informes da Central de Información de Riscos do Banco de España. Igualmente, en caso de que se concerte co Cliente calquera operación de risco para Triodos Bank NV S.E., este procederá, de conformidade coa normativa vixente, á remisión dos datos correspondentes á Central de Información de Riscos do Banco de España. En caso de que se trate de riscos de empresarios individuais que actúan no exercicio da súa actividade empresarial, farase constar tal condición na declaración de riscos.

//sección 3

Contrato marco aplicable aos contratos globais e de produto previstos na lei de servizos de pagamento

29. OBXECTO E NATUREZA DA PRESENTE SECCIÓN

29.1. A presente sección ten a finalidade de regular a relación cos Clientes persoas físicas e xurídicas na súa condición de usuarios dos servizos de pagamento previstos na Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento (en adiante, LSP).

29.2. Para o non regulado expresamente nesta sección, cando o provedor de servizos de pagamento do ordenante e do beneficiario estea radicado na Unión Europea, serán de aplicación inmediata o Regulamento (UE) nº 260/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo —polo que se establecen requisitos técnicos e empresariais para as transferencias e os cargos domiciliados en euros—, as normas de funcionamento (rulebook) do esquema de cargos directos básicos SEPA do Consello Europeo de Pagamentos (EPC), mais a LSP e a normativa de desenvolvemento, con carácter preferente respecto dos contratos

anteriormente subscritos polo Cliente.

29.3. A regulación especial de servizos de pagamento da presente sección primará sobre calquera outra referencia aos devanditos servizos contida nos Contratos Globais ou de produto do Banco.

29.4. Cando o Titular teña a consideración de empresa ou profesional (é dicir, cando non reciba o trato de consumidor), as partes acordan a non aplicación das cláusulas 36 a 39 da presente sección, así como a do Título III da LSP e a dos artigos 24.1 e 25.1, último inciso do primeiro parágrafo, 30, 32 a 34, 37 e 45 da devandita lei e os seus posibles desenvolvementos. As partes acordan, neste suposto, a non aplicación da Orde EHA/1608/2010, do 14 de xuño, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento.

29.5. Para os efectos previstos no parágrafo precedente, entenderase que o Cliente persoa física é consumidor cando o produto ou o servizo contratado

non estea relacionado coa súa actividade económica, comercial ou empresarial, e sempre que esta circunstancia non lle resulte evidente á entidade pola documentación achegada inicialmente ou con posterioridade, estando vixente o Contrato, a través de novos produtos ou servizos contratados en cada momento.

29.6. Para os efectos do previsto nesta sección, enténdese por:

a) Transferencia: servizo de pagamento nacional ou transfronteirizo destinado a efectuar un aboamento nunha conta dun beneficiario, prestado, sobre a base das instrucións dadas polo ordenante, polo provedor de servizos de pagamento titular da conta de pagamento do ordenante ou pola Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A., S. M.E como resultado do servizo de xiro postal prestado pola devandita sociedade no marco do acordo asinado entre Triodos Bank N.V SE e a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A., S. M.E, mentres devandito acordo permaneza vixente.

b) Cargo domiciliado: servizo de pagamento nacional ou transfronteirizo destinado a efectuar un cargo nunha conta de pagamento dun ordenante, cando a operación de pagamento sexa iniciada polo beneficiario sobre a base do consentimento dado polo ordenante —os cargos directos SEPA presentan dúas variantes: (i) unha modalidade básica (CORE) e (ii) outra para uso exclusivo entre empresas, autónomos ou profesionais (denominada B2B)—.

c) Ordenante: persoa física ou xurídica titular dunha conta de pagamento que autoriza unha orde de pagamento a partir da dita conta. Ou, de non existir unha conta de pagamento do ordenante, persoa física ou xurídica que cursa unha

orde de pagamento a unha conta de pagamento dun beneficiario. No caso dos cargos domiciliados SEPA, o ordenante é o debedor.

d) Beneficiario: persoa física ou xurídica titular dunha conta de pagamento que é o destinatario previsto dos fondos que foran obxecto dunha operación de pagamento. No caso dos cargos domiciliados SEPA, o beneficiario é o acredor que recibe o mandato do debedor para iniciar os cobramentos e o debedor é o Titular da conta de pagamento na que se carga o importe do cargo domiciliado.

e) Orde de pagamento (mandato): instrución cursada por un ordenante ou un beneficiario ao seu provedor de servizos de pagamento pola que se solicita a execución dunha operación de pagamento;

f) Cargos directos SEPA: mandato ou orde de domiciliación polo que o debedor autoriza e consente ao acredor a iniciar os cobramentos mediante o cargo na conta indicada polo debedor. Así mesmo, autoriza á entidade do debedor a pasar á súa conta os cargos presentados para o cobramento pola entidade bancaria do acredor.

O mandato debe estar suscrito polo debedor, como Titular da conta de cargo ou persoa en disposición de poder outorgado por este, antes de iniciar o cobramento dos cargos. O mandato firmado debe quedar almacenado en poder do acredor mentres estea en vigor, e unha vez cancelado, durante o prazo máximo legalmente establecido para a conservación de documentos.

Para os instrumentos de cargo directo SEPA, cando un acredor non presenta cargos consonte un mandato válido nun período de 36 meses (a contar desde

a data do último cargo, independentemente de que este fora pagado, rexeitado, devolto ou reembolsado), o mandato queda extinguido e, por tanto, non poderá iniciar máis cobramentos acollidos ao dito mandato, polo que deberá crear un novo para cobramentos futuros.

Nestes casos de cargo directo SEPA, deberase emitir un novo mandato: (i) cando se produza un cambio de esquema Core a B2B ou viceversa, (ii) cando exista un cambio de debedor —para o que haberá que obter a nova sinatura— e (iii) polo transcurso dos 36 meses desde a data do último cargo presentado (mesmo se este fora rexeitado, devolto ou reembolsado), xa que neste caso terá que ser cancelado polo tempo transcorrido.

g) Instrumento de pagamento: calquera dispositivo personalizado e/ou conxunto de procedementos acordados entre o usuario de servizos de pagamento e o provedor de servizos de pagamento e utilizados para iniciar unha orde de pagamento.

h) Conta de pagamento: unha conta a nome dun ou de varios usuarios de servizos de pagamento que sexa utilizada para a execución de operacións de pagamento.

i) Orde de pagamento: calquera instrución cursada por un ordenante ou beneficiario ao seu provedor de servizos de pagamento pola que se solicita a execución dunha operación de pagamento.

j) Data de valor: momento utilizado por un provedor de servizos de pagamento como referencia para o cálculo do xuro sobre os fondos aboados ou cargados a unha conta de pagamento.

k) Identificador único: unha combinación de letras, números ou signos espe-

cificados polo provedor de servizos de pagamento ao usuario dos devanditos servizos, que este último debe proporcionar a fin de identificar de forma inequívoca o outro usuario do servizo de pagamento e/ou a conta de pagamento dese outro usuario nunha operación de pagamento.

l) IBAN: número identificador dunha conta de pagamento internacional que recoñece inequivocamente unha conta de pagamento individual nun Estado membro da Unión Europea e cuxos elementos son especificados pola Organización Internacional de Normalización (ISO).

m) Día hábil: día de apertura comercial, para os efectos necesarios para a execución dunha operación de pagamento, dos provedores de servizos de pagamento do ordenante ou do beneficiario que interveñen na execución da operación de pagamento. No caso das contas de pagamento contratadas por vía telemática, seguirase o calendario correspondente á praza na que estea sita a sede social do provedor de servizos de pagamento co que contratase.

n) Provedor de servizos de pagamento: as persoas, entidades e organismos autorizados para prestar servizos de pagamento en España ou en calquera outro Estado membro, acóllanse ou non ás excepcións previstas nos artigos 32 e 33 da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de novembro de 2015, sobre servizos de pagamento no mercado interior, así como os de terceiros países, que se dediquen profesionalmente á prestación de servizos de pagamento;

o) Servizo de iniciación do pagamento: servizo que permite iniciar unha orde

de pagamento, a petición do usuario do servizo de pagamento, a respecto dunha conta de pagamento aberta con outro provedor de servizos de pagamento.

p) Servizo de información sobre contas: servizo en liña cuxa finalidade consiste en facilitar información agregada sobre unha ou varias contas de pagamento das que é titular o usuario do servizo de pagamento, quer noutro provedor de servizos de pagamento, quer en varios provedores de servizos de pagamento.

q) Provedor de servizos de pagamento xestor de conta: un provedor de servizos de pagamento que facilita a un ordenante unha ou varias contas de pagamento e se encarga do seu mantemento.

r) Provedor de servizos de iniciación de pagamentos: o provedor de servizos de pagamento que exerce a título profesional servizos de iniciación de pagamentos.

s) Provedor de servizos de información sobre contas: o provedor de servizos de pagamento que exerce a título profesional servizos de información sobre contas.

30. ÁMBITO DE APLICACIÓN

30.1. Os servizos de pagamento que regula esta sección son os seguintes:

a) Os servizos e todas as operacións necesarias para a xestión da propia conta corrente de pagamento, incluídas as contas de pagamento básicas definidas no Real Decreto-lei 19/2017 de 24 de novembro.

b) A execución de operacións de pagamento, incluída a transferencia de fondos, a través dunha conta de

pagamento na entidade ou noutro provedor de servizos de pagamento:

- Execución de cargos domiciliados, incluídos os cargos domiciliados non recorrentes.

- Execución de operacións de pagamento mediante tarxeta de pagamento ou dispositivo similar.

- Execución de transferencias, incluídas as ordes permanentes.

c) A execución de operacións de pagamento cando os fondos estean cubertos por unha liña de crédito aberta para un usuario de servizos de pagamento:

- Execución de cargos domiciliados, incluídos os cargos domiciliados non recorrentes.

- Execución de operacións de pagamento mediante tarxeta de pagamento ou dispositivo similar.

- Execución de transferencias, incluídas as ordes permanentes.

d) A emisión e a adquisición de instrumentos de pagamento.

e) O envío de diñeiro.

f) Servizos de información sobre contas.

g) Servizos de iniciación de pagamentos.

h) A execución de operacións de pagamento nas que se transmita o consentimento do ordenante para executar unha operación de pagamento mediante dispositivos de telecomunicación, dixitais ou informáticos e nas que o pagamento se realice a través do operador da rede ou sistema de telecomunicación ou

informático, que actúa unicamente como intermediario entre o usuario do servizo de pagamento e o prestador de bens e servizos.

30.2. O presente Contrato marco rexe a execución futura das operacións de pagamento individuais e sucesivas co Cliente, para as que será necesario que o Cliente abra unha conta de pagamento en Triodos Bank (conta corrente ou conta de aforro).

31. IDENTIFICADOR ÚNICO DE CONTA

31.1. Para executar correctamente unha orde de pagamento, o Cliente deberá proporcionar o identificador único de conta, que será o Número Internacional de Conta Bancaria (IBAN) e o BIC (Business Identifier Code). De se producir modificacións estruturais societarias no Banco, así como por calquera outro motivo comercial ou operativo, o identificador único poderá sufrir as oportunas modificacións, obrigándose o Banco en semellante caso a realizar a comunicación correspondente na forma pactada co Cliente. O Banco non será responsable da falta de execución ou da execución defectuosa dunha operación de pagamento se o identificador único facilitado polo Cliente é incorrecto. Porén, a petición do Cliente, cando non sexa posible obtela nos prazos previstos ou cando as circunstancias do caso así o aconsellen, o Banco poderá realizar xestións para recuperar os fondos da operación de pagamento, en cuxo caso, repercutirá ao Cliente o gasto que supuxera para Triodos Bank. De non ser posible recobrar os fondos, o Banco facilitará ao ordenante, previa solicitude

por escrito deste, e sen prexuízo do pagamento da comisión oportuna, toda a información de que dispoña que resulte pertinente para que poida interpoñer unha reclamación legal a fin de recuperar os fondos.

31.2. Cando o Cliente facilite o identificador único correcto para a operación que lle for aplicable, Triodos Bank será responsable de executala correctamente. Polo contrario, de o Cliente non facilitar un identificador único correcto, Triodos Bank non será responsable da non execución ou da execución defectuosa da orde de pagamento.

31.3. O Cliente comprométese a verificar a corrección e a integridade dos datos relativos aos pagamentos que lle ordene á entidade, en execución de calquera dos servizos de pagamento previstos nesta Sección III.

31.4. Triodos Bank unicamente será responsable da execución das operacións de pagamento conforme co identificador único facilitado polo usuario de servizos de pagamento, non por outro tipo de informacións facilitadas polo usuario de servizos de pagamento.

32. CONSENTIMENTO PARA A EXECUCIÓN DE OPERACIÓNS DE PAGAMENTO

32.1. As operacións de pagamento serán consideradas «autorizadas» cando o Cliente teña outorgado e comunicado o seu consentimento por escrito ou de calquera das formas previstas na Lei 22/2007, do 11 de xullo, de comercialización a distancia de servizos financeiros destinados a consumidores, en con-

creto, mediante a utilización de medios telemáticos, electrónicos ou similares, sempre que o seu contrato principal permita a emisión destas ordes.

32.2. O consentimento para a execución dunha operación de pagamento poderao prestar o ordenante a través do beneficiario da devandita operación ou a través dun provedor de servizos de iniciación de pagamentos. Neste último caso, Triodos Bank executará a orde de pagamento recibida a través do provedor de servizos de iniciación de pagamentos e facilitará a este todos os datos pertinentes para a correcta execución da operación; todo o anterior, de conformidade coa normativa vixente. De faltar a recepción por parte do Banco do consentimento debidamente emitido, a operación de pagamento considerarase non autorizada e non se levará a efecto.

32.3. Triodos Bank reservase o dereito de bloquear a utilización dun medio ou instrumento de pagamento por causa razoablemente xustificada, derivada de dúbidas sobre a seguridade do instrumento ou da súa utilización fraudulenta.

32.4. No caso do mandato SEPA, é requisito necesario que, antes de realizar calquera presentación para o cobramento, o acredor dispoña dunha orde de domiciliación asinada polo Titular da conta de cargo, que se axuste ao formulario normalizado de «Orde de domiciliación de cargo directo básico SEPA» ou, no seu defecto, inclúa as mencións e requisitos establecidos pola normativa vixente en cada momento. O acredor asignará unha referencia única a cada mandato, que permita identificar os cargos asociados a un mandato concreto. De non conter aínda a dita referencia no momento da sinatura do mandato, o acredor deberá

comunicala ao debedor antes de iniciar o primeiro cobramento.

A modificación do mandato concirne ao acredor e ao debedor e pódese facer en calquera momento durante a vixencia do mandato sen necesidade de consentimento do Banco. Con todo, necesariamente deben ser comunicadas ao Banco as modificacións no mandato cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Modificacións na referencia única dun mandato existente, como consecuencia de cambios organizativos (reestruturacións).

b) Cambios de identidade do acredor, como consecuencia de fusións ou transformacións de sociedades, cambios organizativos ou cambio de nome.

c) Cambio da conta de cargo por parte do debedor, xa sexa na mesma ou noutra entidade.

d) Cando o cambio se produza na identidade ou nome do acredor, este deberá ademais informar ao debedor das modificacións que afecten ao mandato, para evitar posibles devolucións de cargos por falta de recoñecemento do acredor.

Os cambios do mandato comunicaranse á entidade do acredor, como parte do vindeiro cargo.

No caso de cargos domiciliados SEPA, todas as ordes, así como toda posible modificación ou cancelación posterior, quedarán en poder do beneficiario ou dun terceiro por conta deste.

33. RECEPCIÓN DUNHA ORDE DE PAGAMENTO

33.1. O momento de recepción por Triodos Bank dunha orde de pagamento será aquel no que a devandita orde sexa recibida por esta Entidade, con independencia de que fose transmitida directamente polo ordenante ou indirectamente a través do beneficiario. As ordes recibidas nun día que non sexa hábil a efectos bancarios entenderanse recibidas no seguinte día hábil. Así e todo, cando unha orde de pagamento sexa recibida máis tarde das dezasete (17.00) horas, será considerada recibida no día hábil seguinte. En ningún caso se cargará na conta do ordenante ningún cargo antes da recepción da orde de pagamento.

33.2. De mediar acordo entre o usuario de servizos de pagamento e Triodos Bank co fin de executar unha orde de pagamento nunha data determinada, ao final dun prazo ou o día no que dispoña de fondos na conta corrente ou no instrumento de pagamento concreto, o día de recepción da orde será o acordado ou o seguinte, de ser este inhábil.

33.3. Os prazos indicados nos apartados anteriores serán ampliados nun día hábil máis se a orde é emitida en soporte papel.

34. REXEITAMENTO DE ORDES DE PAGAMENTO

34.1. Triodos Bank resérvase a facultade de rexeitar a execución dunha orde de pagamento se:

a) antes da execución da operación de pagamento, o ordenante non contase con fondos suficientes na conta ou instrumento de pagamento para a execución;

b) existisen indicios de fraude, branqueo de capitais, financiamento do terrorismo ou calquera outra actividade ilícita;

c) non se facilitase a Triodos Bank a información precisa para a execución da orde ou esa información fose errónea;

d) non se cumprisen as condicións previstas neste contrato ou na Lei.

34.2. Nos anteriores supostos contemplados no apartado 34.1, o Banco poderá cobrar unha comisión pola devandita negativa a executar unha orde de pagamento improcedente. Ademais, de se cumprir un dos anteriores supostos previstos no mencionado apartado 34.1, o Cliente recoñece que Triodos Bank non será responsable de ningunha perda ou dano que puidese sufrir como consecuencia do adiamento ou rexeitamento dunha orde de pagamento.

34.3. O Banco notificará ao Cliente, polo medio de comunicación pactado, o rexeitamento da orde de pagamento, os motivos deste e, se for posible, o procedemento para rectificar os posibles erros que motivasen ese rexeitamento, agás de prohibir unha norma aplicable a súa notificación. A devandita notificación realizarase, como moi tarde e no caso de proceder, ao final do seguinte día hábil ao momento do rexeitamento. Este prazo poderase prolongar un día hábil nas operacións de pagamento iniciadas en papel.

34.4. As ordes de pagamento cuxa execución fose rexeitada consideraranse, en calquera caso, como non recibidas.

35. IRREVOGABILIDADE DUNHA ORDE DE PAGAMENTO

35.1. O Cliente poderá retirar o seu consentimento para a execución dunha orde de pagamento en calquera momento, pero sempre antes da data de irrevogabilidade que se estableza na normativa de Servizos de Pagamento vixente e, no seu defecto, nas datas que se detallan deseguido:

- a) Con carácter xeral, o Cliente non poderá revogar a orde de pagamento despois de ser recibida por Triodos Bank, como provedor de servizos de pagamento do Cliente.
- b) Cando a operación de pagamento é iniciada polo beneficiario ou a través deste, o Cliente non poderá revogar a orde unha vez que outorgase o seu consentimento ao beneficiario para que execute a operación de pagamento.
- c) Cando a operación de pagamento é iniciada por un provedor de servizos de iniciación de pagamentos, o Cliente non poderá revogar a orde unha vez que o Cliente outorgase a aquel o seu consentimento para iniciar a operación de pagamento.
- d) No caso dos cargos domiciliados, o Cliente non poderá revogar a orde de pagamento despois do final do día hábil anterior ao día acordado para o cargo dos fondos na conta do titular.

Nos anteriores supostos, cando o usuario de servizos de pagamento que inicia ou emite unha operación de pagamento e o seu provedor de servizos de pagamento acordasen que a execución da orde de pagamento comece nunha data específica ou ao final dun período determinado, ou ben o día no que o ordenante puxese fondos a disposición do provedor de servizos de pagamento, poderase revogar a orde de pagamento como moi

tarde ao final do día hábil anterior ao día acordado.

35.2. Cando o usuario de servizos de pagamento prestase o seu consentimento para un conxunto de operacións de pagamento, a súa revogación implicará que todas as operacións de pagamento que formen parte dese conxunto ou serie, así como todas aquelas futuras operacións de pagamento cubertas polo devandito consentimento, se considerarán como non autorizadas.

35.3. A revogación da orde devindicará as comisións e gastos que, se for o caso, estean previstas nos contratos aplicables ou no Libro de Tarifas de Triodos Bank.

35.4. O Cliente poderá solicitar a Triodos Bank a devolución das operacións de pagamento autorizadas e iniciadas por un beneficiario ou a través del e que xa foran executadas durante un prazo máximo de oito (8) semanas, que serán contadas a partir da data do cargo dos fondos na súa conta, cando a autorización non indique o importe exacto e ademais a cantidade cargada supere a que razoablemente poida ser esperada atendendo ás súas pautas de gastos.

35.5. Así e todo, o Cliente non terá dereito á devolución cando el ou o beneficiario transmitiran a Triodos Bank, con catro (4) semanas de antelación á data prevista de pagamento, a información relativa ao devandito pagamento.

35.6. De ser reclamada a devolución, Triodos Bank disporá dun prazo de dez (10) días hábiles desde a recepción da solicitude de devolución para restituír o importe íntegro da operación de pagamento ou para xustificar a súa dene-gación, en cuxo caso deberá indicar os

procedementos de reclamación xudicial e extraxudicial a disposición do Cliente.

35.7. O Cliente deberá comunicar a Triodos Bank, en canto tiver coñecemento, a realización dunha operación de pagamento non autorizada ou executada defectuosamente e, en todo caso, nos supostos previstos na LSP, nun prazo máximo de trece (13) meses, no caso dos consumidores, ou de 6 meses, para aqueles que conforme á Lei non teñan a condición de consumidores.

36. EXECUCIÓN DUNHA ORDE DE PAGAMENTO

36.1. Agás se existe un acordo entre o Banco e o ordenante a respecto do prazo de execución das ordes de pagamento, nos termos do apartado 33.2 da presente Sección, o Banco procederá coa execución das ordes de pagamento como moi tarde ao final do día hábil seguinte a contar desde a recepción da orde de pagamento, cando se estean a executar:

- a) operacións de pagamento en euros;
- b) operacións de pagamento nacionais na moeda dun Estado membro que non forme parte da zona do euro;
- c) operacións de pagamento que só impliquen unha conversión de moeda entre o euro e a moeda dun Estado membro que non forme parte da zona do euro, sempre que a correspondente conversión se realice no Estado membro que non forme parte da zona do euro e, no caso de operacións de pagamento transfronteirizas, a transferencia transfronteiriza se realice en euros.

Este prazo poderase prolongar un día hábil nas operacións de pagamento

iniciadas en papel.

36.2. As operacións de pagamento dentro da Unión Europea non contempladas no apartado anterior, poderán ser executadas nun prazo superior, non superando en ningún caso os catro (4) días hábiles a partir do momento da recepción da orde de pagamento polo Banco. As operacións de pagamento extracomunitarias non contempladas nos anteriores apartados non se rexerán polos prazos precedentes, debendo respectar en cada caso os prazos que se determinen para cada operación.

36.3. O ingreso por un consumidor en efectivo en euros nunha conta de pagamento de Triodos Bank tomará valor e estará dispoñible inmediatamente despois do momento de recepción dos fondos. De non ser consumidor o usuario de servizos de pagamento, disporá do importe ingresado ao día hábil seguinte ao da recepción dos fondos e igualmente tomará valor a data na que se realízase o ingreso. Sempre e cando en ambos os dous casos, o servizo de ingreso de efectivo sexa admitido polo Banco.

37. DATA VALOR E DE DISPOÑIBILIDADE DOS FONDOS

37.1. Cando o Cliente sexa o beneficiario dunha operación de pagamento, a data valor de aboamento na conta de pagamento do beneficiario non poderá ser posterior ao día hábil no que o importe da operación de pagamento fose aboado na conta do provedor de servizos de pagamento do beneficiario. En ningún caso, a data valor do cargo na conta de pagamento do ordenante será anterior ao momento no que o importe da operación de pagamento se cargue

na devandita conta.

37.2. O Banco, cando actúe como provedor de servizos de pagamento do beneficiario, asegúrase de que o importe da operación de pagamento estea a disposición do Cliente beneficiario inmediatamente despois de que este importe fose aboado na conta do Banco, sempre que por parte do provedor de servizos de pagamento do beneficiario non haxa conversión de moeda nin exista unha conversión entre o euro e a divisa dun Estado membro ou entre as divisas de dous Estados membros.

38. RESPONSABILIDADE DO PROVEDOR DE SERVIZOS DE PAGAMENTO NA EXECUCIÓN DAS OPERACIÓNS

38.1. O Banco será responsable fronte ao ordenante da correcta execución da operación de pagamento, a respecto das ordes de pagamento iniciadas directamente polo ordenante, agás se o Banco pode demostrar ao ordenante e, se for o caso, ao provedor de servizos de pagamento do beneficiario, que este último provedor recibiu o importe da operación de pagamento consonte o establecido no apartado 36 do presente Contrato e nos termos legalmente establecidos.

38.2. Cando sexa responsable Triodos Bank, conforme o disposto no apartado 38.1 anterior, devolverá sen demora inxustificada ao ordenante a cantidade correspondente á operación de pagamento non executada ou executada de forma defectuosa e, se for o caso, restablecerá o saldo da conta de pagamento á situación na que estaría de non se producir a operación de pagamento defectuosa. A data de valor do aboamento

na conta de pagamento do ordenante non será posterior á data na que se efectuase o cargo do importe.

38.3. Cando sexa responsable o provedor de servizos de pagamento do beneficiario a respecto das ordes de pagamento iniciadas directamente polo ordenante, o provedor de servizos de pagamento do beneficiario será responsable fronte ao beneficiario da correcta execución da operación de pagamento, e poñerá inmediatamente a disposición do beneficiario o importe correspondente á operación de pagamento e, se for o caso, aboará o importe correspondente na conta de pagamento do beneficiario. A data de valor do aboamento na conta de pagamento do ordenante non será posterior á data na que se atribuiría a data de valor ao importe no caso dunha execución correcta da operación, consonte o disposto no artigo 43 da LSP.

38.4. Cando unha operación de pagamento se execute con atraso, o provedor de servizos de pagamento do beneficiario velará por que, previa solicitude do ordenante que actúe no seu nome, a data de valor do aboamento na conta de pagamento do beneficiario non sexa posterior á data que se atribuiría ao importe no caso dunha execución correcta da operación.

No caso dunha operación de pagamento non executada ou executada de forma defectuosa na que o ordenante iniciara a orde de pagamento, o provedor de servizos de pagamento do ordenante, previa petición e con independencia da responsabilidade que se determine segundo este apartado, tratará inmediatamente de rastrear a operación de pagamento e notificará ao ordenante

os resultados. Non se cobrará por isto ningún gasto ao ordenante.

38.5. No caso de ordes de pagamento iniciadas polo beneficiario ou a través del, o provedor de servizos de pagamento do beneficiario será responsable fronte ao beneficiario da correcta transmisión da orde de pagamento ao provedor de servizos de pagamento do ordenante, consonte o apartado 36 do presente Contrato e nos termos legalmente aplicables, e velará por que o importe da operación de pagamento estea a disposición do beneficiario inmediatamente despois de que o devandito importe sexa aboado na súa propia conta. A data de valor correspondente ao aboamento do importe na conta de pagamento do beneficiario, incluíndo os supostos de responsabilidade por mero atraso na execución da orde de pagamento, non será posterior á data de valor que se atribuiría ao importe no caso dunha execución correcta da operación.

38.6. No caso dunha operación de pagamento non executada ou executada de forma defectuosa na que a orde de pagamento fose iniciada polo beneficiario ou a través del, o provedor de servizos de pagamento do beneficiario, previa petición e con independencia da responsabilidade que se determine segundo este apartado, tratará inmediatamente de rastrear a operación de pagamento e notificará ao beneficiario os resultados. Non se cobrará por isto ningún gasto ao beneficiario.

38.7. No caso das ordes de pagamento non executadas ou executadas de forma defectuosa iniciadas polo beneficiario ou a través del, nas que resulte responsable o provedor de servizos de pagamento do ordenante, este será res-

ponsable fronte ao ordenante, debendo devolver ao ordenante, segundo proceda e sen demora inxustificada, o importe da operación de pagamento non executada ou executada de forma defectuosa e restituirá a conta de pagamento na que se efectuase o cargo ao estado no que se atoparía de non se efectuar a operación de pagamento defectuosa. A data de valor do aboamento na conta de pagamento do ordenante non será posterior á data na que se efectuase o cargo do importe. Porén, estas obrigas non se aplicarán ao provedor de servizos de pagamento do ordenante se o devandito provedor pode demostrar que o provedor de servizos de pagamento do beneficiario recibiu o importe da operación de pagamento, mesmo se o pagamento se executou cun pequeno atraso. En tal caso, o provedor do servizo de pagamento do beneficiario atribuirá unha data de valor ao importe correspondente ao aboamento do importe na conta de pagamento do beneficiario que non será posterior á data de valor que se atribuiría ao importe no caso dunha execución correcta da operación.

38.8. A responsabilidade do provedor de servizos de pagamento do ordenante ou do beneficiario contemplada nos apartados anteriores entenderase sen prexuízo das causas que motivan a ausencia de responsabilidade do provedor de servizos de pagamento que se poidan derivar de operacións de pagamento, como aquelas nas que:

a) non mediase autorización ou fosen executadas incorrectamente nos termos establecidos no artigo 29 da LSP;

b) o identificador único facilitado polo usuario de servizos de pagamento é incorrecto, nos termos establecidos no

artigo 44 da LSP;

c) mediasen circunstancias excepcionais e imprevisibles que queden fóra do control do provedor de servizos de pagamento do ordenante, nos termos establecidos no artigo 48 da LSP.

38.9. O Banco devolverá ao ordenante o importe da operación de pagamento non executada ou executada de forma defectuosa e, se for o caso, restituirá a conta de pagamento na que se efectuase o cargo ao estado no que se atoparía de non se efectuar a operación defectuosa, a respecto das operacións de pagamento iniciadas polo ordenante a través dun provedor de servizos de iniciación de pagamentos, sempre que o devandito iniciador de pagamentos demostre que o Banco recibiu a orde de pagamento consonte o apartado 33 do presente Contrato e nos termos normativamente vixentes, e que, dentro do seu ámbito de competencia como iniciador de pagamentos, a operación de pagamento fose autenticada e rexistrada con exactitude e non se vise afectada por un fallo técnico ou outras deficiencias ligadas á non-execución. Todo o anterior entenderase sen prexuízo do disposto na exención de responsabilidade prevista no apartado 38.8 anterior.

39. COMISIÓNS E GASTOS

39.1. Triodos Bank non poderá cobrarlle ao cliente pola información contida nesta sección nos termos establecidos normativamente; con todo, si poderá cobrarlle ao Cliente a subministración da información solicitada polo usuario que non sexa a que legalmente se determine como gratuíta.

39.2. As comisións e gastos dos distintos produtos e servizos de pagamento, prestados ao cliente por Triodos Bank e regulamentados pola LSP, serán os previstos no contrato suscrito polo Cliente ou no Libro de Tarifas da entidade que estiver vixente no momento da recepción da orde de pagamento.

39.3. Tanto se o Cliente actúa como ordenante como se actúa como beneficiario, deberá aboar a Triodos Bank os gastos e comisións repercutibles aplicables á operación da que se trate, consonte o pactado no Contrato aplicable e na orde concreta. Para este efecto, nas operacións de pagamento nas que o Cliente for o beneficiario, o Banco poderá deducir os gastos do importe transferido. En tal caso, aparecerán por separado na información facilitada ao beneficiario o importe total da operación e os gastos repercutidos.

39.4. Consonte o establecido na LSP, en toda prestación de servizos de pagamento que non inclúa unha conversión de divisas, o beneficiario pagará os gastos cobrados polo seu provedor de servizos de pagamento e o ordenante aboará os gastos cobrados polo seu provedor de servizos de pagamento. Cando a operación de pagamento inclúa unha conversión en divisas, aplicarase, agás pacto en contrario, igual criterio de distribución de gastos. Malia o anterior, en toda operación de pagamento na que ambos os prestadores de servizos de pagamento estean en España e que inclúa unha conversión de divisas, o beneficiario pagará os gastos cobrados polo seu provedor de servizos de pagamento e o ordenante os percibidos polo seu provedor de servizos de pagamento; os gastos de conversión, agás indicación en contrario das partes, serán aboados

por quen a demande.

40. TRANSPARENCIA NAS CONDICIÓN E INFORMACIÓN CONTRACTUAL

40.1. Triodos Bank asume o cumprimento das obrigas de transparencia e información previstas na normativa vixente e na Orde EHA/1608/2010, do 14 de xuño, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento con clientes consumidores. Para tal efecto, os contratos globais e de produto aplicables áchanse publicados na web do banco www.triodos.es.

40.2. En calquera momento da relación contractual, o usuario de servizos de pagamento que así o solicite terá dereito a recibir en papel ou noutro soporte duradeiro as condicións contractuais do Contrato marco, así como a información e as principais condicións relativas a:

(i) os datos de identificación de Triodos Bank NV S.E.; (ii) a descrición do servizo de pagamento contratado; (iii) os gastos, taxas de xuro e tipos de cambio aplicables; (iv) os medios de comunicación dispoñibles; (v) as responsabilidades derivadas dos servizos de pagamento contratados e os requisitos necesarios para a súa devolución; (vi) as modificacións e a rescisión do Contrato marco; e (vii) a lei aplicable, a competencia xurisdiccional e os procedementos de reclamación.

41. MODIFICACIÓN DO CONTRATO MARCO

41.1. O Banco deberá propoñer calquera modificación das condicións contrac-

tuais e da información e as condicións aplicables aos servizos de pagamento previstos nesta sección de xeito individualizado e en papel ou noutro soporte duradeiro, cunha antelación non inferior a dous (2) meses respecto da data na que entre en vigor a modificación proposta. As modificacións propostas deberán destacar con claridade.

41.2. Considerarase que o usuario de servizos de pagamento acepta as modificacións das condicións establecidas no Contrato marco, a menos que lle notifique o contrario ao Banco con anterioridade á data proposta para a entrada en vigor das modificacións. Neste caso, o Cliente terá dereito a resolver o presente Contrato marco de forma inmediata e sen custo ningún.

41.3. Porén, poderanse aplicar de xeito inmediato todas aquelas modificacións que, inequivocamente, resulten máis favorables para os usuarios de servizos de pagamento.

41.4. As modificacións das taxas de xuro ou dos tipos de cambio poderán aplicarse de inmediato e sen aviso previo, sempre que (i) as variacións se baseen nas taxas de xuro ou nos tipos de cambio de referencia acordadas previamente co Cliente ou (ii) sexan máis favorables para os usuarios de servizos de pagamento, caso no que se poderán aplicar sen aviso previo.

42. RESOLUCIÓN DO CONTRATO MARCO

42.1. A resolución do Contrato marco ou do Contrato Global do que forma parte será gratuíta para o Cliente se se efectúa unha vez que transcorran os doce

(12) primeiros meses de vixencia destes. En todos os demais casos, os gastos derivados da resolución serán apropiados e estarán en consonancia cos custos, conforme ao Libro de Tarifas vixente en cada momento. Dos gastos que se cobren periodicamente polos servizos de pagamento establecidos na Lei de Servizos de Pagamento e previstos no presente Contrato, o Cliente só aboará a parte proporcional debida até a resolución do Contrato. Cando as devanditas comisións se pagaran por anticipado, reembolsaranse de xeito proporcional, e poderán ser compensadas coa comisión que, de ser o caso, se derive da resolución do Contrato.

42.2. O Cliente que teña a consideración de consumidor ou usuario poderá resolver o Contrato Global relativo aos servizos de pagamento en calquera momento, sen necesidade de aviso previo ningún. O Banco procederá, conforme coa normativa vixente, ao cumprimento da orde de resolución do contrato marco antes de transcorridas 24 horas desde a solicitude do Cliente, sempre que o Cliente non contratara co Banco outro produto ou servizo financeiro para cuxa xestión sexa necesario manter aberta unha conta de pagamento en Triodos Bank, en particular, naquelas relacións contractuais de tracto sucesivo, de contas vinculadas ou combinadas ou naquelas nas que o Cliente manteña unha posición debedora.

42.3. A resolución do Contrato Global comportará necesariamente a resolución da presente Sección III. De ter o Cliente a consideración de consumidor conforme ao previsto nesta Sección III, a resolución do presente Contrato marco comportará necesariamente a resolución do Contrato Global e dos restantes

contratos ou servizos que tivese subscritos co Banco e que estean suxeitos á Lei de Servizos de Pagamento e á súa normativa de desenvolvemento.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A COBERTURA DOS DEPÓSITOS

Os depósitos mantidos en Triodos Bank están garantidos por:	O Sistema de Garantía de Depósitos holandés establecido por disposición legal, administrado por De Nederlandsche Bank N.V. (DNB) ⁽¹⁾
Límite da cobertura:	100 000 EUR por depositante e banco ⁽²⁾
Se ten vostede varios depósitos no mesmo banco:	Súmanse todos os seus depósitos no mesmo banco e o total está suxeito ao límite de 100 000 EUR ⁽²⁾
Se ten unha conta en participación con outra(s) persoa(s):	O límite de 100 000 EUR aplícase a cada depositante por separado ⁽³⁾
Período de reembolso en caso de quebra do banco:	20 días laborais ⁽⁴⁾
Moeda na que se realiza o reembolso:	Euro
Contacto:	De Nederlandsche Bank N.V. Postbus 98 1000 AB Amsterdam Enderezo: Westeinde 1 1017 ZN Amsterdam Teléfono (horario de atención en días laborais de 9:00 a 17:00 horas): Desde os Países Baixos: 0800-0201068 Desde o estranxeiro: + 31 20 524 91 11 Correo electrónico: info@dnb.nl
Máis información:	http://www.dnb.nl , na sección ' <i>Depositogarantiestelsel</i> ' (Sistema de Garantía de Depósitos)
<p>INFORMACIÓN ADICIONAL: Outra información importante: en xeral, todos os depositantes particulares e as empresas están cubertos polo sistema de garantía de depósitos. Pode consultar as excepcións aplicables a certos depósitos no sitio web do sistema de garantía de depósitos responsable. O seu banco informarlle tamén, de o solicitar, de se determinados produtos están cubertos ou non. De estar cubertos os depósitos, o banco confirmarallo tamén nos extractos de conta.</p>	

(1) Os seus depósitos están garantidos polo Sistema de Garantía de Depósitos holandés, creado por disposición legal. En caso de insolvencia do seu banco, reembolsaráselle ata 100 000 EUR do seu depósito.

(2) Límite xeral da protección:

De non poder dispor dun depósito debido a que un banco non estea en condicións de cumprir as súas obrigas financeiras, o Sistema de Garantía de Depósitos holandés reembolsará os depositantes. O reembolso ascende como máximo a 100 000 EUR por banco. Isto significa que se suman todos os seus depósitos efectuados no mesmo banco para determinar o nivel de cobertura. Se, por exemplo, un depositante posúe unha conta de aforro con 90 000 EUR e unha conta corrente con 20 000 EUR, só se lle reembolsarán 100 000 EUR.

Este método utilizarase tamén se un banco opera con diferentes denominacións comerciais. Triodos Bank opera comercialmente exclusivamente coa denominación Triodos Bank.

(3) Límite da protección para as contas en participación:

No caso das contas en participación, o límite de 100 000 EUR aplicarase a cada depositante por separado.

No caso de que no momento de insolvencia do seu banco vostede manteña un depósito que estea directamente relacionado coa compra ou venda dunha vivenda propia particular, ese depósito estará garantido adicionalmente polo sistema de garantía de depósitos durante un período de tres meses desde o ingreso do depósito ata un máximo de 500 000 EUR. Pode obter máis información en: <http://www.dnb.nl>, na sección «Depositogarantiestelsel» (Sistema de Garantía de Depósitos).

(4) Reembolso:

O sistema de garantía de depósitos responsable é o Sistema de Garantía de Depósitos holandés creado por disposición legal, administrado por De Nederlandsche Bank N.V. (DNB); Postbus 98,1000 ABÁmsterdam; enderezo: Westeinde 1,1017 ZN Amsterdam; teléfono (horario de atención en días laborais de 9:00 a 17:00 horas): desde os Países Baixos: 0800-0201068, desde o estranxeiro: + 31 20 524 91 11; correo electrónico: info@dnb.nl; sitio web: <http://www.dnb.nl>, na sección 'Depositogarantiestelsel' (Sistema de Garantía de Depósitos). Reembolsaranlle os seus depósitos (ata un máximo de 100 000 EUR) a máis tardar nun prazo de vinte (20) días laborais.

De non recibir ningún reembolso dentro do prazo mencionado, debe pórse en contacto co sistema de garantía de depósitos, xa que o tempo durante o que pode reclamar o reembolso pode estar limitado.

O período de reembolso reducirase gradualmente ata os sete (7) días laborais. Durante este período transitorio, De Nederlandsche Bank (DNB) poderá pagarlle, previa petición, un importe adecuado coa fin de cubrir o seu sustento.

Pode obter máis información en: <http://www.dnb.nl>, na sección «Depositogarantiestelsel» (Sistema de Garantía de Depósitos).

// anexo A

1 / 6

Este número é indicativo do risco do produto, sendo 1/6 indicativo de menor risco e 6/6 de maior risco.

Cuenta Corriente Triodos

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos neerlandés, que ofrece unha garantía de ata 100.000 euros por titular a respecto do efectivo depositado na entidade.

1. OBXECTO, TITULARIDADE E AUTORIZACIÓNS

1.1. O presente anexo regula o réxime da Cuenta Corriente Triodos (en adiante, a Conta). Esta Conta é un depósito á vista en euros, de carácter nominativo e intransferible, sometido ao réxime das presentes condicións e, no que non as contradiga, ás do Contrato Global Triodos aplicable, cuxa regulación é independente da denominación comercial que se lle poida atribuír ao produto e que o Cliente manterá aberta namentres perdure a relación con Triodos Bank, por configurarse como un elemento esencial da mesma, tal como se establece nas Condicións Xerais. Os titulares da Cuenta Corriente Triodos deberán ser sempre persoas físicas.

1.2. En caso de que existan varios Titulares da Cuenta Corriente Triodos, ou se se designaron autorizados nesta, estes estarán ao disposto nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos ao respecto.

2. RÉXIME DE DISPOSICIÓN DA CONTA

2.1. Ingresos

No caso de novos clientes que contraten como primeiro produto unha Cuenta Corriente Triodos e que non foran identificados presencialmente por calquera dos medios previstos na lexislación vixente, o Cliente autoriza a Triodos Bank para que utilice o procedemento de «Solicitud de confirmación de datos sobre titularidade de contas entre entidades», mediante o que Triodos Bank poderá solicitar a outra entidade que lle confirme datos relacionados coa titularidade do Cliente, asegurándose de que o primeiro ingreso procede dunha conta cunha titularidade confirmada.

O Cliente poderá efectuar ingresos na Cuenta Corriente Triodos mediante transferencia bancaria, recibo domiciliado, cheque, traspaso de efectivo ou mediante calquera outro medio aceptado por Triodos Bank en cada momento, sempre «salvo bo fin». As contías ingresadas mediante entrega de cheques ou outros efectos (incluída a domiciliación de recibos nunha conta doutra entidade de crédito) só resultarán dispoñibles unha vez cobradas efectiva-

mente por Triodos Bank ou transcorridos os prazos legalmente establecidos para a súa devolución ou anulación.

En todo caso, e en atención aos sistemas de seguridade establecidos, o primeiro ingreso na Conta deberá provir necesariamente dunha conta bancaria da que o Cliente sexa titular.

2.2. Disposicións

O Cliente poderá dispor dos saldos acredores na súa Conta mediante a emisión de transferencias, traspasos, tarxetas de débito ou crédito, domiciliacións de recibos, cheques ou calquera outro medio aceptado por Triodos Bank en cada momento.

2.2.1. Os talonarios de cheques e obrigas de pagamento, as tarxetas de débito ou crédito, se for o caso, así como as claves operativas utilizables nos servizos de Banca Telefónica e Banca Internet de Triodos Bank NV S.E. deben ser custodiados diligentemente polo Cliente, de conformidade coas obrigas asumidas a este respecto nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos. En caso de furto, roubo ou extravío dalgúns destes elementos, o Cliente deberá notificarlo a Triodos Bank coa maior brevidade, acompañado da copia da denuncia interposta, sen que o Banco sexa responsable da utilización fraudulenta realizada con anterioridade á comunicación efectuada polo Cliente. Igualmente, en caso de cancelación da Conta, o Cliente deberá devolver previamente os talonarios de cheques ou obrigas de pagamento e os diferentes medios de pagamento asociados a esta.

En caso de que se utilicen como medio de pagamento cheques enviados por correo ou mensaxaría, estes deberán ser cruzados antes de resultar obrigatorio o

seu aboamento na Conta.

2.2.2. As operacións de disposición e ingreso efectuadas polo Cliente serán asentadas por Triodos Bank, para o que utilizará medios informáticos, e axustaranse ás normas de valoración legalmente vixentes na normativa de servizos de pagamento. Neste sentido, o Cliente autoriza o Banco a efectuar asentamentos de corrección de erros por causas xustificadas sen necesidade do consentimento do Cliente.

2.2.3. As ordes emitidas polo Cliente serán executadas por Triodos Bank coa dilixencia esixible e serán cursadas polos medios previstos nestas Condicións Particulares e nas do Contrato Global Triodos aplicable, así como por aqueles medios que as partes poidan pactar no futuro. O Banco queda autorizado para anotar na Conta o importe das domiciliacións, así como cantas cantidades ou obrigas sexan a cargo desta. O Cliente acepta que a Conta sirva de soporte contable para realizar operacións utilizando medios de pagamento asociados a esta, tales como tarxetas de crédito, débito, moedeiro electrónico, caixeiros automáticos, cheques conformados ou calquera outro que no futuro estableza o Banco. De non indicar outra forma de disposición neste Contrato, admitiranse como cargos da Conta todos aqueles que sexan autorizados polo Cliente ou que sexan a cargo de calquera dos cotitulares, sen necesidade de llelo comunicar aos demais cotitulares.

2.2.4. As ordes de pagamento, conformadas sobre o propio documento ou por outros medios establecidos polo Banco, poderán ser cargadas en firme na Conta do Cliente no mesmo momento en que se presta a conformidade ou se entrega o documento en cuestión.

2.2.5. O Banco queda autorizado a atender na Conta aqueles documentos domiciliados noutra conta do Cliente que, no momento da presentación dos indicados documentos ou cargos, estivese cancelada ou con saldo indispoñible ou insuficiente.

2.2.6. Cando o Banco proceda a conformar un cheque librado contra a Conta do Cliente, o seu importe resultará indispoñible e será cargado contra a Conta desde a emisión da conformidade polo Banco.

2.2.7. Os asentamentos na Conta derivados de procedementos informáticos automáticos, así como as disposicións de efectivo a través de caixeiros automáticos, asentaránse directamente na Conta, para o que o Cliente presta a súa conformidade e, así mesmo, consente que o Banco realice as correccións xustificadas sen necesidade de que requira o consentimento expreso do Cliente.

2.2.8. A imputación de pagamentos e compensación rexeráse polo establecido nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

2.3. Xestión de cobramento ou cesión de efectos e dereitos de crédito

2.3.1. A petición do Cliente, o Banco poderá aceptar cheques, letras, obrigas de pagamento ou outros efectos para xestionar o seu cobramento e posterior aboamento na Conta unha vez se cobre o seu importe. Mediante a subscripción dun acordo concreto, o Banco poderá pactar co Cliente o aboamento anticipado dos efectos. En caso de que posteriormente non se pague total ou parcialmente o importe dos efectos anticipados, o Cliente deberá realizar o seu correspondente reembolso de forma inmediata. O Banco quedará facultado para realizar o cargo

dos efectos non pagados na Conta do Cliente. O dereito do Banco ao reintegro do Cliente non implica a renuncia das accións cambiarias que o Banco poida ter contra as demais persoas que interveñan nos efectos entregados ou cedidos.

2.3.2. As cláusulas «sen gastos», «sen protesto» ou outras análogas liberan o Banco e os sucesivos endosatarios da obriga de protesto notarial, sen que a omisión do protesto determine a perda do dereito de reintegro nin de ningunha outra das accións que lle correspondan ao Banco. Non obstante, o protesto ou declaración equivalente será potestativo do Banco ou de quen, en virtude do endoso, resulte portador das letras; serán de conta do librador e dos endosantes os gastos que orixine.

2.3.3. O Banco declina toda responsabilidade polos danos producidos na entrega de efectos, pola súa devolución fóra de tempo hábil, pola falta de protesto ou protesto defectuoso e atrasos e polas perdas ou erros alleos ao Banco.

2.3.4. Nos casos de cesión ou entrega na xestión de cobramento de efectos contemplados neste punto, o Cliente autoriza a entidade de crédito en que se atopa domiciliado o pagamento dos documentos cedidos para que, pola súa conta e interese, lles requira o pagamento aos obrigados que resulten por razón dos devanditos documentos no caso de que estes resultasen non pagados e, así mesmo, faculta a calquera das entidades anteriores para que lles facilite información aos prestadores de servizos sobre solvencia patrimonial e crédito, en relación cos incumprimentos relativos aos documentos cedidos. O Cliente que entregou ou cedeu os efectos obrígase a comunicarlle de forma inmediata e sufi-

ciente ao Banco o pagamento posterior da débeda por parte do obrigado e asume deste xeito as responsabilidades que puidesen derivar do incumprimento de tal obriga e, en consecuencia, do mantemento inexacto de datos nos ficheiros de solvencia dos prestadores de servizos.

3. DESCUBERTOS

3.1. Como regra xeral, e agás excepcións expresamente pactadas, non se admitirá a existencia de saldos debedores na Conta, polo que o Cliente acepta expresamente que Triodos Bank non execute ningún tipo de orde de pagamento para a que non existan fondos suficientes na Conta, sen que se lle poida esixir ningún tipo de responsabilidade derivada da non execución. En caso de que se produzan descubertos, o Cliente deberá reintegrar os fondos de forma inmediata sen que Triodos Bank teña que efectuar requirimento ningún para este efecto; a totalidade dos cotitulares responderán disto solidariamente fronte a Triodos Bank.

3.2. Durante o tempo en que se manteña o saldo debedor, este devindicará a taxa de xuro establecida a favor de Triodos Bank desde o comezo do descuberto até a súa íntegra cancelación. A taxa de xuro aplicable nestes casos polo Banco é a pactada ou a indicada no Taboleiro de Anuncios publicado por Triodos Bank. Os xuros así devindicados liquidaranse coa mesma periodicidade coa que se liquidan os xuros acredores na Conta correspondente. Os xuros de descuberto vencidos e non satisfeitos capitalizaranse de forma que estes incrementen o saldo debedor e que devindiquen novos xuros de descuberto ao tipo que corresponda en cada momento.

3.3. Igualmente, en caso de descuberto xeraranse as comisións e gastos de reclamación de posición debedora previstos no Libro de Tarifas publicado por Triodos Bank, por unha soa vez e por cada posición de descuberto que poida ter a Conta que sexa obxecto de xestión de reclamación. Os saldos debedores resultantes de descubertos poderán ser directamente compensados polo Banco contra saldos acredores do Cliente noutros produtos con saldo acredor, de conformidade co pactado para o efecto no Contrato Global Triodos aplicable.

4. INFORMACIÓN, EXTRACTOS E LIQUIDACIÓNS

Rexerase polo establecido nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

5. ENTRADA EN VIGOR, MODIFICACIÓNS, DURACIÓN E CANCELACIÓN

5.1. A duración do Contrato é indefinida e a súa entrada en vigor regularase polo establecido para o efecto nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

5.2. As modificacións realizaranse conforme ao previsto no Contrato Global Triodos.

5.3. Con independencia do dereito de desistencia contemplado máis adiante, a Conta poderá ser cancelada por calquera das partes sen necesidade de alegar motivo ningún, mediante unha simple notificación escrita cursada cun (1) mes de antelación á data da efectiva resolución.

5.4. Unha vez cancelada a Conta por cal-

quera das causas previstas neste Contrato, o Cliente deberá liquidar, de habelos, os saldos debedores, as comisións e os gastos pendentes. Unha vez efectivamente cancelada a Conta, de existir saldos acredores, estes deixarán de devindicar xuros e quedarán automaticamente á disposición do Cliente.

6. XUROS, COMISIÓNS, GASTOS E VALORACIÓNS

6.1. Xuros por saldo acreedor

Os saldos acredores devindicarán a favor do Cliente a taxa de xuro nominal pactada ou as establecidas en cada momento no Taboleiro de Anuncios publicado por Triodos Bank, en caso de modificación consonte o establecido no Contrato Global Triodos aplicable. A devindicación dos xuros será diaria e a súa liquidación e aboamento coa frecuencia que se pactara ou, no seu defecto, trimestral. Os xuros anotaranse contablemente coa devandita periodicidade na Conta coas retencións fiscais que correspondan.

As modificacións das taxas de xuro ou dos tipos de cambio poderanse aplicar de inmediato e sen aviso previo, sempre que (i) as variacións se baseen nas taxas de xuro ou nos tipos de cambio de referencia acordadas previamente co Cliente ou (ii) sexan máis favorables para os usuarios de servizos de pagamento.

A fórmula utilizada para calcular o importe absoluto dos xuros devindicados por saldos debedores ou acredores será a do xuro simple: $\text{capital} \times \text{rédito} \times \text{tempo} / 36500$, onde o capital é o saldo mantido, o rédito a taxa de xuro nominal e o tempo os días de permanencia.

6.2. Comisións e gastos repercutibles

Todas as comisións e gastos que orixinen as operacións efectuadas polo Cliente serán cargados na Conta coa mesma periodicidade que os aboamentos de xuros ou coa establecida para o efecto no Libro de Tarifas. O importe destas comisións será o das tarifas publicadas por Triodos Bank no correspondente Libro de Tarifas, Comisións e Gastos que se atopa na web do Banco, do que se puxo unha copia á disposición do Cliente, que outorgou a súa conformidade co seu contido. Cargaranse na Conta as comisións e gastos contemplados en cada momento no Libro de Tarifas que se poidan devindicar por:

- Administración. O Banco percibirá a cantidade fixada en cada momento e por asentamento, excluídos: (i) os primeiros asentamentos de cada período de liquidación, no número que se indica no Libro de Tarifas en vigor; (ii) os xerados pola utilización de tarxetas en caixeiros e comercios e (iii) os que se correspondan co aboamento ou co cargo de xuros na Conta.
- Mantemento. Por aquelas contas que non rexistraran movemento contable ningún durante o período de liquidación (exceptúanse do cómputo aqueles movementos que correspondan a xuros de capitalización da propia Conta ou os cargos debidos conforme a este Contrato), o Banco percibirá unha cantidade fixa anual, que se aboará na contía establecida en cada momento por cada Conta que non rexistrara movemento ningún nos termos referidos. Para o resto de contas, con carácter xeral, o Banco percibirá a cantidade fixa que se indique no Libro de Tarifas en cada momento, que se aboará unha vez por cada período de liquidación. A

aplicación dunha delas exclúe a outra.

- Envío de información en soporte papel por correo.
- Comisión de descuberto. Aplicarase unha comisión sobre o saldo máximo contable debedor que a Conta tivese en cada período de liquidación, de acordo co establecido no Libro de Tarifas en vigor.
- Comisión de reclamación de oposicións debedoras vencidas. Devindicase cada vez que o Banco lle reclame a calquera dos obrigados o pagamento dunha obriga incumplida e liquidarase e pagarase na data de emisión da reclamación. Así mesmo, polas xestións realizadas para o cobramento de calquera saldo debedor non pagado, repercutiranse no Cliente a totalidade dos supridos que se devindiquen das consultas de rexistro, obtención de certificados e requirimentos notariais, así como calquera outro gasto xustificable de carácter externo que se produza.

A modificación das tarifas de comisións e gastos será notificada con antelación e de conformidade cos procedementos establecidos nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

En caso de que o Cliente non aceptase as novas condicións, procederase á cancelación da Cuenta Corriente Triodos, cos efectos previstos na cláusula quinta deste condicionado particular.

7. DEREITO DE DESISTENCIA

7.1. O dereito de desistencia regulado no Contrato Global Triodos aplicable declárase aplicable á Cuenta Corriente Triodos. Os Clientes persoas físicas, que actúen

como consumidores cun propósito alleo á súa actividade empresarial ou profesional, poderán rescindir o Contrato deste produto financeiro subscrito a distancia con Triodos Bank sen necesidade de indicar os motivos e sen penalización ningunha. O dereito de desistencia poderá ser exercitado polos consumidores persoas físicas dentro do prazo de catorce (14) días naturais, computables desde o día da celebración do Contrato. O exercicio do dereito poderase efectuar (i) dirixindo unha carta asinada por todos os intervinientes a Triodos Bank NV, Sucursal en España, Departamento de Atención ao Cliente, José Echegaray 5, 28232 Las Rozas, Madrid, ou (ii) a través da Banca Telefónica utilizando as claves persoais.

7.2. O exercicio do dereito de desistencia sobre a Cuenta Corriente Triodos implica o desistencia dos produtos, servizos ou medios de pagamento asociados a esta, agás que simultaneamente se contrate outra Conta da mesma titularidade á que se asocien os citados produtos.

8. TAXA ANUAL EQUIVALENTE (TAE)

A taxa anual equivalente calculouse consonte a fórmula contida na Circular 5/2012 do Banco de España, publicada no BOE nº 161, do 6 de xullo de 2012, páxina 48 902, de conformidade coas regulacións posteriores que se puidesen aprobar.

Cuenta Triodos

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos neerlandés, que ofrece unha garantía de ata 100.000 euros por titular a respecto do efectivo depositado na entidade.

1. OBXECTO, TITULARIDADE E AUTORIZACIÓNS

1.1. O presente anexo regula o réxime da Cuenta Triodos (en adiante, a Conta). Esta Conta é un depósito á vista en euros, de carácter nominativo e intransferible, sometido ao réxime das presentes condicións e, no que non as contradiga, ás do Contrato Global Triodos aplicable, cuxa regulación é independente da denominación comercial que se lle poida atribuír ao produto. Os titulares da Cuenta Triodos deberán ser sempre persoas físicas.

1.2. En caso de que existan varios Titulares da Cuenta Triodos, ou se se designaron autorizados nesta, estes estarán ao disposto nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos ao respecto, as cales resultarán aplicables en todo o que non resulte contradito por este anexo.

2. RÉXIME DE UTILIZACIÓN DA CONTA

2.1. Ingresos en conta

No caso de novos clientes que contraten como primeiro produto unha Cuenta Triodos e que non foran identificados presencialmente por calquera dos medios

previstos na lexislación vixente, o Cliente autoriza a Triodos Bank para que utilice o procedemento de «Solicitud de Confirmación de datos sobre titularidade de contas entre entidades», mediante o que Triodos Bank poderá solicitar a outra entidade que lle confirme datos relacionados coa titularidade do Cliente, asegurándose de que o primeiro ingreso procede dunha conta cunha titularidade confirmada.

O Cliente poderá efectuar ingresos na Conta mediante transferencia bancaria, recibo domiciliado, cheque, traspaso de efectivo ou mediante calquera outro medio aceptado por Triodos Bank en cada momento, sempre «salvo bo fin». As contías ingresadas mediante entrega de cheques ou outros efectos (incluída a domiciliación de recibos nunha conta doutra entidade de crédito) só resultarán dispoñibles unha vez cobradas efectivamente por Triodos Bank ou transcorridos os prazos legalmente establecidos para a súa devolución ou anulación.

2.2. Disposicións

Dada a natureza de conta de aforro do produto, o Cliente só poderá dispor dos saldos acredores na súa Cuenta Triodos mediante a emisión de transferencias e traspasos nacionais.

2.3. As claves utilizables nos servizos de Banca Telefónica e Banca Internet de Triodos Bank deben ser custodiados

diligentemente polo Cliente, de conformidade coas obrigas asumidas a este respecto nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos. En caso de furto, roubo ou extravío dalgúns destes elementos, o Cliente deberá notificarllo a Triodos Bank coa maior brevidade, acompañado da copia da denuncia interposta, sen que o Banco sexa responsable da utilización fraudulenta realizada con anterioridade á comunicación efectuada polo Cliente.

2.4. As operacións de disposición e ingreso efectuadas polo Cliente serán asentadas por Triodos Bank, para o que utilizará medios informáticos, e axustaranse ás normas de valoración legalmente vixentes na normativa de servizos de pagamento. Neste sentido, o Cliente autoriza o Banco a efectuar asentamentos de corrección de erros por causas xustificadas sen necesidade do consentimento do Cliente.

2.5. A imputación de pagamentos e compensación rexerese polo establecido nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

3. DESCUBERTOS

3.1. Como regra xeral, e agás excepcións expresamente pactadas, non se admitirá a existencia de saldos debedores na Conta.

3.2. Durante o tempo en que se manteña o saldo debedor, este devindicará a taxa de xuro establecida a favor de Triodos Bank desde o comezo do descuberto até a súa íntegra cancelación. A taxa de xuro aplicable nestes casos por Triodos Bank é a pactada ou a indicada no Taboleiro de Anuncios publicado por Triodos Bank. Os xuros de descuberto vencidos e non

satisfeitos capitalizaranse de forma que estes incrementen o saldo debedor e que devindiquen novos xuros de descuberto ao tipo que corresponda en cada momento.

3.3. Igualmente, en caso de descuberto devindicaranse as comisións e gastos de reclamación de posición debedora previstos no Libro de Tarifas publicado por Triodos Bank, por unha soa vez e por cada posición de descuberto que poida ter a Conta que fora obxecto de xestión de reclamación. Os saldos debedores resultantes de descubertos poderán ser directamente compensados polo Banco contra saldos acredores do Cliente noutros produtos con saldo acredor, de conformidade co pactado para o efecto no Contrato Global Triodos aplicable.

4. INFORMACIÓN, EXTRACTOS E LIQUIDACIÓNS

Rexerese polo establecido nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

5. ENTRADA EN VIGOR, MODIFICACIÓNS, DURACIÓN E CANCELACIÓN

5.1. A duración do Contrato é indefinida e a súa entrada en vigor regularase polo establecido para o efecto nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

5.2. As modificacións realizaranse conforme ao previsto no Contrato Global Triodos.

5.3. Con independencia do dereito de desistencia contemplado máis adiante, a Conta poderá ser cancelada por cal-

quera das partes sen necesidade de alegar motivo ningún, mediante unha simple notificación escrita cursada cun (1) mes de antelación á data da efectiva resolución.

5.4. Unha vez cancelada a Conta por calquera das causas previstas neste Contrato, o Cliente deberá liquidar, de habelos, os saldos debedores, as comisións e os gastos pendentes. Unha vez efectivamente cancelada a Conta, de existir saldos acredores, e quedarán automaticamente á disposición do Cliente.

6. XUROS, COMISIÓNS, GASTOS E VALORACIÓNS

6.1. Xuros por saldo acredor

Os saldos acredores devindicarán a favor do Cliente a taxa de xuro nominal pactada ou as establecidas en cada momento no Taboleiro de Anuncios publicado por Triodos Bank en caso de modificación, consonte o establecido no Contrato Global Triodos aplicable. A devindicación dos xuros será diaria e a súa liquidación e aboamento coa frecuencia que se pactara ou, no seu defecto, mensual. Os xuros anotáranse contablemente coa devandita periodicidade na Cuenta Triodos coas retencións fiscais que correspondan.

As modificacións das taxas de xuro ou dos tipos de cambio poderanse aplicar de inmediato e sen aviso previo, sempre que (i) as variacións se baseen nas taxas de xuro ou nos tipos de cambio de referencia acordadas previamente co Cliente ou (ii) sexan máis favorables para os usuarios de servizos de pagamento.

A fórmula utilizada para calcular o importe absoluto dos xuros devindicados por saldos debedores ou acredores será a do xuro simple: $\text{capital} \times \text{rédito} \times \text{tempo} / 36500$, onde o capital é o saldo mantido, o rédito a taxa de xuro nominal e o tempo os días de permanencia.

6.2. Comisións e gastos repercutibles

Todas as comisións e gastos que orixinen as operacións efectuadas polo Cliente cargaranse na Conta. O importe destas comisións será o das tarifas publicadas por Triodos Bank no correspondente Libro de Tarifas, Comisións e Gastos que se atopa na web de Triodos Bank e do que se puxo unha copia á disposición do Cliente, que manifestou a súa conformidade co contido deste.

Cargaranse na Cuenta Triodos as comisións e gastos contemplados en cada momento no Libro de Tarifas que se poidan devindicar por:

- Administración. O Banco percibirá a cantidade fixada en cada momento e por asentamento. Quedan excluídos: (i) os primeiros asentamentos de cada período de liquidación, no número que se indica no Libro de Tarifas en vigor; (ii) os xerados pola utilización de tarxetas en caixeiros e comercios e (iii) os que se correspondan co aboamento ou co cargo de xuros na Conta.
- Mantemento. Por aquelas contas que non rexistraran movemento contable ningún durante o período de liquidación (exceptúanse do cómputo aqueles movementos que correspondan a xuros de capitalización da propia Conta ou os cargos debidos conforme a este Contrato), o

Banco percibirá unha cantidade fixa anual, que se aboará na contía establecida en cada momento por cada Conta que non rexistrara movemento ningún nos termos referidos. Para o resto de contas, con carácter xeral, o Banco percibirá a cantidade fixa que se indica no Libro de Tarifas en cada momento, que se aboará unha vez por cada período de liquidación. A aplicación dunha delas exclúe a outra.

- Envío de información en soporte papel por correo.
- Comisión de descuberto. Aplicarase unha comisión sobre o saldo máximo contable debedor que a Conta tivese en cada período de liquidación, de acordo co establecido no Libro de Tarifas en vigor.
- Comisión de reclamación de oposicións debedoras vencidas. Devindicarase cada vez que o Banco lle reclame a calquera dos obrigados o pagamento dunha obriga incumprida e liquidarase e pagarase na data de emisión da reclamación. Así mesmo, polas xestións realizadas para o cobramento de calquera saldo debedor non pagado, repercutiranse no Cliente a totalidade dos suplidos que se devindiquen das consultas de rexistro, obtención de certificados e requirimentos notariais, así como calquera outro gasto xustificable de carácter externo que se produza.

A modificación das tarifas de comisións e gastos será notificada con antelación e de conformidade cos procedementos establecidos nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

En caso de que o Cliente non aceptase as novas condicións, procederase á cancelación da Conta Triodos, cos efectos previstos na cláusula quinta deste condicionado particular.

7. ESPECIALIDADES DA CONTA

7.1. Para a subscrición a Conta Triodos é obrigatorio contratar previamente unha Conta Corrente asociada coa mesma titularidade que a Conta Triodos, sobre a que se realizarán os abonos e cargos da Conta Triodos. A conta corrente asociada ten unha comisión de mantemento, recollida nas tarifas da entidade vixentes en cada momento. Devandito custo non se considerou a efectos do cálculo da TAE da Conta Triodos.

8. CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL ÁS ORGANIZACIÓNS ADHERIDAS AO CONVENIO

Ademais do consentimento inequívoco expresado polos Clientes sobre a incorporación dos seus datos de carácter persoal aos ficheiros automatizados titularidade de Triodos Bank NV, Sucursal en España, contido no Contrato Global Triodos aplicable ao que expresamente nos remitimos, o Cliente consente expresamente que Triodos Bank lle ceda determinados datos de carácter persoal (nome, enderezo, teléfono, correo electrónico, data de nacemento e DNI) á Fundación Triodos, así como ás organizacións participantes no desenvolvemento da Conta Triodos e coas que asinou acordos de colaboración, cuxa listaxe figura na web de Triodos Bank, só coas finalidades legalmente

previstas: cumprir coas obrigas fiscais en caso de doazóns desgravables e que as devanditas organizacións lles remitan información sobre as actividades que desenvolven e as fórmulas para adquirir a condición de membro destas. Este consentimento para a comunicación de datos a terceiros resulta revogable en calquera momento por parte do Cliente, sen que a devandita revogación poida supoñer efectos retroactivos.

9. DEREITO DE DESISTENCIA

O dereito de desistencia regulado no Contrato Global Triodos aplicable, e segundo o procedemento descrito na web de Triodos Bank, resulta aplicable á Cuenta Triodos. Os Clientes persoas físicas, que actúen como consumidores cun propósito alieo á súa actividade empresarial ou profesional, poderán rescindir o Contrato deste produto financeiro suscrito a distancia con Triodos Bank sen necesidade de indicar os motivos e sen penalización ningunha.

O dereito de desistencia poderá ser exercitado polos consumidores persoas físicas dentro do prazo de catorce (14) días naturais, computables desde o día da celebración do Contrato. O exercicio do dereito poderase efectuar (i) dirixindo unha carta asinada por todos os intervinientes a Triodos Bank NV, Sucursal en España, Departamento de Atención ao Cliente, José Echegaray 5, 28232 Las Rozas, Madrid, ou (ii) mediante sesión de Banca Telefónica utilizando as claves persoais.

consonte a fórmula contida na Circular 5/2012 do Banco de España, publicada no BOE nº 161, do 6 de xullo de 2012, páxina 48 902, de conformidade coas regulacións posteriores que se puidesen aprobar.

10. TAXA ANUAL EQUIVALENTE (TAE)

A Taxa Anual Equivalente calculouse

Cuenta Infantil Triodos

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos neerlandés, que ofrece unha garantía de ata 100.000 euros por titular a respecto do efectivo depositado na entidade.

1. OBXECTO, TITULARIDADE E AUTORIZACIÓNS

1.1. O presente anexo regula o réxime da Cuenta Infantil Triodos (en adiante, Cuenta Infantil). Esta Conta é un depósito á vista en euros que conta con total liquidez, de carácter nominativo e intransferible, sometido ao réxime das presentes condicións e, no que non as contradiga, ás do Contrato Global Triodos aplicable, cuxa regulación é independente da denominación comercial que se lle poida atribuír ao produto. Da Cuenta Infantil só pode ser titular un menor de idade. O produto conta coa mesma natureza que a Cuenta Corriente Triodos á que está asociada.

1.2. Pola súa propia natureza, a Cuenta Infantil só pode ter un titular, menor de idade.

1.3. O réxime de contratación e disposición da Cuenta Infantil efectuarase en todo caso a través dos representantes legais do menor (pais ou titores debidamente acreditados ante Triodos Bank). Estes deberán ter sinalado en todo caso a Cuenta Corriente Triodos da súa titularidade á que estea asociada a Cuenta Infantil.

1.4. Cando o menor titular da Cuenta In-

fantil adquira a maioría de idade ou resulte legalmente emancipado —circunstancia que os representantes legais lle deben comunicar ao Banco con quince (15) días de antelación—, e teña polo tanto plena capacidade de obrar, procederase segundo os procedementos establecidos para o efecto por Triodos Bank, que cursará a correspondente comunicación aos representantes legais e ao titular, quedando namentres bloqueada a Conta até recibir instrucións por parte do Titular.

2. RÉXIME DE DISPOSICIÓN DA CONTA

2.1. Ingresos

Os representantes legais do menor poderán efectuar ingresos na Cuenta Infantil mediante transferencia bancaria, recibo domiciliado, cheque, traspaso de efectivo ou mediante calquera outro medio aceptado por Triodos Bank en cada momento, sempre «salvo bo fin».

As contías ingresadas mediante entrega de cheques ou outros efectos (incluída a domiciliación de recibos nunha conta corrente doutra entidade de crédito) só resultarán dispoñibles unha vez cobradas efectivamente por Triodos Bank ou transcorridos os prazos legalmente establecidos para a súa devolución ou anulación.

Para a apertura da Conta Infantil, os representantes legais do menor deberán superar os requisitos e os procedementos identificativos establecidos para o efecto polo Banco, de conformidade coa normativa de prevención de branqueo de capitais e especialmente no caso de contratacións a distancia.

2.2. Disposicións

Os representantes legais do menor titular só poderán dispor dos saldos acredores na súa Conta Infantil mediante a emisión de traspasos á Conta Corriente Triodos asociada ou mediante a emisión de traspasos e transferencias nacionais.

A imputación de pagamentos e compensación rexerese polo establecido nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos.

3. DESCUBERTOS

3.1. En ningún caso se admitirá a existencia de saldos debedores na Conta Infantil. Non obstante, de apareceren saldos debedores na Conta Infantil, procederase conforme ao establecido nos puntos seguintes.

3.2. Durante o tempo en que se mantéña o saldo debedor, este devindicará a taxa de xuro establecida a favor de Triodos Bank desde o comezo do descuberto até a súa íntegra cancelación. A taxa de xuro aplicable nestes casos polo Banco é a pactada ou a indicada no Taboleiro de Anuncios publicado por Triodos Bank. Os xuros así devindicados liquidaranse coa mesma periodicidade coa que se liquidan os xuros acredores na Conta Infantil correspondente. Os xuros de descuberto vencidos e non satisfeitos capitalizaranse de forma que estes incrementen o saldo debedor e que devindiquen novos xuros

de descuberto ao tipo que corresponda en cada momento.

3.3. Igualmente, en caso de descuberto devindicaranse as comisións e gastos de reclamación de posición debedora previstos no Libro de Tarifas publicado por Triodos Bank, por unha soa vez e por cada posición de descuberto que poida ter a Conta Infantil que fora obxecto de xestión de reclamación.

Os saldos debedores resultantes de descubertos poderán ser directamente compensados polo Banco contra saldos acredores do Cliente noutros produtos con saldo acredor, de conformidade co pactado para o efecto no Contrato Global Triodos aplicable.

4. INFORMACIÓN, EXTRACTOS E LIQUIDACIÓNS

Rexerese polo establecido nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos.

5. ENTRADA EN VIGOR, MODIFICACIÓNS, DURACIÓN E CANCELACIÓN

5.1. A duración do Contrato é indefinida e a súa entrada en vigor regularase polo establecido para o efecto nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

5.2. As modificacións realizaranse conforme ao previsto no Contrato Global Triodos.

5.3. Con independencia do dereito de desistencia contemplado máis adiante, a Conta Infantil poderá ser cancelada polos representantes legais do Titular ou polo Banco sen necesidade de alegar motivo ningún, mediante unha simple notificación

escrita cursada cun (1) mes de antelación á data da efectiva resolución.

5.4. Unha vez cancelada a Conta por calquera das causas previstas neste Contrato, o Cliente deberá liquidar, de habelos, os saldos debedores, as comisións e os gastos pendentes. Unha vez efectivamente cancelada a Conta, de existir saldos acredores, estes deixarán de devindicar xuros e quedarán automaticamente á disposición do Cliente.

6. XUROS, COMISSIONS, GASTOS E VALORACIONES

6.1. Xuros por saldo acredor

Os saldos acredores devindicarán a favor do Cliente a taxa de xuro nominal pactada ou as establecidas en cada momento no Taboleiro de Anuncios publicado por Triodos Bank en caso de modificación, consonte o establecido no Contrato Global Triodos aplicable. A devindicación dos xuros será diaria e a súa liquidación e aboamento coa frecuencia que se pactara, preferentemente mensual. Os xuros anotaranse contablemente coa devandita periodicidade na Cuenta Infantil coas retencións fiscais que correspondan.

As modificacións das taxas de xuro ou dos tipos de cambio poderanse aplicar de inmediato e sen aviso previo, sempre que (i) as variacións se baseen nas taxas de xuro ou nos tipos de cambio de referencia acordadas previamente co Cliente ou (ii) sexan máis favorables para os usuarios de servizos de pagamento.

A fórmula utilizada para calcular o importe absoluto dos xuros devindicados por saldos debedores ou acredores será a do xuro simple: $\text{capital} \times \text{rédito} \times \text{tempo} / 36000$, onde o capital é o saldo mantido, o

rédito a taxa de xuro nominal e o tempo os días de permanencia.

6.2. Comisións e gastos repercutibles

Todas as comisións e gastos que orixinen as operacións efectuadas polo Cliente serán cargados na Cuenta Infantil coa mesma periodicidade que os aboamentos de xuros ou coa establecida para o efecto no Libro de Tarifas. O importe destas comisións será o publicado por Triodos Bank no correspondente Libro de Tarifas, Comisións e Gastos que se atopa na web do Banco, do que se puxo unha copia á disposición do Cliente, que outorgou a súa conformidade co seu contido.

Cargaranse na Cuenta Infantil as comisións e gastos contemplados en cada momento no Libro de Tarifas que se poidan devindicar por:

- Administración. O Banco percibirá a cantidade fixada en cada momento e por asentamento. Quedan excluídos (i) os primeiros asentamentos de cada período de liquidación, no número que se indica no Libro de Tarifas en vigor; (ii) os xerados pola utilización de tarxetas en caixeiros e comercios e (iii) os que se correspondan co aboamento ou co cargo de xuros na Conta.
- Mantemento. Por aquelas contas que non rexistraran movemento contable ningún durante o período de liquidación (exceptúanse do cómputo aqueles movementos que correspondan a xuros de capitalización da propia Conta ou os cargos debidos conforme a este Contrato), o Banco percibirá unha cantidade fixa anual, que se aboará na contía establecida en cada momento por cada Conta que non rexistrara movemento

ningún nos termos referidos. Para o resto de contas, con carácter xeral, o Banco percibirá a cantidade fixa que se indica no Libro de Tarifas en cada momento, que se aboará unha vez por cada período de liquidación. A aplicación dunha delas exclúe a outra.

- Envío de información en soporte papel por correo.

A modificación das tarifas de comisións e gastos será notificada con antelación e de conformidade cos procedementos establecidos nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

En caso de que o representante legal do Titular non aceptase as novas condicións, procederase á cancelación da Cuenta Infantil cos efectos previstos na cláusula quinta deste condicionado particular.

7. DEREITO DE DESISTENCIA

O dereito de desistencia regulado no Contrato Global Triodos aplicable, e segundo o procedemento descrito na web de Triodos Bank, resulta aplicable tamén á Cuenta Infantil. Os Clientes persoas físicas, que actúen como consumidores cun propósito alieo á súa actividade empresarial ou profesional, poderán rescindir o Contrato deste produto financeiro suscrito a distancia con Triodos Bank, sen necesidade de indicar os motivos e sen penalización ningunha.

O dereito de desistencia poderá ser exercitado polos consumidores persoas físicas dentro do prazo de catorce (14) días naturais, computables desde o día da celebración do Contrato. O exercicio do dereito poderase efectuar (i) dirixindo unha carta asinada por todos os intervinientes

a Triodos Bank NV, Sucursal en España, Departamento de Atención ao Cliente, José Echegaray 5, 28232 Las Rozas, Madrid, ou (ii) mediante sesión de Banca Telefónica utilizando as claves persoais. No caso da Cuenta Infantil, o dereito de desistencia deberá ser exercitado polos representantes legais do menor.

8. TAXA ANUAL EQUIVALENTE (TAE)

A Taxa Anual Equivalente calculouse conxuntamente a fórmula contida na Circular 5/2012 do Banco de España, publicada no BOE nº 161, do 6 de xullo de 2012, páxina 48 902, as modificacións posteriores e, se for o caso, de conformidade coas regulacións posteriores que se puidesen aprobar.

Cuenta Vivienda Triodos

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos neerlandés, que ofrece unha garantía de ata 100.000 euros por titular a respecto do efectivo depositado na entidade.

1. OBXECTO, TITULARIDADE E AUTORIZACIÓNS

1.1. O presente anexo regula o réxime da Cuenta Vivienda Triodos (en adiante, Cuenta Vivienda). Esta Conta é un depósito á vista en euros con natureza bancaria de conta de aforro, de carácter nominativo e intransferible, sometida ao réxime das presentes condicións e, no que non as contradigan, ás do Contrato Global Triodos aplicable, e cuxa regulación é independente da denominación comercial que se lle poida atribuír ao produto. Os titulares da Cuenta Vivienda deberán ser persoas físicas en todo caso.

1.2. En caso de que existan varios Titulares da Cuenta Vivienda, ou se se designaron autorizados nesta, estes estarán ao disposto nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos ao respecto, as cales resultarán aplicables en todo o que non resulte contradito por este anexo.

1.3. O obxectivo fundamental da Cuenta Vivienda consiste en xerar un capital destinado á adquisición ou á rehabilitación da vivenda habitual

do(s) Titular(es). En caso de cumprirse esta finalidade e as limitacións temporais para a execución do investimento, o Cliente poderá aplicar o réxime especial de desgravación fiscal establecido pola normativa vixente que actualmente depende da súa base impositiva no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

1.4. En caso de que o Cliente non execute o investimento das cantidades ingresadas na Cuenta Vivienda para a adquisición ou a rehabilitación da vivenda habitual nos prazos contemplados pola normativa vixente ou non aplique as deducións coas limitacións legalmente establecidas segundo a súa base impositiva de IRPF, deberá proceder a regularizar a súa situación fiscal derivada das desgravacións indebidamente efectuadas, se for o caso, sen que caiba derivar responsabilidade ningunha a Triodos Bank polas consecuencias do incumprimento dos prazos normativamente previstos.

2. RÉXIME DE DISPOSICIÓN DA CONTA

2.1. Ingresos en conta

No caso de novos clientes que contraten como primeiro produto esta conta

Triodos e que non foran identificados presencialmente por calquera dos medios previstos na lexislación vixente, o cliente autoriza a Triodos Bank para que utilice o procedemento de «Solicitud de Confirmación de datos sobre titularidade de contas entre entidades», mediante o que Triodos Bank poderá solicitar a outra entidade que lle confirme datos relacionados coa titularidade da conta, asegurándose de que o primeiro ingreso procede dunha conta cunha titularidade confirmada.

O Cliente poderá efectuar ingresos na Cuenta Vivienda mediante transferencia bancaria, recibo domiciliado, cheque, traspaso de efectivo ou mediante calquera outro medio aceptado por Triodos Bank en cada momento, sempre «salvo bo fin». As contías ingresadas mediante entrega de cheques ou outros efectos (incluída a domiciliación de recibos nunha conta corrente doutra entidade de crédito) só resultarán dispoñibles unha vez cobradas efectivamente por Triodos Bank ou transcorridos os prazos legalmente establecidos para a súa devolución ou anulación.

2.2. Disposicións

Dada a natureza de conta de aforro do produto, o Cliente só poderá dispor dos saldos acredores na súa Cuenta Vivienda mediante a emisión de traspasos e transferencias nacionais.

2.3. As claves utilizables nos servizos de Banca Telefónica e Banca Internet de Triodos Bank deben ser custodiados diligentemente polo Cliente, de conformidade coas obrigas asumidas a este respecto nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos. En caso de furto, roubo ou extravío dalgúns

destes elementos, o Cliente deberá notificarllo a Triodos Bank coa maior brevidade, acompañado da copia da denuncia interposta, sen que o Banco sexa responsable da utilización fraudulenta realizada con anterioridade á comunicación efectuada polo Cliente.

2.4. As operacións de disposición e ingreso efectuadas polo Cliente serán asentadas por Triodos Bank, para o que utilizará medios informáticos, e axustaranse ás normas de valoración legalmente vixentes na normativa de servizos de pagamento. Neste sentido, o Cliente autoriza o Banco a efectuar asentamentos de corrección de erros por causas xustificadas sen precisar o seu consentimento.

2.5. A imputación de pagamentos e compensacións rexerese polo establecido nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos.

3. DESCUBERTOS

3.1. Como regra xeral, e agás excepcións expresamente pactadas, non se admitirá a existencia de saldos debedores na Cuenta Vivienda.

3.2. Durante o tempo en que se manteña o saldo debedor, este devindicará a taxa de xuro establecida a favor de Triodos Bank desde o comezo do descuberto até a súa íntegra cancelación. A taxa de xuro aplicable nestes casos por Triodos Bank é a pactada ou a indicada no Taboleiro de Anuncios publicado por Triodos Bank. Os xuros así devindicados liquidaranse coa mesma periodicidade coa que se liquidan os xuros acredores na Cuenta Vivienda correspondente. Os xuros de

descuberto vencidos e non satisfeitos capitalizaranse de forma que estes incrementen o saldo debedor e que devindiquen novos xuros de descuberto ao tipo que corresponda en cada momento.

3.3. Igualmente, en caso de descuberto devindicaranse as comisións e gastos de reclamación de posición debedora previstos no Libro de Tarifas publicado por Triodos Bank por unha soa vez e por cada posición de descuberto que poida ter a Cuenta Vivienda que fora obxecto de xestión de reclamación. Os saldos debedores resultantes de descubertos poderán ser directamente compensados polo Banco contra saldos acredores do Cliente noutros produtos con saldo acredor, de conformidade co pactado para o efecto no Contrato Global Triodos aplicable.

4. INFORMACIÓN, EXTRACTOS E LIQUIDACIÓNS

Rexerase polo establecido nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

5. ENTRADA EN VIGOR, MODIFICACIÓNS, DURACIÓN E CANCELACIÓN

5.1. A duración do Contrato é indefinida e a súa entrada en vigor regularase polo establecido para o efecto nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

5.2. As modificacións realizaranse conforme ao previsto no Contrato Global Triodos.

5.3. Con independencia do dereito de desistencia contemplado máis adiante, a Cuenta Vivienda poderá ser cancelada por calquera das partes sen necesidade de alegar motivo ningún, mediante unha simple notificación escrita cursada cun (1) mes de antelación á data da efectiva resolución.

5.4. Unha vez cancelada a Conta por calquera das causas previstas neste Contrato, o Cliente deberá liquidar, de habelos, os saldos debedores, as comisións e os gastos pendentes. Unha vez efectivamente cancelada a Conta, de existir saldos acredores, estes deixarán de devindicar xuros automaticamente e quedarán á disposición do Cliente.

6. XUROS, COMISSIONS, GASTOS E VALORACIONES

6.1. Xuros por saldo acredor. Os saldos acredores devindicarán a favor do Cliente a taxa de xuro nominal pactada ou as establecidas en cada momento no Taboleiro de Anuncios publicado por Triodos Bank en caso de modificación, consonte o establecido no Contrato Global Triodos aplicable. A devindicación dos xuros será diaria e a súa liquidación e aboamento coa frecuencia que se pactara, preferentemente mensual. Os xuros anotarase contablemente coa devandita periodicidade na Cuenta Vivienda coas retencións fiscais que correspondan.

As modificacións das taxas de xuro ou dos tipos de cambio poderanse aplicar de inmediato e sen aviso previo, sempre que (i) as variacións se baseen nas taxas de xuro ou nos tipos de cambio de referencia acordadas previamente co Cliente ou (ii) sexan máis favorables para os usuarios de servizos de pagamento.

A fórmula utilizada para calcular o importe absoluto dos xuros devindicados por saldos debedores ou acredores será a do xuro simple: $\text{capital} \times \text{rédito} \times \text{tempo} / 36500$, onde o capital é o saldo mantido, o rédito a taxa de xuro nominal e o tempo os días de permanencia.

6.2. Comisións e gastos repercutibles

Todas as comisións e gastos que orixinen as operacións efectuadas polo Cliente serán cargados na Cuenta Vivienda coa mesma periodicidade que os aboamentos de xuros ou coa establecida para o efecto no Libro de Tarifas. O importe destas comisións será o publicado por Triodos Bank no correspondente Libro de Tarifas, Comisións e Gastos que se atopa na web do Banco, do que se puxo unha copia á disposición do Cliente, que outorgou a súa conformidade co seu contido.

Cargaranse na Cuenta Vivienda as comisións e gastos contemplados en cada momento no Libro de Tarifas que se poidan devindicar por:

- Administración. O Banco percibirá a cantidade fixada en cada momento e por asentamento. Quedan excluídos (i) os primeiros asentamentos de cada período de liquidación, no número que se indica no Libro de Tarifas en vigor; (ii) os xerados pola utilización de tarxetas en caixeiros e comercios e (iii) os que se correspondan co aboamento ou co cargo de xuros na Conta.
- Mantemento. Por aquelas contas que non rexistraran movemento contable ningún durante o período de liquidación (exceptúanse do cómputo aqueles movementos que correspondan a xuros de capitaliza-

ción da propia Conta ou os cargos debidos conforme a este Contrato), o Banco percibirá unha cantidade fixa anual, que se aboará na contía establecida en cada momento por cada Conta que non rexistrara movemento ningún nos termos referidos. Para o resto de contas, con carácter xeral, o Banco percibirá a cantidade fixa que se indica no Libro de Tarifas en cada momento, que se aboará unha vez por cada período de liquidación. A aplicación dunha delas exclúe a outra.

- Envío de información en soporte papel por correo.

A modificación das tarifas de comisións e gastos será notificada con antelación e de conformidade cos procedementos establecidos nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

No suposto de que o Cliente non aceptase as novas condicións, procederase á cancelación da Cuenta Vivienda cos efectos previstos na cláusula quinta deste condicionado particular.

7. DEREITO DE DESISTENCIA

O dereito de desistencia regulado no Contrato Global Triodos aplicable, e segundo o procedemento descrito na web de Triodos Bank, resulta aplicable á Cuenta Vivienda. Os Clientes persoas físicas, que actúen como consumidores cun propósito alleo á súa actividade empresarial ou profesional, poderán rescindir o Contrato deste produto financeiro suscrito a distancia con Triodos Bank, sen necesidade de indicar os motivos e

sen penalización ningunha. O dereito de desistencia poderá ser exercitado polos consumidores persoas físicas dentro do prazo de catorce (14) días naturais, computables desde o día da celebración do Contrato. O exercicio do dereito poderase efectuar (i) dirixindo unha carta asinada por todos os intervinientes a Triodos Bank NV, Sucursal en España, José Echegaray 5, Parque Empresarial Las Rozas, 28232 Las Rozas, Madrid, ou (ii) a través da Banca Telefónica utilizando as claves persoais.

8. TAXA ANUAL EQUIVALENTE (TAE)

A Taxa Anual Equivalente calculouse consonte a fórmula contida na Circular 5/2012 do Banco de España, publicada no BOE nº 161, do 6 de xullo de 2012, páxina 48 902, as modificacións posteriores e, se for o caso, de conformidade coas regulacións posteriores que se puidesen aprobar.

Cuenta Nueva Empresa Triodos

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos neerlandés, que ofrece unha garantía de ata 100.000 euros por titular a respecto do efectivo depositado na entidade.

1. OBXECTO, TITULARIDADE E AUTORIZACIÓNS

1.1. O presente anexo regula o réxime da Cuenta Nueva Empresa Triodos (en adiante, Cuenta Nueva Empresa). Esta Conta é un depósito á vista en euros con natureza bancaria de conta de aforro, de carácter nominativo e intransferible, sometida ao réxime das presentes condicións e, no que non as contradigan, ás do Contrato Global Triodos aplicable, cuxa regulación é independente da denominación comercial que se lle poida atribuír ao produto. O Titular da Cuenta Nueva Empresa deberá ser sempre unha persoa física.

1.2. A Cuenta Nueva Empresa contrátasea unha persoa física, co obxectivo de aforrar un capital que utilizará para a constitución dunha nova empresa regulada no Título XII do Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.

1.3. As contías ingresadas nesta Conta darán dereito ás deducións previstas na normativa vixente, sempre que se

respecten os prazos e as condicións previstos para a súa aplicación. Se o Cliente aplica as deducións fiscais sen cumprir os requisitos legalmente establecidos, deberá regularizar a súa situación fiscal sen que, en ningún caso, poida derivar responsabilidade ningunha a Triodos Bank pola perda das vantaxes fiscais.

2. RÉXIME DE DISPOSICIÓN DA CONTA

2.1. Ingresos en conta

No caso de novos clientes que contraten como primeiro produto esta conta Triodos e que non foran identificados presencialmente por calquera dos medios previstos na lexislación vixente, o Cliente autoriza a Triodos Bank para que utilice o procedemento de «Solicitud de Confirmación de datos sobre titularidade de contas entre entidades», mediante o que Triodos Bank poderá solicitar a outra entidade que lle confirme datos relacionados coa titularidade da conta, asegurándose de que o primeiro ingreso procede dunha conta cunha titularidade confirmada.

O Cliente poderá efectuar ingresos na Cuenta Nueva Empresa mediante transferencia bancaria, recibo domiciliado, cheque, traspaso de efectivo ou

mediante calquera outro medio aceptado por Triodos Bank en cada momento, sempre «salvo bo fin». As contías ingresadas mediante entrega de cheques ou outros efectos (incluída a domiciliación de recibos nunha conta corrente doutra entidade de crédito) só resultarán dispoñibles unha vez cobradas efectivamente por Triodos Bank ou transcorridos os prazos legalmente establecidos para a súa devolución ou anulación.

2.2. Disposicións

Dada a natureza de conta de aforro do produto, o Cliente só poderá dispor dos saldos acredores na súa Cuenta Nueva Empresa mediante a emisión de traspasos e transferencias nacionais.

2.3. As claves utilizables nos servizos de Banca Telefónica e Banca Internet de Triodos Bank deben ser custodiados dilixentemente polo Cliente, de conformidade coas obrigas asumidas a este respecto nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos. En caso de furto, roubo ou extravío dalgúns destes elementos, o Cliente deberá notificarllo a Triodos Bank coa maior brevidade, acompañado da copia da denuncia interposta, sen que o Banco sexa responsable da utilización fraudulenta realizada con anterioridade á comunicación efectuada polo Cliente.

2.4. As operacións de disposición e ingreso efectuadas polo Cliente serán asentadas por Triodos Bank, para o que utilizará medios informáticos, e axustaranse ás normas de valoración legalmente vixentes na normativa de servizos de pagamento. Neste sentido, o Cliente autoriza o Banco a efectuar asentamentos de corrección de erros por causas xustificadas sen necesidade do consentimento do Cliente.

2.5. A imputación de pagamentos e compensación rexeráse polo establecido nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos.

3. DESCUBERTOS

3.1. Como regra xeral, e agás excepcións expresamente pactadas, non se admitirá a existencia de saldos debedores na Cuenta Nueva Empresa.

3.2. Durante o tempo en que se manteña o saldo debedor, este devindicará a taxa de xuro establecida a favor de Triodos Bank desde o comezo do descuberto até a súa íntegra cancelación. A taxa de xuro aplicable nestes casos por Triodos Bank é a pactada ou, na súa ausencia, a indicada no Taboleiro de Anuncios publicado por Triodos Bank. Os xuros así devindicados liquidaranse coa mesma periodicidade coa que se liquidan os xuros acredores na Cuenta Nueva Empresa correspondente. Os xuros de descuberto vencidos e non satisfeitos capitalizaranse de forma que estes incrementen o saldo debedor e que devindiquen novos xuros de descuberto ao tipo que corresponda en cada momento.

3.3. Igualmente, en caso de descuberto devindicaranse as comisións e gastos de reclamación de posición debedora previstos no Libro de Tarifas publicado por Triodos Bank por unha soa vez e por cada posición de descuberto que poida ter a Cuenta Nueva Empresa que fora obxecto de xestión de reclamación. Os saldos debedores resultantes de descubertos poderán ser directamente compensados polo Banco contra saldos acredores do Cliente noutros produtos con saldo acredor, de conformidade co pactado para o efecto no Contrato Global Triodos aplicable.

4. INFORMACIÓN, EXTRACTOS E LIQUIDACIÓN

Rexeráse polo establecido nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

5. ENTRADA EN VIGOR, MODIFICACIÓN, DURACIÓN E CANCELACIÓN

5.1. A duración do Contrato é indefinida; a súa entrada en vigor regúlase polo establecido para o efecto nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

5.2. As modificacións realizaranse conforme ao previsto no Contrato Global Triodos.

5.3. Con independencia do dereito de desistencia contemplado máis adiante, a Cuenta Nueva Empresa poderá ser cancelada por calquera das partes sen necesidade de alegar motivo ningún, mediante unha simple notificación escrita cursada cun (1) mes de antelación á data da efectiva resolución.

5.4. Unha vez cancelada a Conta por calquera das causas previstas neste Contrato, o Cliente deberá liquidar, de habelos, os saldos debedores, as comisións e os gastos pendentes. Unha vez efectivamente cancelada a Conta, de existir saldos acredores, estes deixarán de devindicar xuros automaticamente e quedarán á disposición do Cliente.

6. XUROS, COMISIÓNS, GASTOS E VALORACIÓN

6.1. Xuros por saldo acredor. Os saldos acredores devindicarán a favor do Cliente

a taxa de xuro nominal pactada ou, na súa ausencia, as establecidas en cada momento no Taboleiro de Anuncios publicado por Triodos Bank en caso de modificación, consonte o establecido no Contrato Global Triodos aplicable. A devindicación dos xuros será diaria e a súa liquidación e aboamento coa frecuencia que se pactara ou, na súa ausencia, mensual. Os xuros anotaranse contablemente coa devandita periodicidade na Cuenta Nueva Empresa coas retencións fiscais que correspondan.

As modificacións das taxas de xuro ou dos tipos de cambio poderanse aplicar de inmediato e sen aviso previo, sempre que (i) as variacións se baseen nas taxas de xuro ou nos tipos de cambio de referencia acordadas previamente co Cliente ou (ii) sexan máis favorables para os usuarios de servizos de pagamento.

A fórmula utilizada para calcular o importe absoluto dos xuros devindicados por saldos debedores ou acredores será a do xuro simple: $\text{capital} \times \text{rédito} \times \text{tempo} / 36500$, onde o capital é o saldo mantido, o rédito a taxa de xuro nominal e o tempo os días de permanencia.

6.2. Comisións e gastos repercutibles

Todas as comisións e gastos que orixinen as operacións efectuadas polo Cliente cargaranse na Cuenta Nueva Empresa. O importe destas comisións será o publicado por Triodos Bank no correspondente Libro de Tarifas, Comisións e Gastos que se atopa na web do Banco, do que se puxo unha copia á disposición do Cliente, que outorgou a súa conformidade co seu contido.

Cargaranse na Cuenta Nueva Empresa as comisións e gastos contemplados en cada momento no Libro de Tarifas que se poidan devindicar por:

- **Administración.** O Banco percibirá a cantidade fixada en cada momento e por asentamento. Quedan excluídos (i) os primeiros asentamentos de cada período de liquidación, no número que se indica no Libro de Tarifas en vigor; (ii) os xerados pola utilización de tarxetas en caixeiros e comercios e (iii) os que se correspondan co aboamento ou co cargo de xuros na Conta.

- **Mantemento.** Por aquelas contas que non rexistraran movemento contable ningún durante o período de liquidación (exceptúanse do cómputo aqueles movementos que correspondan a xuros de capitalización da propia Conta ou os cargos debidos conforme a este Contrato), o Banco percibirá unha cantidade fixa anual, que se aboará na contía establecida en cada momento por cada Conta que non rexistrara movemento ningún nos termos referidos. Para o resto de contas, con carácter xeral, o Banco percibirá a cantidade fixa que se indica no Libro de Tarifas en cada momento, que se aboará unha vez por cada período de liquidación. A aplicación dunha delas exclúe a outra.

- **Envío de información en soporte papel por correo.**

A modificación das tarifas de comisións e gastos será notificada con antelación e de conformidade cos procedementos establecidos nas Condicións Xerais do Contrato Global Triodos aplicable.

En caso de que o Cliente non aceptase as novas condicións, procederáse á cancelación da Cuenta Nueva Empresa cos efectos previstos na cláusula quinta deste condicionado particular.

7. DEREITO DE DESISTENCIA

O dereito de desistencia regulado no Contrato Global Triodos aplicable, e segundo o procedemento descrito na web de Triodos Bank, resulta aplicable á Cuenta Nueva Empresa. Os Clientes persoas físicas, que actúen como consumidores cun propósito alleo á súa actividade empresarial ou profesional, poderán rescindir o Contrato deste produto financeiro suscrito a distancia con Triodos Bank sen necesidade de indicar os motivos e sen penalización ningunha. O dereito de desistencia poderá ser exercitado polos consumidores persoas físicas dentro do prazo de catorce (14) días naturais, computables desde o día da celebración do Contrato. O exercicio do dereito poderase efectuar (i) dirixindo unha carta asinada por todos os intervinientes a Triodos Bank NV, Sucursal en España, Departamento de Atención ao Cliente, José Echegaray 5, 28232 Las Rozas, Madrid, ou (ii) mediante sesión de Banca Telefónica utilizando as claves persoais.

8. TAXA ANUAL EQUIVALENTE (TAE)

A Taxa Anual Equivalente calculouse consonte a fórmula contida na Circular 5/2012 do Banco de España, publicada no BOE nº 161, do 6 de xullo de 2012, páxina 48 902, as modificacións posteriores e, se for o caso, de conformidade coas regulacións posteriores que no futuro se puidesen aprobar.

Depósito Triodos

Triodos Bank está adherido ao Fondo de Garantía de Depósitos neerlandés, que ofrece unha garantía de ata 100.000 euros por titular a respecto do efectivo depositado na entidade.

- 🔒 O reembolso, rescate ou devolución anticipada dunha parte ou de todo o principal investido están suxeitos a comisións ou penalizacións.
- 🔒 O reembolso, rescate ou devolución anticipada dunha parte ou de todo o principal están suxeitos a un prazo de aviso previo mínimo relevante.

1. OBXECTO

1.1. O Depósito Triodos (en adiante, o Depósito) consiste na imposición a prazo fixo dunha cantidade de diñeiro que se restitúe á finalización do indicado período, ao longo do cal ou ao vencemento deste, se liquidan e aboan os xuros correspondentes, de conformidade coas condicións pactadas. O Depósito constituirase polos prazos e nas modalidades ofertadas en cada momento polo Banco.

1.2. Trátase dun produto nominativo, intransferible e sempre ligado a unha Cuenta Corriente asociada aberta en Triodos (en adiante, a Conta asociada ou, sinxelamente, a Conta), da mesma titularidade, para os efectos de cargo dos importes que constitúan o Depósito e de aboamento dos xuros correspondentes.

2. ABOAMENTOS E DÉBEDAS

2.1. O aboamento para a apertura do Depósito efectuarase en todo caso mediante o ingreso proveniente da Conta asociada e conforme aos procedementos establecidos polo Banco en cada momento. A orde de traspaso da Conta asociada entenderase tacitamente efectuada a través da contratación do Depósito Triodos.

2.2. Unha vez constituído o Depósito, o Cliente non poderá variar o prazo contratado unilateralmente, con independencia da posibilidade de cancelación anticipada ou do exercicio do dereito de desistencia máis adiante contemplados.

2.3. 2.2. Igualmente, o aboamento dos xuros xerados, así como a reintegración do principal, efectuaráase o Banco a través da Conta asociada.

3. XUROS

3.1. Taxa de xuro

A taxa de xuro nominal aplicable a cada Depósito será a pactada no momento da súa contratación ou a publicada no Taboleiro de Anuncios vixente no momento da renovación deste.

3.2. Liquidación de xuros

O importe depositado devindicará xuros

dia a dia durante o prazo de vixencia do Depósito e serán aboados (tras a retención fiscal correspondente) ao vencemento ou nos momentos pactados na Conta asociada.

A fórmula utilizada para calcular o importe absoluto dos xuros devindicados será: $\text{capital} \times \text{rédito} \times \text{tempo} / 36\,500$ (36 600 nos anos bisestos), onde o capital é o saldo mantido, o rédito a taxa de xuro nominal e o tempo os días de permanencia.

A TAE, que para os efectos informativos figura na orde de contratación deste documento, formularase de acordo co establecido na Circular 5/2012 do Banco de España publicada no BOE nº 161, do 6 de xullo de 2012, páxina 48 902.

En caso de cancelación anticipada dun Depósito, e con independencia da aplicación da comisión correspondente, a liquidación dos xuros efectuarase polo período transcorrido desde a última data de aboamento de xuros (ou desde a súa apertura, se for o caso) até a data de cancelación.

3.3. Aboamento de xuros

Os xuros aboaranse na Conta asociada. Agás pacto expreso en contra, para os depósitos con prazo igual ou inferior a un ano, os xuros aboaranse ao vencemento. En caso de depósitos con prazo superior a un ano, o aboamento realizarase segundo o pacto acordado ao contratar o Depósito dentro das posibilidades que ofrezca Triodos Bank en cada momento.

4. DURACIÓN, RENOVACIÓN AUTOMÁTICA E VENCEMENTO

O Depósito terá a duración contratada

polo Cliente dentro das posibilidades que ofrezca Triodos Bank en cada momento. Para todos os efectos, especialmente respecto do comezo do prazo do Depósito e da liquidación e devindicación de xuros, o presente Contrato terá efectividade a partir da data na que se reciba o traspaso do capital proveniente da Conta asociada.

Chegada a data de vencemento, o Depósito quedará automaticamente renovado por un período igual, e coas mesmas condicións inicialmente pactadas, á taxa de xuro efectiva ofrecida por Triodos Bank no momento da renovación.

Sen prexuízo do anterior, calquera das partes poderá renunciar á renovación do Depósito con anterioridade ao seu vencemento. Por parte do Banco, bastará con que aboe, o día do vencemento, o importe depositado e os xuros devindicados na Conta asociada. Se é o Titular o que non desexa a renovación do Depósito, deberá cursar a correspondente instrución a Triodos Bank antes do vencemento do Depósito, para os efectos de que este proceda ao aboamento do capital e dos xuros xerados na Conta asociada na data do vencemento do Depósito.

Malia o anterior, durante os catorce (14) días seguintes ao vencemento do Depósito, o Cliente poderá rexeitar a nova taxa de xuro aplicada e cancelar o depósito.

5. CANCELACIÓN ANTICIPADA

O Banco, a petición do Cliente, poderá acceder á cancelación anticipada dun Depósito antes do seu vencemento. A solicitude do Cliente deberá ser efectuada, como mínimo, con tres (3) días

de antelación á data de cancelación solicitada. A comisión por cancelación anticipada será a contida no Libro de Tarifas publicada por Triodos Bank na data de apertura do Depósito, sen que a devandita comisión poida superar en ningún caso o importe neto correspondente aos xuros devindicados durante a vixencia do Depósito.

6. DEREITO DE DESISTENCIA

Resulta aplicable ao Depósito o dereito de desistencia regulado no Contrato Global Triodos de referencia, e segundo o procedemento descrito na web de Triodos Bank. Os Clientes persoas físicas, que actúen como consumidores cun propósito alleo á súa actividade empresarial ou profesional, poderán rescindir o Contrato do produto ou servizo financeiro subscrito a distancia con Triodos Bank, sen necesidade de indicar os motivos e sen penalización ningunha.

O dereito de desistencia poderá ser exercitado polos consumidores persoas físicas dentro do prazo de catorce (14) días naturais, computables desde o día da celebración do Contrato. O exercicio do dereito poderase efectuar (i) dirixindo unha carta asinada por todos os intervinientes a Triodos Bank NV, Sucursal en España, Departamento de Atención ao Cliente, José Echegaray 5, 28232 Las Rozas, Madrid, ou (ii) mediante sesión de Banca Telefónica utilizando as claves persoais.

// anexo J

Tarjeta Débito Triodos

TARJETA DÉBITO TRIODOS

1. OBXECTO

O obxecto deste Contrato é facilitarlles aos seus usuarios a utilización de medios de pagamento mediante a emisión e a entrega da Tarjeta Débito Triodos (en diante, a Tarxeta), de conformidade co contido destas condicións particulares e das condicións económicas que figuran no formulario de contratación. Estas condicións poderán actualizarse da forma prevista na cláusula décimo cuarta.

2. CONFORMIDADE COAS CONDICIÓNS XERAIS OU PARTICULARES

A utilización da Tarxeta por calquera das fórmulas máis adiante descritas implica a aceptación de:

- a) As presentes Condicións Particulares polas que se rexerán as relacións contractuais entre o Titular da Tarxeta e Triodos Bank.
- b) As condicións económicas reflectidas no formulario de contratación.
- c) Aquelas que en diante se establezan e se comuniquen polas canles establecidas.
- d) As Condicións Xerais do Contrato Global Triodos que resulten aplicables.

En caso de contradición, prevalecerá o establecido nas Condicións Particulares sobre o estipulado nas Condicións Xerais.

En caso de modificación das citadas condicións, se as novas condicións non son aceptadas polo Titular, este poderá resolver o Contrato sen prexuízo das obrigas que teña asumidas.

O Libro de Tarifas e o Taboleiro de Anuncios de Triodos Bank atópanse dispoñibles en soporte duradeiro susceptible de arquivo e impresión por parte do Cliente, na web de Triodos Bank e en papel nas oficinas do Banco. O Cliente recoñece que tivo acceso a estes coa suficiente antelación e con carácter previo á súa efectiva contratación.

3. TITULARIDADE

3.1. Titularidade. A Tarxeta é propiedade de Triodos Bank e emitirase con carácter persoal e intransferible a nome do Titular, que terá a condición de simple depositario desta. Unicamente estará lexitimada para a súa utilización a persoa física a cuxo nome se emita e cuxa sinatura aparecerá na propia Tarxeta.

3.2. Cuenta Corriente Triodos vinculada

á Tarxeta. O Titular deberá vincular a Tarxeta a unha Cuenta Corriente Triodos aberta en Triodos Bank na que interveña como titular ou cotitular. Na Conta vinculada, aboaranse ou cargaranse as operacións realizadas a través da Tarxeta, así como as comisións, xuros e demais gastos e obrigas de pagamento que deriven destas.

3.3. Tarxeta adicional. A petición do Titular (de todos os Titulares, en caso de cotitularidade da Cuenta Corriente Triodos) e tras a análise do Banco, Triodos Bank poderá emitir Tarxetas adicionais a favor de terceiros titulares.

A persoa que solicite a Triodos Bank a emisión da Tarxeta debe ser o Titular do Contrato. Ese Titular faise responsable do correcto uso que os cotitulares fagan das Tarxetas adicionais que se soliciten.

As Tarxetas adicionais outorgadas polo Titular terán, necesariamente, a mesma Cuenta Corriente Triodos asociada que a Tarxeta do Titular principal, de maneira que a solicitude de Tarxetas adicionais significará, desde ese momento, a aceptación por parte do Titular principal dos cargos que o Banco efectúe nas súas contas polas disposicións de efectivo e transaccións que se realicen con estas. As Tarxetas poranse á disposición do Titular e dos beneficiarios, se for o caso, mediante a súa entrega ou envío por correo, tanto no caso de emisión inicial como nas sucesivas renovacións destas.

3.4. O Titular do Contrato e o Titular da Tarxeta, en caso de ser diferentes, prestan o seu consentimento ao Contrato e obríganse solidariamente ao seu cumprimento.

3.5. Naqueles supostos especiais nos que se soliciten e expidan Tarxetas a

menores de idade, os seus representantes legais asumen a responsabilidade derivada das operacións que se realicen coas devanditas Tarxetas, así como todas as obrigas e responsabilidades que se establecen neste Contrato para a súa utilización.

4. DURACIÓN DO CONTRATO

O presente Contrato é de duración indefinida e ambas as partes, indistintamente, poden resolvelo na forma e cos prazos previstos nel.

A Tarxeta principal e, de ser o caso, as Tarxetas adicionais terán un prazo de validez limitado até o último día do mes que figure impreso nestas e, sen prexuízo da súa renovación unha vez caducadas, non poderán ser utilizadas con posterioridade ao devandito prazo.

Se está vixente o presente Contrato, Triodos Bank poderá remitirle ao Titular, ao seu vencemento, sucesivas Tarxetas, incluídas as Tarxetas adicionais, agás indicación expresa en contra polo seu Titular. Esta substitución poderá realizarse antes do vencemento da Tarxeta se está motivada pola incorporación á Tarxeta de novas funcionalidades non expresamente solicitadas polo usuario. Neste caso, a substitución realízase con carácter gratuito.

En caso de renovación (o envío doutras Tarxetas ao Titular ou Titulares de Tarxeta autorizados), esta e as seguintes rexeranse polo presente Contrato. Porén, o Banco resérvase a facultade de cancelar as Tarxetas durante o prazo de vixencia destas, así como a de non proceder á súa renovación ao seu vencemento, de xeito que o Titular e os Titulares de Tarxeta

autorizados perderían todos os dereitos relativos ao seu uso.

A cancelación ou o bloqueo da Tarxeta principal poderá deixar sen validez as adicionais. O Titular e os Titulares de Tarxeta autorizados deberán devolverlle as Tarxetas ao Banco tan pronto como se lles comunique a cancelación e correrán da súa conta todas as transaccións que se realicen coas devanditas Tarxetas até a súa efectiva devolución, mesmo as que estean en curso.

Se o Titular da Tarxeta cancelase a Conta asociada a esta, quedará obrigado á devolución simultánea da Tarxeta principal e das Tarxetas adicionais, coa obriga de lle reembolsar ao Banco o importe da débeda e gastos producidos pendentes de pagamento, en cuxo caso o Contrato quedará extinguido.

Así mesmo, o Titular poderá denunciar o Contrato en calquera momento mediante un escrito dirixido ao Banco, con devolución simultánea da Tarxeta ou Tarxetas e coa obriga de lle reembolsar ao Banco o importe da débeda e gastos producidos, pendentes de pagamento, en cuxo caso o Contrato quedará extinguido.

En calquera dos supostos previstos nesta cláusula, o Contrato conservará a súa eficacia en tanto estea pendente de cumprimento algunha débeda derivada da utilización da Tarxeta para os efectos da súa oportuna reclamación.

Triodos Bank resérvase o dereito de bloquear a utilización da Tarxeta por razóns obxectivamente xustificadas relacionadas coa seguridade desta ou coa sospeita dunha utilización non autorizada ou fraudulenta desta, cos límites e os requisitos que estableza a lexislación vixente en cada momento. Nestes

supostos, sempre que sexa posible, comunicaráselle o bloqueo ao Titular con carácter previo a este ou, de non poder ser así, despois da súa efectividade. Se as circunstancias que provocaron o bloqueo cesasen e se fose posible, desbloquearase a Tarxeta ou, na súa falta, substituirase por unha nova.

5. FUNCÍONS E SERVIZOS

A Tarxeta é un medio de pagamento e de disposición de diñeiro en efectivo, así como un identificador de acceso, vía telefónica ou electrónica, á información e transaccións sobre as contas do seu Titular e á contratación e pagamento de bens e servizos.

A Tarxeta é persoal e intransferible e ten asociado, para o seu uso en caixeiros e terminais de autoservizo, un número secreto, aínda que se poden establecer outras claves complementarias para outros usos ou dispositivos.

A Tarxeta permítelle ao seu Titular a realización de todas ou algunhas das seguintes operacións:

- a) Obtención de diñeiro en efectivo nas oficinas e caixeiros automáticos de Triodos Bank, ou doutras entidades financeiras, nacionais ou estranxeiras coas que existan acordos para este efecto, sen responsabilidade do Banco no caso de rexeitamento.
- b) Pagamento de bens e servizos nos establecementos, nacionais ou estranxeiros, nos que a Tarxeta sexa aceptada.
- c) Consulta de saldos, cambios de modalidade de pagamento, de número secreto e demais operacións rela-

tivas á Tarxeta; extractos de contas, transferencias, traspasos e demais operacións financeiras; contratación e pagamento de bens e servizos: entradas, títulos de transporte, impostos, recarga de teléfonos móbiles, etc.; todo isto a través de caixeiros ou a través de Banca Telefónica ou Banca Internet de Triodos Bank, e coas limitacións inherentes ao tipo de acceso e á necesidade de claves complementarias para determinadas operacións.

As posibilidades anteriores son citadas a título enumerativo e non limitativo. No futuro, poderanse incorporar outros servizos e utilidades ou modificar os existentes, do que se informará mediante comunicacións ou a través dos dispositivos automáticos.

Constituirán xustificantes das operacións e do seu importe o que rexistre a propia Tarxeta, o que figure nos rexistros informáticos do Banco e os comprobantes emitidos por calquera dispositivo habilitado para operar con Tarxetas, tanto se foron efectuadas polo propio Titular ou Titulares de Tarxeta autorizados como por terceiras persoas, con ou sen autorización daquel.

A acreditación da utilización da Tarxeta mediante facturas, recibos de datáfonos ou terminais electrónicos de rexistro ou a autorización de operacións ou a lectura da súa fita magnética que fagan presumir a súa presentación directa ou a identificación electrónica, aínda cando non se requira do Titular de Tarxeta autorizado a exhibición do seu documento persoal de identidade, sinatura ou Número de Identificación Persoal, implica a realidade da transacción efectuada e a conformidade deste coa anotación da operación na

Cuenta Corriente Triodos asociada. Ten as mesmas consecuencias a identificación do seu número nas vendas a distancia, xa que se presume a efectiva utilización da Tarxeta polo mero rexistro da transacción nos arquivos informáticos do Banco.

As operacións realizadas por Banca Telefónica ou Banca Internet, contrastadas polos medios de autenticación, consideraranse en todo caso válidas e entenderase que foron cursadas polo Titular, polo que producirán plenos efectos xurídicos. Como medio de proba destas operacións, o Titular autoriza o Banco a manter un rexistro informático de todas as conversas telefónicas ou a conservar o soporte magnético correspondente. O Titular poderá solicitar a transcripción escrita das devanditas conversas ou soportes, ás que se lles outorgará a consideración de proba suficiente ante calquera controversia que poida xurdir entre as partes.

6. OBRIGAS DE TRIODOS BANK

O Banco obrígase a:

- a) Manter en segredo o Número de Identificación Persoal da Tarxeta e, de ser o caso, das Tarxetas adicionais. En particular, soportará os riscos que poidan derivar do envío ao Titular ou a calquera dos beneficiarios, tanto dun instrumento de pagamento como de calquera elemento de seguridade personalizado deste.
- b) Anular as Tarxetas caducadas, así como as denunciadas por ter sido destruídas, roubadas ou extraviadas, ou porque o seu Número de Identificación Persoal sexa coñecido por unha persoa distinta do seu Titular. E impedir ao correspondente beneficia-

rio calquera utilización das Tarxetas desde ese momento.

c) Absterse de enviar instrumentos de pagamento que non sexan solicitados, agás en caso de que se deba substituír un instrumento de pagamento xa entregado ao Titular ou, se for o caso, ao(s) beneficiario(s), ou de que o seu envío estea suxeito aos supostos contemplados na normativa vixente en cada momento, incluídos aqueles supostos nos que, por motivos de seguridade, mellora técnica ou adecuación á tecnoloxía, resulte aconsellable á súa substitución.

d) Garantir que en todo momento haxa dispoñibles medios adecuados e gratuítos que lle permitan ao Titular realizar calquera comunicación, en particular en caso de extravío, subtracción ou utilización non autorizada da Tarxeta, ou solicitar un desbloqueo cando cesen as circunstancias que o motivaron. A este respecto, o Banco facilitaralle tamén gratuitamente ao Titular, cando este o requira, os medios que lle permitan demostrar que efectuou a devandita comunicación durante os dezaioito (18) meses seguintes a esta.

e) Informar o Titular e os beneficiarios do funcionamento e das posibilidades das Tarxetas e resolver cantas dúbidas lles poidan xurdir a respecto delas.

7. OBRIGAS DOS TITULARES E DOS BENEFICIARIOS

O Titular obrígase a:

a) Aceptar todas as operacións realizadas con calquera das Tarxetas que

se expidan ao abeiro deste Contrato, así como o cargo na Conta correspondente do importe das devanditas operacións, sempre e cando o Titular ou, se for o caso, o(s) beneficiario(s) prestase(n) debidamente o seu consentimento á execución de tales operacións.

b) Admitir como xustificante das operacións e do seu importe o que rexistre calquera das Tarxetas, o que figure nos rexistros informáticos do Banco e os comprobantes emitidos por calquera dispositivo habilitado para operar con Tarxetas, cando estas operacións foran efectuadas polo propio Titular da Tarxeta, por beneficiarios titulares das Tarxetas adicionais ou por terceiras persoas con autorización dalgún dos anteriores, a condición de que quede constancia da referencia que permita identificar a operación executada e, se for o caso, a información relativa ao beneficiario, o importe da operación na moeda en que se cargara na Cuenta Corriente Triodos asociada, o importe de calquera gasto da operación e, se é o caso, a correspondente desagregación de gastos e xuros que deba aboar o Titular, a data de recepción da orde de pagamento e, se é o caso, o tipo de cambio utilizado na operación de pagamento polo provedor de servizos de pagamento do Titular, e o importe da operación de pagamento tras a devandita conversión de moeda.

c) Comunicarlle ao Banco o cargo de calquera transacción non autorizada polo Titular ou polos beneficiarios das Tarxetas, así como calquera erro ou irregularidade que se detecte no funcionamento destas, para que o Banco poida proceder á súa oportuna rec-

tificación. Para isto, o Titular deberá proceder á devandita comunicación sen demora indebida, en canto teña coñecemento do cargo non autorizado ou da operación incorrectamente executada, antes de que transcorran trece (13) meses desde a data de tal cargo ou operación, sempre que o Banco puxera á súa disposición ou fixera accesible a información correspondente.

d) Responder da veracidade e corrección dos datos do(s) beneficiario(s) facilitados polo Titular, co fin de que as Tarxetas poidan ser personalizadas a nome destes.

e) Informar debidamente o(s) beneficiario(s) do contido do presente Contrato.

f) Asinar a Tarxeta de inmediato.

g) Tomar as precaucións debidas para garantir a seguridade da Tarxeta e do procedemento que permite utilizala, especialmente, manter en segredo o Número de Identificación Persoal.

h) Custodiar coa debida dilixencia e utilizar correctamente a Tarxeta que se lle entrega en concepto de depósito.

i) Tomar as precaucións necesarias a fin de evitar a subtracción, falsificación ou perda da Tarxeta.

k) Notificar a perda, roubo ou falsificación da Tarxeta e o coñecemento por outras persoas, contra a súa vontade, do Número de Identificación Persoal, sen demora indebida en canto teña coñecemento do ocorrido. A devandita notificación realizarase en calquera oficina do Banco ou nos teléfonos que figuran na propia Tarxeta,

para que o Banco tome as medidas de precaución que se poidan adoptar co fin de impedir o uso indebido da Tarxeta. Este aviso deberá ser confirmado posteriormente, con carácter urxente, por correo certificado ou presentándose en calquera oficina do Banco, para subscribir o documento correspondente.

l) Devolverlle a Tarxeta ao Banco ou destruíla cando este o esixa, cando quede bloqueada ou cancelada a Conta, cando o Titular revogue a autorización para efectuar os cargos na Conta, cando se comprobara falsidade nos datos do Titular consignados na solicitude da Tarxeta, cando houbera por parte do Titular da Tarxeta incumprimento de calquera das normas do presente Contrato ou cando se producira unha modificación na solvencia do Titular que, a xuízo do Banco, implique unha insuficiente cobertura do risco xerado pola posesión ou o uso da Tarxeta, agás cando, neste último suposto, o Titular proceda con carácter inmediato a garantir de xeito suficiente, mediante garantía real, a débeda fronte ao Banco.

m) Destruír ou entregarlle ao Banco a Tarxeta que caducara ou que fora substituída.

n) En xeral, para adquirir bens e utilizar os servizos que ofrece a Tarxeta nos establecementos adheridos requírese (i) presentar a Tarxeta e asinar a factura emitida polo establecemento ou teclear o PIN, o que suporá a total conformidade coa operación realizada, e (ii) acreditar a súa identidade no momento de presentar a Tarxeta para a execución da operación correspondente.

o) Obriga de pagamento. O Titular está obrigado ao pagamento de cantas cantidades lle deba ao Banco por calquera concepto, derivadas da emisión e da utilización da Tarxeta e das Tarxetas adicionais, de conformidade co establecido baixo o presente Contrato.

Así mesmo, as obrigas do Titular a respecto da Tarxeta citadas nos puntos f) a n) anteriores (ambos os dous inclusive), serán igualmente aplicables aos beneficiarios, de habelos, a respecto das Tarxetas adicionais.

p) Ter en todo momento fondos suficientes depositados no Banco para cubrir as responsabilidades de pagamento que puidesen derivar do presente Contrato. O Banco resérvase o dereito a condicionar a contratación da Tarxeta, as súas sucesivas renovacións ou a resolución do Contrato de se incumpriren os requisitos previstos neste Contrato.

q) Consultar os movementos da Tarxeta con regularidade, polo menos mensualmente, e cada vez que se observen cargos que, pola súa contía ou polas súas características, non se correspondan con operacións habitualmente realizadas polo Titular ou, se for o caso, os beneficiarios.

r) Deberán ser titulares dun número de teléfono móbil activo en todo o territorio español, unicamente para os efectos de recibir os servizos necesarios para o correcto mantemento do presente Contrato e para lle comunicar ao Banco, coa maior dilixencia e brevidade posible, calquera incidencia relacionada co devandito número que puidese pór en perigo o correcto uso da Tarxeta por parte do seu Titu-

lar, incluíndo, de forma enunciativa e nos termos máis amplos posibles, aqueles supostos de extravío, roubo, perda ou subtracción do teléfono, así como aqueles outros supostos nos que o Titular reciba mensaxes ou comunicados no seu teléfono móbil que alerten da realización de operacións a través da Tarxeta que non recoñeza como realizadas por este.

8. RESPONSABILIDADE POR USO FRAUDULENTO

a) O Titular queda exento de calquera responsabilidade polo uso indebido da Tarxeta (ou, se é o caso, dalgunha das Tarxetas adicionais) e do Número de Identificación Persoal, desde o momento en que notificara, conforme á condición sétima, a perda, roubo ou falsificación da Tarxeta (ou dalgunha das Tarxetas adicionais), ou o coñecemento do devandito Número de Identificación Persoal por outra persoa, sempre que non se lle poida atribuír dolo ou culpa. O uso autorizado do Número de Identificación Persoal por persoa distinta do Titular ou dos beneficiarios presupón, agás proba en contrario, grave negligencia ou fraude por parte deste, coa excepción de forza maior.

b) O Banco, sen prexuízo de adoptar as medidas que estime pertinentes, queda exento de responsabilidade en caso de falta de atención a calquera das Tarxetas por parte dalgún dos comercios, bancos e caixas comprometidos á venda de bens ou prestación de servizos, ou por incidencias de tipo técnico ou operativo nos caixeiros automáticos alleos á súa propia rede

aos que estea conectado, salvo dolo ou culpa grave pola súa parte.

c) O Banco permanecerá igualmente alleo ás incidencias e responsabilidades que poidan derivar da operación realizada entre o establecemento e o Titular da Tarxeta ou os beneficiarios das Tarxetas adicionais, se é o caso.

d) O Titular é responsable do uso correcto e da conservación tanto da Tarxeta como das Tarxetas adicionais.

Sen prexuízo do anterior, a responsabilidade dos Titulares ou beneficiarios, por utilizacións fraudulentas das Tarxetas realizadas por terceiros antes da notificación da súa perda ou roubo, quedará limitada a cincuenta (50) euros, agás que mediase dolo, culpa ou negligencia daqueles.

e) O Banco non será responsable de se produciren circunstancias excepcionais e imprevisibles fóra do seu control razoable cuxas consecuencias foran inevitables, a pesar de todos os esforzos por evitalas.

9. NON-EXECUCIÓN OU EXECUCIÓN DEFECTUOSA

Triodos Bank NV, S.E. será responsable, fronte ao Titular da Tarxeta, da correcta execución da operación de pagamento ata o momento no que o seu importe se aboe na conta do provedor de servizos de pagamento do beneficiario. En caso de operacións de pagamento non executadas ou executadas defectuosamente por causa imputable a Triodos Bank NV, S.E., este devolverá sen demora inustificada ao Titular a cantidade correspondente á operación e, se for o caso, restablecerá o saldo da conta de pagamento á situación

na que estaría de non se producir a operación de pagamento defectuosa.

10. COMISIÓNS

Serán de aplicación as comisións ou gastos que se consignan nas Condicións Particulares deste Contrato e que, en cumprimento da normativa vixente, se describen a continuación:

a) Comisión por emisión e mantemento. Cobrarase unha cota anual pola simple posesión da Tarxeta e de cada unha das Tarxetas adicionais ou en función do importe disposto polo Titular, segundo se determine nas Condicións Particulares.

b) Comisión por disposición de efectivo. Cobrarase pola utilización das Tarxetas para a obtención de efectivo; a comisión poderá ser distinta en función de que a disposición se realice en caixeiros da propia rede ou dunha rede distinta, dentro ou fóra da zona euro. A comisión cargarase xunto co importe de efectivo retirado ou na seguinte liquidación practicada, segundo se detalla nas Condicións Particulares.

c) Comisión por excedido en tarxeta. Cobrarase a establecida nas Condicións Particulares sobre a cantidade que exceda do límite do saldo dispoñible en cada momento.

d) Comisión por reclamación ou xestión de cobro de posicións debedoras vencidas: por cada xestión de cobro que se emprenda sobre unha cantidade debida polo Titular do Cartón que resulte esixible, e sobre cada nova posición debedora, sempre que tal reclamación ou xestión de cobro rea-

lícese, percibirase por unha soa vez, en concepto de gastos de xestión de cobro, unha comisión na contía precisada nas Condicións Particulares..

e) Comisión por duplicado de Tarxeta. Cobrarase a cantidade especificada nas Condicións Particulares, sempre e cando sexa por causa atribuíble ao Titular ou ao(s) beneficiario(s).

f) Comisión por envío de duplicado de extracto. O Banco cobrará un gasto por cada envío de duplicado de extractos solicitado polo Titular, nos termos recollidos no Libro de Tarifas.

g) Comisión por consulta de saldos e movementos. Cobrarase unha comisión segundo o Libro de Tarifas pola consulta de saldos ou de movementos, que poderá ser distinta en función de que se realice en caixeiros da propia rede ou dunha distinta.

h) Comisión por cambio de divisa. Cobrarase unha comisión nas operacións nas que se realice cambio de divisa nos termos indicados nas Condicións Particulares. Nesas condicións, indicarase segundo o Libro de Tarifas.

11. FORMA DE PAGAMENTO

As obrigas de pagamento nacidas como consecuencia da utilización da Tarxeta polo seu Titular, ben sexa como medio de pagamento de bens ou servizos, ben como medio para obter diñeiro efectivo, así como as comisións e xuros que se poidan devindicar a favor de Triodos Bank ao abeiro do presente Contrato, cargaranse na(s) Conta(s) vinculada(s) sinalada(s), para o que se deberá efectuar a provisión de fondos suficiente.

O importe máximo das operacións que se poden efectuar coa Tarxeta non deberá exceder o total dos fondos dispoñibles na Cuenta Corriente Triodos vinculada á Tarxeta e designada polo Cliente. Calquera exceso de disposición neste sentido faculta a Triodos Bank a cargar o mesmo inmediatamente.

As operacións realizadas cargaranse nas contas soporte da Tarxeta cando sexan recibidas, con data valor do día en que se realizaron.

Para a extracción de efectivo en caixeiros automáticos, o Titular ou os Titulares non poderán exceder o importe máximo establecido como límite diario de efectivo, cuxa contía se establece nas Condicións Particulares.

12. USO DA TARXETA NO ESTRANXEIRO

A titularidade e a posesión da Tarxeta habilita a súa utilización fóra do Estado español, aínda que nestes casos con pleno sometemento ao ordenamento xurídico do Estado no que se utilice, ao cumprimento das normas sobre control de cambios que resulten aplicables e á aplicación dos tipos de cambio do día no que o sistema de xestión da Tarxeta autorice a transacción. O cambio será incrementado coas comisións que teña estipuladas o Banco para este tipo de operacións.

13. ESIXIBILIDADE DO BANCO

O Titular está obrigado ao pagamento de cantas cantidades lle deba ao Banco por calquera concepto, en relación coa emisión e coa utilización tanto da Tarxeta

obxecto do presente Contrato como das Tarxetas adicionais que se expidan con base neste.

En caso de incumprimento polo Titular da obriga antes referida, o Banco poderá declarar esixible inmediatamente o saldo total da Tarxeta, así como todas as cantidades debidas polo Titular en virtude do pactado neste Contrato.

Os contratantes pactan expresamente que constituirá proba suficiente da cantidade reclamada a certificación expedida polo Banco, que indicará o saldo debido unha vez practicada a correspondente liquidación. Tal saldo debedor así determinado terá a consideración de cantidade líquida e esixible para os efectos do pagamento, sen que o debedor poida de ningún xeito impugnar ou non admitir o contido da antedita certificación, recoñecéndolle por anticipado plena eficacia en caso de xuízo.

Bastarán para a reclamación xudicial da débeda a certificación descrita no parágrafo anterior e un exemplar do Contrato.

14. XUROS DE DEMORA

Para aquelas cantidades debidas ao Banco como consecuencia da utilización da Tarxeta, incluídos os gastos e comisións que non sexan reembolsados dentro do prazo fixado, o Banco aplicará a taxa de xuro nominal de demora establecida no Taboleiro de Anuncios e publicado na web de Triodos Bank. Todo iso sen prexuízo da facultade que asiste ao Banco de resolver este Contrato.

15. TAXA ANUAL EQUIVALENTE (TAE)

A Taxa Anual Equivalente calculouse conxuntamente a fórmula contida na Circular 5/2012 do Banco de España, publicada no BOE nº 161, do 6 de xullo de 2012, páxina 48 902.

16. MODIFICACIÓNS DAS PRESENTES CONDICIÓN

O Titular e Triodos Bank acordan expresamente a reserva a favor de Triodos Bank do dereito a modificar calquera das condicións deste Contrato, incluídas as relativas a xuros, comisións, cotas ou gastos, por medio da notificación individual ao Titular cunha antelación non inferior a dous (2) meses respecto da data na que entre en vigor a modificación proposta. Entenderase que o Titular aceptou as modificacións se non manifesta a súa non aceptación das novas condicións con anterioridade á súa entrada en vigor. Neste caso, o Titular poderá optar pola resolución do Contrato tras a devolución das Tarxetas (principais e adicionais ou de beneficiarios) e o aboamento ao Banco do saldo debedor pendente de pagamento. Se se optou pola resolución, as comisións e xuros que se devindiquen até o completo pagamento de canto se deba liquidaranse aos tipos ou importes anteriores á modificación.

17. COMPENSACIÓN

A confluencia de diversas posicións, aínda que sexan de distinta natureza coa mesma titularidade, implica que os saldos acredores garantirán aos debedores. Ambas as partes quedarán facultadas para regularizar ou amortizar o saldo debedor de calquera delas cos acredores das outras contas. Se non fose posible a cancelación total do saldo debedor, compensaranse en

primeiro lugar os gastos e comisións, en segundo lugar os xuros e en último lugar o capital, comezando, dentro de cada unha desas clases de débedas, polas partidas máis antigas.

18. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Ambas as partes quedan facultadas para resolver de forma unilateral o presente Contrato mediante a simple notificación escrita efectuada con dous (2) meses de antelación á data de efectos da resolución. O Titular queda obrigado a reintegrar as posibles débedas pendentes, comisións, gastos ou xuros. Malia o anterior, Triodos Bank poderá resolver de forma inmediata o presente Contrato mediante a simple comunicación, dirixida ao Titular e enviada ao domicilio indicado para notificacións, polas seguintes causas especiais de resolución:

- a) Incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo Titular ou polos beneficiarios en virtude do presente Contrato.
- b) Falecemento do Titular, se todos ou parte dos seus bens fosen obxecto de embargo ou sufrisen unha sensible diminución do seu valor.
- c) Se as declaracións ou datos informados polo Titular que motivaron que Triodos Bank lle conceda a Tarxeta resultasen ser falsos ou inexactos.
- d) Se o Titular, por calquera causa, cesase na continuidade dos seus negocios ou acordase a súa disolución ou liquidación.
- e) Cando o Titular da Tarxeta fose declarado en estado de concurso de acredores.

19. NOTIFICACIÓNS ENTRE AS PARTES

Para os efectos deste Contrato, os domicilios das partes son os establecidos no formulario de contratación. Os cambios de domicilio deberanse notificar por escrito.

20. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o(s) asinante(s) queda(n) informado(s) e consente(n) expresamente que os datos de carácter persoal facilitados neste Contrato, incluídos o teléfono móbil e o enderezo de correo electrónico, así como os obtidos como consecuencia deste e da relación establecida entre as partes, queden incorporados a ficheiros dos que é responsable Triodos Bank, e que se atopan debidamente inscritos no Rexistro Xeral de Protección de Datos ante a Axencia Española de Protección de Datos perante a Axencia Española de Protección de Datos. O Titular e, se é o caso, os beneficiarios da Tarxeta declaran coñecer e aceptar expresamente a regulación e o tratamento dos seus datos persoais, conforme o establecido no Contrato Global Triodos suscrito polo Titular en Triodos Bank, cuxas Condicións Xerais están á súa disposición na web do Banco e en calquera das oficinas de Triodos Bank.

O Titular autoriza expresamente a Triodos Bank para recompilar información relativa aos seus antecedentes crediticios, coa finalidade de analizar a solicitude de cré-

dito e, se é o caso, para a xestión de futuras modificacións do crédito ou dos seus límites, procedente de calquera persoa ou entidade pública ou privada que resulte pertinente; en concreto, da Central de Información de Riscos do Banco de España e dos servizos de información de ASNEF/Equipax, Experian, Badexcug, RAI ou a aqueles de similares características que no futuro puidesen substituílos. O Titular consente expresamente calquera comunicación, tratamento ou cesión de datos aos citados ficheiros sobre solvencia patrimonial e de xestión do risco crediticio, e queda especificamente informado de que o incumprimento das obrigas contractuais poderá dar lugar á declaración da débeda contraída con Triodos Bank.

21. DEREITO DE DESISTENCIA

Para os efectos previstos na Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores, cando o Titular sexa unha persoa física considerada para os efectos legais como un consumidor, actúe fóra do seu ámbito profesional ou empresarial e contrate a opción de Tarxeta, disporá dun prazo de catorce (14) días naturais para desistir deste Contrato sen indicar o motivo. Este prazo de desistencia iniciárase na data de outorgamento do presente Contrato.

Se o Titular exerce o seu dereito de desistencia, deberá:

- a) Notificarlo ao Banco mediante carta certificada con xustificante de recepción. Considerarase que se respectou o prazo e, en consecuencia, a desistencia producirá efecto se a notificación se enviou antes da expi-

ración do indicado prazo de catorce (14) días naturais.

- b) Pagarlle ao Banco a disposición de fondos que realizara, sen ningunha demora indebida e, como moi tarde, aos trinta (30) días de lle ter enviado a notificación de desistencia ao Banco.

22. GASTOS

O Banco poderá repercutir no titular os gastos de correo, SMS, teléfono, télex, telefax ou semellantes que se ocasionen como consecuencia do presente Contrato.

23. XURISDICIÓN E COMPETENCIA

As partes sométense para cantas cuestións e controversias se susciten con respecto á interpretación, aplicación, cumprimento e execución, así como para o exercicio de cantas accións e reclamacións lles puidesen corresponder ás partes intervinientes no presente Contrato, aos xulgados e tribunais de Madrid, salvo que puidesen corresponder outros de acordo coa lexislación aplicable.

24. CONDICIÓNS XERAIS DA CONTRATACIÓN

As partes conveñen que as cláusulas precedentes recollidas no presente Contrato, agás as expresamente cualificadas como Condicións Particulares, deben ser consideradas como Condicións Xerais da contratación, para os efectos sinalados na Lei 7/1998, do 13 de abril, de condicións xerais da contratación, as cales se

incorporan a este por ser expresamente comprendidas e aceptadas polo Titular e os beneficiarios, na súa condición de adherentes, despois de seren expresa e previamente informados da súa existencia por parte do Banco, na súa condición de predisponente.

// anexo K

Tarjeta Crédito Triodos

1. REGULACIÓN.

En caso de aprobación, a presente solicitude terá carácter contractual e a Tarxeta rexerese polas Condicións Particulares e Xerais establecidas no presente contrato, así como polo que lle resulte de aplicación do Contrato Global Triodos vixente. O emisor da Tarxeta é Triodos Bank NV Sucursal en España (en diante, Triodos Bank NV S.E. ou o Banco), con CIF W0032597G e domicilio social na rúa José Echegaray 5, Parque Empresarial Las Rozas, 28232 Las Rozas (Madrid), inscrito no Rexistro Mercantil de Madrid, tomo 18.314, libro 0, folio 150, sección 8, folia M-317563, inscrición 1.a e no Rexistro Administrativo Especial a cargo do Banco de España (Rexistro de Bancos) co número 1491. Triodos Bank é a sucursal española da sociedade anónima de nacionalidade holandesa Triodos Bank NV, entidade de crédito con domicilio social en Nieuweroordweg 1, PP Box 55, 3700 AB Zeist (Países Baixos), autorizada e rexistrada no Banco Central dos Países Baixos e inscrita na Cámara de Comercio de Utrecht co número 30062415. Triodos Bank opera baixo a supervisión do Banco de España (rúa Alcalá, 48 – 28014 Madrid), en materia de liquidez, transparencia e normas de interese xeral, da Comisión Nacional do Mercado de Valores (www.cnmv.es) e do

Banco Central dos Países Baixos.

O Banco, ao emitir as Tarxetas, faino como entidade membro ou adherida a sistemas de pagamento nacionais ou internacionais, e queda sometida ás regras que os devanditos sistemas ou entidades de pagamentos nacionais ou internacionais apliquen. Polo tanto, o uso das Tarxetas quedará sometido ao que os devanditos sistemas de pagamento en cada momento teñan establecido.

No suposto de que o Titular sexa unha persoa xurídica ou, na súa ausencia, unha persoa física que actúe fóra do seu ámbito particular ou dentro da súa actividade comercial, empresarial ou profesional, as partes acordan, consonte o réxime opcional contemplado nos artigos 17 e 23 da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de Servizos de Pagamento, a non aplicación ao presente contrato do Título III, así como dos artigos 24.1, 25.1 último inciso do primeiro parágrafo, 30, 32, 33, 34, 37 e 45 da devandita lei, das súas modificacións e dos seus desenvolvementos regulamentarios. Acordan, así mesmo, a non aplicación da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, coa excepción do establecido no capítulo II do Título III da Circular 5/2012, do 27 de xuño, do Banco de España, a entidades de crédito

e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de empréstitos, que a desenvolve, agás no establecido nas súas normas décimo terceira e décimo quinta. Consonte o establecido na Orde EHA/1608/2010, do 14 de xuño, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento, as partes acordan que non será aplicable esta Orde ou calquera outra normativa de desenvolvemento das anteriores normas.

2. EMISIÓN E TITULARIDADE.

A tarxeta é propiedade do Banco e emítese con carácter persoal e intransferible a nome dunha persoa física titular, cuxo nome terá que figurar rexistrado na propia tarxeta da súa titularidade (en adiante, a Tarxeta).

O Titular deberá ser, así mesmo, titular dunha Cuenta Corriente Triodos asociada (Conta Asociada), onde se farán efectivos os cargos derivados do presente Contrato. O Banco resérvase o dereito a establecer os requisitos e as garantías necesarias para conceder a emisión e, de ser o caso, a renovación desta Tarxeta.

Tras a solicitude ao Banco e coa conformidade deste, o Titular poderá obter a expedición de Tarxetas adicionais a nome doutra ou doutras persoas por el designadas (os beneficiarios). Estas Tarxetas adicionais rexeranse polas condicións do presente Contrato. O Titular faise responsable do correcto uso que os beneficiarios fagan das Tarxetas adicionais.

As Tarxetas adicionais terán a mesma Conta asociada que a Tarxeta do Titular,

polo que este acepta expresamente os cargos que o Banco efectúe na Conta Asociada polas disposicións de efectivo e transaccións que se realicen coas Tarxetas adicionais. A Tarxeta e as Tarxetas adicionais (conxuntamente, as Tarxetas) poranse á disposición do Titular e, de ser o caso, dos beneficiarios mediante a súa entrega ou envío por correo postal, tanto no caso de emisión inicial coma nas súas sucesivas renovacións.

3. DURACIÓN DO CONTRATO E CADUCIDADE DAS TARXETAS.

Este Contrato ten unha duración indefinida, aínda que as Tarxetas terán un prazo de validez limitado ata o último día do mes que figure impreso nas mesmas. Calquera das Partes poderá resolver o Contrato en calquera momento, comunicándoo á outra Parte, consonte o indicado na cláusula vixésimo primeira do presente Contrato, cunha antelación á data na que se faga efectiva a resolución de, cando menos, dous (2) meses, no caso do Banco e dun (1) mes no caso de que sexa o Titular o que inste a resolución. O Titular e os beneficiarios deberán devolver ao Banco ou destruír as Tarxetas na data na que se faga efectiva a resolución, e serán ao seu cargo todas as transaccións que realicen coas devanditas Tarxetas até a súa efectiva devolución ou destrución, se esta se produce despois da devandita data. O cliente deberá reembolsar o importe da débeda existente na data de terminación xunto coas comisións e gastos pendentes de pagamento. Unha vez cumpridas estas obrigas por parte do Titular, o Contrato quedará extinguido.

Se o Titular da Tarxeta quixese cancelar a Conta Asociada, quedará obrigado

á devolución simultánea das Tarxetas adicionais, e a reembolsar ao Banco o importe da débeda existente, de ser o caso, e os gastos producidos ou pendentes de pagamento. Unha vez efectuada a devolución e o reembolso, o Contrato quedará extinguido e poderase cancelar a Conta Asociada.

4. OPERACIÓNS.

Coas Tarxetas do Banco poderanse realizar os seguintes servizos de pagamento: adquirir bens ou obter a prestación de servizos nos establecementos nacionais ou estranxeiros nos que sexa admitida a tarxeta, dispor de efectivo a través de caixeiros automáticos ou de entidades de crédito coas que o Banco manteña acordos que o permitan e gozar doutros servizos que estean ou se poñan á disposición do Titular e dos beneficiarios no futuro.

Todas as operacións das Tarxetas rexistraranse nunha Conta de carácter contable (a Conta da Tarxeta), na que se dará de alta o importe de cada operación, ata que sexa amortizada.

5. NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN PERSOAL.

Para realizar calquera das operacións dispoñibles nos caixeiros automáticos, o Banco comunicarlle ao Titular e aos beneficiarios un Número de Identificación Persoal (PIN) para cada unha das Tarxetas.

O PIN é persoal e intransferible (non pode ser comunicado a terceiros) e poderá ser modificado polo Titular, ou os beneficiarios, consonte o sistema que estableza o Banco.

6. OBRIGAS DO TITULAR.

O Titular queda obrigado a:

a) Aceptar todas as operacións realizadas con calquera das Tarxetas que se expidan ao abeiro deste Contrato.

b) Admitir como xustificante das operacións e do seu importe o que rexistre calquera das Tarxetas, o que figure nos rexistros informáticos do Banco e os comprobantes emitidos por calquera dispositivo habilitado para operar con Tarxetas, tanto se foron efectuadas polo propio titular da Tarxeta como polos beneficiarios titulares das Tarxetas adicionais ou por terceiras persoas con autorización dalgún dos anteriores.

c) Comunicar ao Banco o cargo de calquera transacción non autorizada polo Titular ou polos beneficiarios das Tarxetas, así como calquera erro ou irregularidade que se detecte no funcionamento das Tarxetas, para que o Banco poida proceder á súa oportuna rectificación. Para isto, o Titular deberá proceder á devandita comunicación sen demora indebida en canto teña coñecemento do cargo non autorizado ou da operación incorrectamente executada e, en todo caso, deberá comunicalo antes de que transcorran trece (13) meses desde a data de tal cargo ou operación, sempre que o Banco puxera á súa disposición ou fixera accesible a información correspondente.

d) Tomar as precaucións debidas para garantir a seguridade da Tarxeta (evitar a súa perda, subtracción ou falsificación) e do procedemento que permite utilizala, especialmente,

manter en segredo o PIN, e asinar a Tarxeta.

e) Notificar a perda, roubo ou falsificación da Tarxeta e o coñecemento por outras persoas, contra a súa vontade, do PIN, sen demora indebida en canto teña coñecemento do ocorrido. A devandita notificación realizarase en calquera oficina do Banco ou no teléfono 902 171 272 que figura na propia Tarxeta para estes efectos. Este aviso deberá ser confirmado posteriormente, con carácter urgente, por correo certificado ou presentándose en calquera oficina do Banco, para subscribir o documento correspondente.

f) Devolver a Tarxeta ao Banco ou destruíla cando caducara ou fora substituída e cando quede bloqueada ou cancelada a Tarxeta e/ou a Conta Asociada, sen importar a causa.

g) En xeral, para adquirir bens e utilizar os servizos que ofrece a Tarxeta nos establecementos adheridos, o Titular debe i) presentar a Tarxeta e asinar a factura emitida polo establecemento ou teclear o PIN, o que suporá a total conformidade coa operación realizada, e ii) acreditar a súa identidade no momento de presentar a Tarxeta para a execución da operación correspondente. No suposto de que Triodos Bank emita tarxetas con tecnoloxía contactless, as partes aceptan equiparar xuridicamente a sinatura autógrafa do Titular das mesmas coa súa utilización mediante a aproximación polo Titular da tarxeta aos caixeiros automáticos, Terminais de Punto de Venda (TPV) ou outros equipos de cobramento de forma que se produza a transacción no momen-

to da sinatura autógrafa do Titular da tarxeta. No caso das operacións realizadas por Banca Telefónica ou Banca Internet, o Titular deberá seguir os procedementos de seguridade, identificación e autenticación que o Banco poña a disposición do Titular en cada momento. Sen prexuízo do anterior, Triodos Bank poderá requirir a sinatura autógrafa do titular, a introdución da chave secreta (PIN) da tarxeta ou calquera outro sistema de identificación pactado, consonte as condicións específicas de uso das tarxetas con tecnoloxía contactless, vixentes en cada momento e país, e en todo caso, o Banco poderá esixir, por motivos de seguridade, calquera dos anteriores medios de identificación do titular que está a utilizar a tarxeta. Así mesmo, o titular da tarxeta acepta todas as operacións realizadas a través das tarxetas con tecnoloxía contactless nas que o Banco non esixa o uso dun medio de identificación do titular da tarxeta.

h) Obriga de pagamento. O Titular está obrigado ao pagamento de cantas cantidades deba ao Banco por calquera concepto, derivadas da emisión e da utilización das Tarxetas, de conformidade co establecido baixo o presente Contrato. Así mesmo, as obrigas do Titular con respecto á Tarxeta citadas nos puntos d) a g) anteriores (ambos os dous inclusive), serán igualmente aplicables aos beneficiarios, de os haber, con respecto ás Tarxetas adicionais.

i) Ter en todo momento fondos suficientes depositados no Banco para cubrir as responsabilidades de pagamento que puidesen derivar do presente Contrato. O Banco resérvase

o dereito a condicionar a contratación da Tarxeta, as súas sucesivas renovacións ou a resolución do Contrato, ao cumprimento dos requisitos de garantía das obrigas que se establezan, de permanencia de fondos suficientes depositados no Banco polo Cliente ou doutros requisitos que permitan contar con suficientes garantías de cobertura do crédito concedido.

j) Consultar os movementos da Tarxeta con regularidade, polo menos mensualmente, e cada vez que se observen cargos que, pola súa contía ou polas súas características, non se correspondan con operacións habitualmente realizadas polo Titular ou, se for o caso, os beneficiarios.

k) Ser titular dun número de teléfono móbil activo en todo o territorio español, a efectos de recibir os servizos necesarios para o correcto mantemento do presente Contrato, en particular alertas sobre operacións realizadas coa Tarxeta e calquera comunicación ou mensaxe relacionada coa xestión da Tarxeta. O Titular comunicará ao Banco, coa maior dilixencia e brevidade posible, calquera incidencia relacionada co devandito número que puidese pór en perigo o correcto uso da Tarxeta.

7. EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE

a) O Titular queda exento de calquera responsabilidade polo uso indebido das Tarxetas e do PIN, desde o momento en que notificara, conforme á condición sexta, a perda, roubo ou falsificación das Tarxetas, ou o coñe-

cemento do devandito PIN por outra persoa, sempre que non se lle poida atribuír dolo ou culpa.

b) O Banco, sen prexuízo de adoptar as medidas que estime pertinentes, queda exento de responsabilidade en caso de falta de atención a calquera das Tarxetas por parte dalgún dos comercios, bancos e caixas comprometidos á venda de bens ou prestación de servizos, ou por incidencias de tipo técnico ou operativo nos caixeiros automáticos alleos á súa propia rede aos que estea conectado, salvo dolo ou culpa grave pola súa parte.

c) O Banco permanecerá igualmente alleo ás incidencias e responsabilidades que poidan derivar da operación realizada entre o establecemento e o Titular da Tarxeta ou os beneficiarios das Tarxetas adicionais, de habelos.

d) O Titular é responsable do uso correcto e da conservación das Tarxetas. Sen prexuízo do anterior, a responsabilidade dos Titulares ou beneficiarios, por utilizacións fraudulentas das Tarxetas realizadas por terceiros antes da notificación da súa perda ou roubo, quedará limitada a cincuenta (50) euros, agás que mediase dolo, culpa ou negligencia daqueles.

e) O Banco non será responsable de se produciren circunstancias excepcionais e imprevisibles fóra do seu control razoable cuxas consecuencias foran inevitables, a pesar de todos os esforzos por evitalas.

Como medio de proba das operacións realizadas a través de Banca Telefónica, o Titular e, se for o caso, os beneficiarios autorizan o Banco a manter un rexistro informático de todas as conversas tele-

fónicas e comunicacións electrónicas, e a conservar o soporte magnético correspondente.

Sen prexuízo do anterior, Triodos Bank poderá requirir a sinatura autógrafa do titular, a introdución da chave secreta (PIN) da tarxeta ou calquera outro sistema de identificación pactado, consonte as condicións específicas de uso das tarxetas con tecnoloxía contactless, vixentes en cada momento e país, e en todo caso, o Banco poderá esixir, por motivos de seguridade, calquera dos anteriores medios de identificación do titular que está a utilizar a tarxeta. Así mesmo, o titular da tarxeta acepta todas as operacións realizadas a través das tarxetas con tecnoloxía contactless nas que o Banco non esixa o uso dun medio de identificación do titular da tarxeta.

8. LÍMITES DA TARXETA

Cada unha das Tarxetas contratadas ao abeiro deste Contrato ten sinalados uns límites operativos de disposición cuxas respectivas contías non deberán ser excedidas. Os devanditos límites están expresados no punto «Límite de disposición» das Condicións Particulares.

Este límite de crédito pode ser modificado polo Banco previa avaliación das condicións de solvencia do Titular e consonte o disposto neste Contrato, coa notificación previa ao Titular seguindo o procedemento establecido na condición décimo séptima. Para os supostos nos que o límite de crédito solicitado polo Titular sexa superior ao concedido inicialmente, o Banco poderá solicitar a ampliación de garantías que se han constituír para cubrir a ampliación de responsabilidades.

A medida que o Titular amortice a débeda existente na Conta polas operacións realizadas, restáurase o saldo dispoñible.

O Titular autoriza o Banco para atender os pagamentos derivados das transaccións realizadas, aínda que supere o límite de crédito concedido. No caso dos excedidos do límite de crédito ou de cantidades debidas dentro dese límite de crédito que non fosen satisfeitos na data de pagamento debida, non caberá a posibilidade, agás de existir acordo entre as partes, de pagamento adiado pola contía que exceda o límite de crédito ou que resultara non pagada na data debida. A devandita contía, que será esixida polo Banco desde que teña coñecemento do excedido, deberá ser aboada na súa totalidade na seguinte data de pagamento.

Nestes supostos, aplicaráselle ao Titular a comisión correspondente (por excedido en Tarxeta ou por recibo non pagado) establecida nas Condicións Particulares e cuxo cargo na Conta se realizará unha vez producido o excedido sobre o límite de crédito ou do impagamento, despois de realizar o Banco xestións personalizadas co Titular para obter o pagamento da débeda.

Para a extracción de efectivo en caixeiros automáticos, o Titular ou os beneficiarios non poderán exceder o importe máximo establecido como límite diario de efectivo, cuxa contía se establece nas Condicións Particulares.

9. REEMBOLSO.

Defínese como o saldo disposto en cada momento, a suma i) das operacións realizadas pendentes de reembolso e ii) das comisións e xuros devindicados pendentes de pagamento.

As contías que o Titular deba ao Banco como saldo disposto, e que se reflicten no extracto que pon mensualmente á súa disposición o Banco, hanse satisfacer na data de cargo conforme ao sistema de pagamento elixido polo Titular ou os beneficiarios, de entre aqueles que o Banco poña á súa elección no momento da liquidación das operacións que se realicen, que será un dos seguintes:

a) Sistema de pagamento ao contado, en virtude do cal o Titular satisfai o importe total da débeda na data de cargo pactada.

b) Sistema de pagamento adiado, en virtude do cal o Titular apraza o pagamento da débeda, total ou parcialmente, e amortízao periodicamente de acordo coa modalidade escollida dentro das seguintes, cos mínimos e máximos mensuais fixados nas condicións particulares do presente contrato:

(i) como unha porcentaxe do saldo disposto (adiado porcentaxe). O Banco realizará un cargo mensual que inclúe xunto ao importe resultante de aplicar a porcentaxe acordada ao saldo disposto, os xuros e comisións xerados durante o mes.

(ii) como contía fixa mensual (adiado fixo). Cargarase mensualmente na Conta Asociada o importe fixo acordado, que incluírá os xuros e comisións xerados durante o mes.

iii) utilizando o sistema de compra personalizado que o Banco poida ter pactado cos establecementos, mediante o cal o Titular poderá elixir para cada operación de compra o adiamento do pagamento que

desexe realizar.

A utilización do servizo de pagamento adiado devindicará xuros de adiamento a favor do Banco á taxa nominal acordada nas Condicións Particulares. Os xuros das cantidades adiadadas liquídanse por meses vencidos e resultan da seguinte fórmula: $Xuros = cd \times n \times i / 3000$, na que $\langle cd \rangle$ é o saldo pendente das operacións cuxa cantidade é adiaada, $\langle n \rangle$ equivale a 31 e $\langle i \rangle$ é a taxa de xuro mensual aplicable en tanto por un.

Para o cumprimento da súa obriga de pagamento da débeda pendente que reflicta mensualmente o extracto posto á disposición polo Banco, o Titular deberá efectuar a oportuna provisión de fondos na Conta antes da data límite indicada no extracto para que lle sexa cargado o importe.

O Banco poderá concederlle ao Titular, en determinados momentos e para períodos de tempo definidos, adiamentos de pagamento do crédito disposto, sen prexuízo de que tales cantidades devindiquen xuros ao tipo pactado durante o tempo que dure o adiamento de pagamento, así como a correspondente comisión por adiamento de pagamento establecida nas Condicións Particulares. Os devanditos adiamentos fixaranse conforme ás seguintes condicións:

a) A liquidación de xuros realizarase conforme o establecido neste Contrato e o seu pagamento farase efectivo no primeiro mes que corresponda conforme ao pactado ou, na súa falta, unha vez rematado o período de adiamento de pagamento concedido.

b) O Titular deberá estar ao corrente dos pagamentos que lle correspondan conforme ao presente Contrato

no momento de realizar as liquidacións.

c) O importe do saldo disposto que correspondería amortizar durante o período de adiamento mantense como non amortizado e, como tal, será considerado na seguinte liquidación.

Adicionalmente, o Titular poderá reembolsar anticipadamente, de forma total ou parcial e en calquera momento, o importe endebedado. Nese caso, terá dereito a unha redución do custo total do crédito que comprenda os xuros e custos, mesmo se estes xa foran pagados, correspondentes á duración do contrato que quede por esgotar. Para levar a cabo a amortización anticipada, o Titular deberá comunicar a súa intención á entidade usando os medios descritos na cláusula 21^a, para os efectos de que o Banco lle informe da operativa a seguir para realizar o reembolso. Realizado o reembolso anticipado, e durante toda a vida do crédito, o Titular ten dereito a solicitar, gratuitamente, un extracto de conta en forma de cadro de amortización.

10. TAXA ANUAL EQUIVALENTE (TAE).

No caso das tarxetas de crédito cuxo titular sexa un consumidor, a Taxa Anual Equivalente calculase consonte a fórmula contida no artigo 32, anexo I, da Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo (BOE 151) e o establecido na Circular 5/2012, do 27 de xuño, do Banco de España, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios (BOE 161), tendo en conta e conforme ás posibles modificacións posteriores na normativa vixente

en cada momento.

As hipóteses utilizadas para o cálculo da TAE foron as seguintes: i) que o Titular dispuxo de forma inmediata do total do límite de crédito establecido nas condicións particulares, ii) que o crédito se reembolsa en 12 cotas mensuais iguais a partir da data de disposición e que co último pagamento final se liquida o capital, os xuros e comisións, iii) que se mantén durante todo o período a taxa de xuro pactada e o resto de condicións establecidas nas condicións particulares, iv) que a base cómputo de tempo é dun ano de 365 días, e v) que o crédito se mantén vixente durante o período de tempo acordado, cumprindo as partes as obrigas establecidas no contrato.

11. UTILIZACIÓN NO ESTRANXEIRO

Para a carga das sumas derivadas da utilización das Tarxetas no estranxeiro, aplicarase o cambio a euros sobre a divisa do país de orixe da transacción correspondente, no día no que o Banco satisfaga o importe da operación.

O cambio será incrementado coas comisións que para este tipo de operacións teña establecidas o Banco, nos termos recollidos no Libro de Tarifas, Comisións, Condicións de valoración e Gastos repercutibles que se atopa á disposición do Titular no mesmo acto de sinatura deste Contrato. O Titular e os beneficiarios, de habelos, deberán axustarse sempre á normativa legal vixente en canto aos límites fixados polas autoridades monetarias para gastos no exterior, así como ao réxime vixente sobre control de cambios. Neste suposto, o Banco declina calquera responsabilidade que puidese derivar deste incumprimento. A xustificación

dos gastos ou pagamentos realizados, ao exterior ou no exterior, realizaraa o Titular ante as autoridades que o requiran, sen obriga ningunha por parte do Banco.

O Titular acepta a posibilidade de que a data de realización da operación e a data da súa inscrición no apunte oportuno poderán diferir no tempo debido ao propio funcionamento do sistema operativo da Tarxeta.

12. ENVÍO DE EXTRACTOS.

O Banco porá á disposición do Titular e dos beneficiarios das Tarxetas, mediante medios ou formatos electrónicos que lle permitan ao Titular o seu almacenamento e conservación en soporte duradeiro, un extracto das operacións efectuadas desde o peche da información anterior e do saldo pendente de pagamento e, desde ese mesmo momento, poderá efectuar o cargo da cantidade indicada no extracto, conforme á forma de pagamento que teña establecida co Titular.

Se no prazo de trinta (30) días naturais desde a data de emisión destas informacións non se recibise reclamación escrita do Titular a respecto do seu contido, considerarase que o extracto indicado recibiu a conformidade daquel. En caso contrario, de se producir unha reclamación por parte do Titular ou dos beneficiarios e de comprobar que houbo un erro, os asentamentos correspondentes serán rectificadas e corrixidos coa data de valoración na que se fixera o cargo.

13. ESIXIBILIDADE DO SALDO DAS TARXETAS.

O Titular está obrigado ao pagamento de cantas cantidades deba ao Banco por calquera concepto, en relación coa

emisión, disposición e utilización tanto da Tarxeta como das Tarxetas adicionais.

En caso de impagamento do importe total da débeda no sistema de reembolso ao contado, de impagamento de tres cotas mensuais (consecutivas ou non) ou de impagamento da última cota do sistema de reembolso adiado, o Banco poderá declarar esixible inmediatamente o saldo total da Tarxeta, así como todas as cantidades debidas polo Titular en virtude do pactado neste Contrato.

Os contratantes pactan expresamente que constituirá proba suficiente da cantidade reclamada a certificación expedida polo Banco, expresando o saldo debido unha vez practicada a correspondente liquidación, tal como se reflicte na Conta da Tarxeta. O saldo debedor así determinado terá a consideración de cantidade líquida e esixible para os efectos do pagamento, recoñecéndolle por anticipado plena eficacia en caso de xuízo. Para a reclamación xudicial da débeda polo Banco, bastará a certificación descrita no parágrafo anterior, así como un exemplar do Contrato.

14. COMPENSACIÓN.

Cando as obrigas derivadas deste Contrato resulten esixibles polo Banco, este poderá i) dispor dos saldos das contas correntes, contas de aforro ou calquera outro depósito de efectivo abertas no Banco a nome do Titular, tanto se están só ao seu nome como de forma solidaria ou mancomunada con terceiras persoas; ii) imputar as cantidades que reciba ao pagamento das obrigas dimanantes do presente Contrato ou, de ser o caso, ao pagamento de calquera outra obriga contraída polo Titular co Banco, aínda

que no momento de efectuarse o pagamento se realizase imputación distinta da que o Banco leve a cabo con posterioridade; e iii) en caso de que se producisen demoras no pagamento, tanto do principal coma dos xuros, comisións e gastos previstos neste Contrato, proceder á venda polo mellor dos valores ou certificados depositados no Banco a nome do Titular. O Banco poderá subscribir aqueles documentos que sexan necesarios para os ditos fins e aplicará o importe obtido á cancelación total ou parcial das súas débedas por razón deste Contrato se, logo de lle notificar o Banco ao Titular a súa intención de proceder á devandita venda, nos tres (3) días hábiles seguintes, non se producise o completo pagamento de calquera obriga contraída polo Titular ou polos beneficiarios en virtude deste Contrato. Durante este prazo, o Banco contará co dereito de retención sobre os referidos valores ou certificados.

As posicións acreedoras que o Titular manteña co Banco, calquera que sexa a súa natureza, garanten as debedoras. Esta garantía abrangue, de ser o caso, todos os Titulares do Contrato e todas as posicións destes, mesmo as que poidan ter mancomunada ou solidariamente con terceiros.

15. CONSECUENCIAS D IMPAGAMENTO. XUROS DE MORA.

Para aquelas cantidades debidas ao Banco como consecuencia da utilización das Tarxetas, incluídos gastos e comisións que non sexan reembolsados dentro do prazo fixado, o Banco aplicará a taxa de xuro nominal de mora establecida nas Condicións Particulares deste

Contrato, liquidable da mesma maneira que os xuros ordinarios.

Todo iso sen prexuízo da facultade que asiste ao Banco de resolver este Contrato.

En caso de recibos non pagados aplicarase ao Titular a comisión por recibo non pagado establecida nas Condicións Particulares, que se aplicará unha vez efectuados requirimentos e xestións personalizadas co titular para conseguir o pagamento da débeda. Así mesmo, de se producir o incumprimento das obrigas de pagamento do Titular, os seus datos poderán ser comunicados a ficheiros de solvencia patrimonial e crédito consonte o establecido no apartado PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS das presentes Condicións Xerais, así como na normativa vixente.

16. COMISIÓNS E GASTOS.

Serán aplicables as comisións ou gastos que se consignan nas Condicións Particulares deste Contrato, consonte as seguintes condicións e as establecidas no Libro de tarifas e comisións do Banco:

- a) Comisión por emisión ou mantemento. Cobrarase coincidindo coa data de apertura da Tarxeta e os seus sucesivos aniversarios.
- b) Comisión por disposición de efectivo. A comisión cargarase xunto co importe de efectivo retirado ou na seguinte liquidación practicada.
- c) Comisión por excedido en tarxeta. Cobrarase sobre a cantidade excedida.
- d) Comisión por reclamación ou xestión de cobro de posicións debedoras vencidas: por cada xestión de cobro

que se emprenda sobre unha cantidade debida polo Titular do Cartón que resulte esixible, e sobre cada nova posición debedora, sempre que tal reclamación ou xestión de cobro realícese, percibirase por unha soa vez, en concepto de gastos de xestión de cobro, unha comisión na contía precisada nas Condicións Particulares.

e) Comisión por duplicado de tarxeta. Cobrarase coincidindo coa data de solicitude do duplicado.

f) Comisión por cambio de divisa. Cobrarase sobre o importe que resultar do contravalor en euros da transacción en divisas segundo o cambio obtido polos Sistemas de Pagamento na data de liquidación.

g) Comisión por amortización anticipada en tarxetas con pagamento adiado. Cobrarase esta comisión no suposto de que o Cliente decida cancelar anticipadamente, pagando o importe das cotas pendentes antes do seu vencemento.

h) Comisión de xestión de adiamento de pagamento. Aplícase aos Clientes con Tarxeta con pagamento total á fin do mes que acepten ofertas puntuais que o Banco lles faga para se acoller á posibilidade de adiar a varios meses o pagamento do saldo pendente na súa tarxeta ou de operacións concretas.

O Banco poderá repercutir no Titular os gastos de correo, teléfono, SMS, télex, telefax ou semellantes que se ocasionen como consecuencia do presente Contrato, segundo os importes que aparecen desagregados no Libro de Tarifas.

17. MODIFICACIÓN DE CONDICIÓN.

Dada a duración indefinida do contrato, o Banco reservase a facultade de modificar a taxa de xuro nominal, os períodos de liquidación, as comisións e gastos repercutibles, o límite de crédito e en xeral calquera modificación das condicións contractuais. As modificacións comunicaránselle ao Titular de xeito individualizado en papel ou noutro soporte duradeiro, cunha antelación de dous (2) meses á aplicación destas. Se as modificacións implicasen un beneficio para o Titular, a súa aplicación poderá ser inmediata. Sen prexuízo do anterior, a modificación será notificada na primeira comunicación dirixida ao Titular. Considerarase que o Titular acepta as modificacións das condicións establecidas a menos que lle notifique o contrario ao Banco con anterioridade á data proposta para a entrada en vigor das modificacións, sen que se apliquen, neste suposto de cancelación, as novas condicións comunicadas. Neste caso, procederase a resolver o presente Contrato de forma inmediata e sen custo ningún para o Titular, sen prexuízo da obriga do Titular de reembolsar o importe da débeda existente nesa data xunto coas comisións e gastos pendentes de pagamento.

18. DEREITO DE DESISTENCIA.

Consonte o establecido no artigo 28 da Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo, disporá dun prazo de catorce (14) días naturais, desde o momento da súa subscripción, para desistir deste Contrato sen necesidade de indicar motivo e sen penalización ningunha.

Se o Titular exercese o seu dereito de desistencia, deberá:

a) Notificarlo ao banco mediante carta certificada con xustificante de recepción ao enderezo indicado na cláusula vixésimo primeira. Considerarase que se respectou o prazo e, en consecuencia, a desistencia producirá efecto se a notificación se enviou antes da expiración do indicado prazo de catorce (14) días naturais.

b) Pagarlle ao Banco o capital e o xuro acumulado sobre o capital disposto entre a data de posta á disposición de fondos por parte do Banco e a data de reembolso do capital por parte do Titular, sen ningún atraso indebido, como moi tarde aos trinta (30) días de lle enviar a notificación de desistencia ao Banco.

Os xuros debidos calcularanse sobre a base do tipo debedor acordado nas Condicións Particulares. O Banco non terá dereito a lle reclamar ao Titular ningunha outra compensación en caso de desistencia, agás a compensación dos gastos non reembolsables aboados polo Banco á Administración pública.

19. BLOQUEO E RESOLUCIÓN ANTICIPADA.

O Banco poderá bloquear a tarxeta e suspender temporal ou definitivamente o presente contrato: a) de se producir un cambio na situación persoal, laboral, económica e/ou patrimonial do Titular que a xuízo do Banco supoña, conforme o establecido na Norma 12ª da Circular 5/2012 do Banco de España, un cambio significativo nas circunstancias de solvencia ou capacidade de pagamento do Titular, b) de se producir algún incum-

primento das obrigas de pagamento do Titular, c) no caso de que existan sospeitas da utilización non autorizada ou fraudulenta da Tarxeta. O bloqueo comunicarase, de ser posible, antes de se producir e, de non selo, inmediatamente despois de ser efectivo.

Serán causas de resolución do Contrato as establecidas no parágrafo anterior e o incumprimento de calquera das obrigas contidas no Contrato, especialmente as de pagamento consonte o establecido na cláusula décimo terceira, as de mantemento dos requisitos de garantía e permanencia de fondos previstas na cláusula sexta, así como a obriga do Titular de manter os niveis de solvencia para a cobertura do risco establecidos polo Banco ao inicio da relación contractual.

20. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS.

1. En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o(s) asinante(s) do presente contrato queda(n) informado(s) e consente(n) expresamente que os datos de carácter persoal facilitados neste documento, incluídos o teléfono móbil e o enderezo de correo electrónico, así como os obtidos como consecuencia deste e da relación establecida entre as partes, queden incorporados a ficheiros dos que é responsable Triodos Bank NV S.E., e que están debidamente inscritos no Rexistro Xeral de Protección de Datos perante a Axencia Española de Protección de Datos. Triodos Bank NV S.E. garante que, no tratamento destes datos, se han seguir todas as prescricións establecidas na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal

(actualmente, a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e o Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro).

2. O Titular autoriza expresamente que Triodos Bank NV S.E. utilice os datos facilitados coa presente solicitude, calquera outro de que dispoña o Banco, e que solicite información relativa aos seus antecedentes crediticios procedente de calquera persoa ou entidade pública ou privada que resulte pertinente; en concreto, da Central de Información de Riscos do Banco de España e dos servizos de información de ASNEF/Equipax, Experian, Badexcug, RAI ou daqueles de similares características que no futuro puidesen substituílos, coa finalidade de analizar a solicitude de crédito e, de ser o caso, de xestionar futuras modificacións do crédito ou dos seus límites. O Titular consente expresamente calquera comunicación, tratamento ou cesión de datos aos citados ficheiros sobre solvencia patrimonial e de xestión do risco crediticio, e queda especificamente informado de que o incumprimento das obrigas contractuais poderá dar lugar á declaración da débeda contraída con Triodos Bank NV S.E.

3. De se aprobar a solicitude, o Titular e o resto dos asinantes prestan o seu consentimento inequívoco para que os seus datos de carácter persoal sexan tratados coas seguintes finalidades:

a) A xestión dos trámites de contratación dos produtos ou servizos do Banco solicitados, b) a emisión de tarxetas bancarias e contratos de afiliación aos programas de tarxetas do sistema 4B, Servired ou calquera outro que puidese aparecer no futuro, c) a execución de operacións solicitadas por calquera medio, incluída a gravación das conversas telefónicas,

d) a operativa interna das transaccións do Cliente, e) o servizo de Atención ao Cliente, a xestión dos mecanismos de identificación e os sistemas de claves de clientes, así como o mantemento da relación Banco-Cliente, f) levar a cabo o envío de avisos ou alertas relativas á súa actividade financeira ao seu teléfono móbil, correo electrónico ou calquera outra canle que nun futuro puidese incorporar Triodos Bank NV S.E. para a remisión das mesmas.

4. Igualmente autorízase expresamente que Triodos Bank NV S.E. a) trate os datos recollidos cunha finalidade comercial, financeira, operativa e estatística por Triodos Bank NV S.E.; realice valoracións de risco, así Triodos Bank NV, Sucursal en España, c/ José Echegaray 5, 28230 Las Rozas (Madrid). Teléfono: 902 360 940. Rexistro Mercantil de Madrid: Tomo 19.798, Libro 0, Folio 180, Sección 8, Folla M-348646 e no Banco de España co nº 1491. CIF W0032597G

como a extracción, almacenamento de datos e estudos de marketing, co fin de adecuar as ofertas comerciais ao perfil particular do Cliente e para o envío de comunicacións comerciais electrónicas, b) realice tratamentos de prospección comercial e utilización de sistemas, automáticos ou non, que impliquen a emisión do perfil do Cliente obtida a través dos seus datos e de datos estatísticos, c) envíe ao Titular publicidade e información, por calquera medio, sobre os produtos e servizos ofrecidos polo Banco e sobre os produtos e servizos das entidades do Grupo Triodos (en particular a Fundación Triodos), todas do ámbito financeiro, social, cultural e ambiental. O Titular e os asinantes expresamente autorizan que esta información poida ser remitida

por medio de correo electrónico, a través de teléfono móbil ou doutro medio de comunicación electrónica equivalente para os efectos do art. 21 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información ou doutras canles.

No caso de que o Titular non desexe que os seus datos sexan tratados ou cedidos coas anteriores finalidades, deberá marcar a casa establecida nas Condicións Particulares.

Así mesmo, poderá revogar o seu consentimento para a finalidade indicada comunicándoo ao Banco, en calquera momento, a través de correo electrónico dirixido ao enderezo info@triodos.es ou chamando aos teléfonos 902 360 940 ou 91 640 46 84.

5. Infórmase ao Titular de que o Banco está legalmente obrigado a declarar á Central de Información de Riscos do Banco de España (CIRBE) os datos necesarios para identificar as persoas físicas ou xurídicas coas que mantén, directa ou indirectamente, riscos de crédito, así como as características das ditas persoas e riscos, incluíndo, en particular, as que afectan ao importe e a posibilidade de recuperación destes. Entre estes datos incluíranse aqueles que reflectan unha situación de incumprimento das súas obrigas respecto do Banco, así como os que poñan de manifesto unha situación na que o Banco estivese obrigado a dotar unha provisión específica en cobertura de risco de crédito, segundo o previsto nas normas de contabilidade que resulten aplicables ao Banco. Da mesma forma, no caso de incumprimento das obrigas de pagamento derivadas do presente contrato, o Banco poderá comunicar a débeda xerada a ficheiros de solvencia patrimonial, previo cumpri-

mento das obrigas establecidas para ese efecto pola normativa de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, infórmase de que Triodos Bank NV S.E. e os demais prestadores de servizos de pagamento, así como os propios sistemas de pagamento e prestadores de servizos tecnolóxicos relacionados aos que se transmitan os datos para levar a cabo cada transacción, poden estar obrigados pola lexislación do Estado no que estean situados ou por acordos concluídos por este, a facilitar información sobre transaccións pecuniarias ás autoridades ou organismos oficiais doutros países, situados tanto dentro coma fóra da Unión Europea, no marco da loita contra o financiamento do terrorismo e formas graves de delincuencia organizada, así como da prevención do branqueo de capitais.

6. O Titular e os asinantes deberán comunicarlle, por escrito ou con claves telefónicas, a Triodos Bank NV S.E. cantas modificacións se produzan nos seus datos persoais, tan pronto se produzan, coa finalidade de mantelos actualizados. Triodos Bank NV S.E. non será responsable das consecuencias que se puidesen derivar para o(s) asinante(s) da súa falta de dilixencia na actualización dos referidos datos.

7. En cumprimento do principio de calidade dos datos, informámolo de que Triodos Bank NV S.E. manterá e conservará a información consignada coas finalidades descritas por un período de dez (10) anos, computables desde a resolución e a finalización do último contrato ou relación de negocio suscrito co Cliente. Unha vez transcorrido o devandito prazo, os seus datos serán destruídos e garantiráselle a súa confidencialidade tanto no trata-

mento coma na posterior destrución.

8. De desexar o Titular ou calquera dos asinantes exercer os seus dereitos de cancelación, oposición, rectificación ou acceso conforme a normativa aplicable, poderán dirixirse ao responsable do ficheiro.

Triodos Bank NV Sucursal en España, no seguinte enderezo: calle José Echegaray, 5. Parque Empresarial Las Rozas, 28232 Las Rozas (Madrid), achegando copia do seu DNI ou documento análogo en vigor.

21. COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS.

Todas as comunicacións que deban realizar as partes entre elas faranse, por parte do Titular: i) por escrito dirixido a Triodos Bank NV S.E., calle José Echegaray nº 5, Las Rozas de Madrid, 28232, Madrid, ii) telefonicamente, chamando aos teléfonos 916404684 ou 902360940; e por parte do Banco: i) por escrito dirixido ao enderezo de correo postal e/ ou ao enderezo de correo electrónico facilitados polo Titular, así como á caixa de correo persoal de que dispón o Titular na páxina web do Banco (www.triodos.es).

Para os efectos da validez do presente Contrato, as partes sinalan como domicilio válido para as notificacións, requirimentos e dilixencias que resulten pertinentes os respectivos que figuran nas Condicións Particulares subscritas co Titular. En particular, o Titular autoriza expresamente que o Banco poida realizar as devanditas notificacións mediante un medio fiable, auditable e independente da entidade notificante ou de forma certificada xa for mediante envío postal ou electrónico ao enderezo postal ou electrónico, ou ao número de

móbil indicado no presente contrato.

22. CESIÓN DE CRÉDITO.

O Titular faculta expresamente ao Banco a que poida ceder o crédito derivado do presente contrato a un terceiro, que asumirá a posición de acredor fronte ao Titular, conforme o establecido nos artigos 347 e seguintes do Código de Comercio, o Código Civil e a Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento en relación coa comunicación da cesión ao Titular.

23. LEI APLICABLE, XURISDICCIÓN E COMPETENCIA.

Este contrato rexerese pola lexislación española e as partes sométense aos xulgados e tribunais que correspondan consonte a lexislación aplicable.

24. CONDICIÓNS XERAIS DA CONTRATACIÓN.

As partes conveñen que as condicións precedentes recollidas no presente Contrato, agás as expresamente cualificadas como Condicións Particulares, deben ser consideradas como Condicións Xerais de contratación para os efectos sinalados na Lei 7/1998, do 13 de abril, de condicións xerais da contratación, as cales se incorporan a este Contrato por seren expresamente comprendidas e aceptadas polo Titular e os beneficiarios, se for o caso, na súa condición de adherentes, tras ser expresa e previamente informados da súa existencia por parte do Banco, na súa condición de predisponentes.

25. SERVIZO DE ATENCIÓN AL CLIENTE, QUEIXAS E RECLAMACIÓNS.

O Banco dispón dun Servizo de Atención ao Cliente ao que lle corresponde resolver, nun prazo máximo de un mes, as queixas e reclamacións dos seus Clientes. O Cliente deberá dirixir a dito Servizo as súas queixas e reclamacións con carácter previo á interposición da súa reclamación ante o Departamento de Conduta de Mercado e Reclamacións do Banco de España.

O Banco dispón dun Regulamento do Servizo de Atención ao Cliente, que ten por finalidade regular este Servizo e a forma de presentar, atender e resolver as queixas e reclamacións. Este regulamento está a disposición dos clientes na páxina web e en todas as oficinas do Banco. As queixas e reclamacións deberán presentarse, por escrito: nas oficinas do Banco; por correo postal dirixido a TRIODOS BANK NV S.E., Servicio de Atención ao Cliente, calle José Echegaray, nº 5, 28232 Las Rozas (Madrid); ou escribindo ao correo electrónico: reclamaciones@triodos.es.

26. REGULACIÓN DA PREVENCIÓN DO BRANQUEO DE CAPITAIS.

O Cliente queda informado das obrigas que afectan a entidade en relación coa regulación vixente en materia de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, relativas á identificación do Cliente e ao coñecemento da titularidade real, das actividades económicas e da orixe dos fondos, así como da necesida-

de de aplicar as medidas de dilixencia debida en relación co coñecemento e co seguimento continuo da relación de negocio.

Por tanto, o Cliente queda obrigado a lle proporcionar ao Banco toda a información e documentación necesaria derivada do cumprimento das obrigas anteriores. O incumprimento dos citados requirimentos poderá implicar a resolución da relación de negocio co Cliente, así como, se for o caso, a non execución de determinadas ordes. Para estes efectos, o Cliente acepta as seguintes obrigas, medidas e autorizacións derivadas da normativa de branqueo de capitais:

- a) O Cliente asume que, de non atender debidamente os requirimentos documentais sobre identificación, titularidade real ou orixe dos fondos, ou de se apreciar riscos relacionados coa normativa de branqueo derivados das operacións efectuadas polo Cliente, o Banco poderá bloquear a operativa das contas e cancelar os contratos de produto que manteña contratados.
- b) Triodos Bank NV S.E. queda autorizado polo Cliente para solicitar de calquera entidade pública ou privada información sobre a actividade ou identidade do Cliente.
- c) O Cliente asume a obriga, de ser requirido con ese fin polo Banco, de aportar Fe de Vida ou documento similar, ou de presentarse nunha das oficinas do Banco para os efectos de confirmar a súa identidade e supervivencia.

// anexo L

Cuenta Plan

1.- O obxecto do presente contrato é a apertura polo titular dunha conta (denominada en diante conta Plan) destinada a dar soporte á contratación dun Plan de Pensións do sistema individual comercializado por Triodos Bank. Cuenta Plan regularase polo establecido no presente contrato e no Contrato Global Triodos Bank NV, S.E.. Cuenta Plan estará asociada a unha conta corrente de Triodos Bank NV, S.E., que recollerá as operacións relacionadas co Plan de Pensións.

2.- Cuenta Plan só pode ter un titular que deberá coincidir con quen ordene a contratación do Plan de Pensións (en diante o partícipe). O partícipe poderá solicitar que a Entidade Xestora e a Depositaria expidan as correspondentes certificacións de pertenza ao Plan, así como das achegas realizadas ao mesmo.

Para que, conforme á lexislación vixente, terceiros distintos do titular poidan realizar achegas ao Plan, será necesario que o titular comunique a Triodos Bank NV, S.E., a identidade dos devanditos terceiros e acredite que cumpren os requisitos legais para realizar achegas a plans de pensións por conta do partícipe.

O titular deberá comunicar a Triodos Bank NV, S.E., a identidade e documentación requirida daqueles terceiros designados para recibir as prestacións do Plan de Pensións (beneficiarios), así como

comunicar calquera cambio que se produza na designación de beneficiarios. En caso de non comunicarse expresamente a identidade dos beneficiarios, será considerados como tales os herdeiros legais do titular.

O titular responderá ante Triodos Bank NV, S.E., da veracidade dos datos consignados no presente contrato e de cuantos achegue durante a vixencia do mesmo.

Triodos Bank NV, S.E., resulta alleo a cantas cuestións poidan xurdir entre o titular da conta e os aportantes, así como entre o titular e as entidades xestora, promotora e depositaria do Plan de Pensións.

3.- O titular poderá utilizar calquera das canles postas á súa disposición por Triodos Bank NV, S.E., para efectuar a contratación do Plan de Pensións así como para efectuar achegas, percibir dereitos consolidados e dereitos económicos, de acordo coas condicións establecidas por Triodos Bank NV, S.E. para a utilización das devanditos canles e conforme á normativa vixente. O Titular deberá, para iso, subscribir cuantos documentos sexan establecidos para iso por Triodos Bank NV, S.E., e as entidades xestoras, promotoras e depositarias do Plan e Fondo de Pensións.

Para a execución de calquera orde de achega, o titular de conta ou no seu caso

os aportantes debidamente identificados deberán dispoñer da correspondente provisión de efectivo dispoñible e suficiente na conta corrente á que estea asociada a súa Cuenta Plan. O titular declara coñecer que as achegas anuais aos plans de pensións están limitadas pola normativa, polo que o titular deberá comunicar calquera exceso que se puido producir na achega ao Plan de Pensións.

Toda a operativa relacionada cun Plan de Pensións específico deberá respectar as súas respectivas especificacións e as normas de funcionamento do Fondo de Pensións no cal se integren para cumprir os seus fins.

O titular reconece e acepta expresamente que Triodos Bank NV,S.E., se reserva, o dereito de non tramitar e/ou executar aquelas ordes respecto das cales o titular non dispoña da provisión de efectivo antes indicada.

4.- O titular declara expresamente coñecer que as cantidades achegadas e o aforro xerado no Plan de Pensións destinaranse unicamente a cubrir as contingencias conforme establezcan as especificacións do Plan de Pensións e a normativa aplicable. En consecuencia, ditas cantidades só poderán facerse efectivas e, por tanto, dar lugar á cancelación do contrato de Cuenta Plan e á recuperación ou mobilización dos dereitos consolidados e dereitos económicos no Plan de Pensións do Partícipe cando se produza o feito que dea lugar á prestación, nos supostos excepcionais de liquidez, ou aos exclusivos efectos da súa integración noutro Plan de Pensións, conforme á normativa aplicable.

Igualmente o titular declara coñecer que o dereito de desistencia non é aplicable á

contratación de Plans de Pensións.

5.- A Entidade Xestora de cada Fondo de Pensións, facilitará aos partícipes e beneficiarios dos Plans de Pensións anualmente certificación das achegas realizadas en cada ano natural e o valor, ao fin de mesmo, dos seus dereitos consolidados así como a información fiscal necesaria. Igualmente enviaránlles, polo menos coa periodicidade establecida na normativa vixente, información sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no Plan, así como outros extremos en relación co mesmo que puidesen afectarlles.

